

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

9481 *Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.*

O texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, foi desenvolvido polo Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. As múltiples modificacións parciais que sufriu o citado regulamento, como por exemplo a última realizada mediante o Real decreto 62/2006, do 27 de xaneiro, que a adaptou ao sistema do permiso e licenza de condución por puntos, fan necesario ditar un novo Regulamento xeral de condutores que substitúa o vixente e que facilite o seu coñecemento e aplicación.

Por outra parte, a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución, para unha maior claridade, refundiu as distintas modificacións da Directiva 91/439/CEE do Consello, do 29 de xullo de 1991, sobre o permiso de condución, que, pola súa vez, foi incorporada ao noso dereito interno a través do vixente Regulamento xeral de condutores.

A Directiva 2006/126/CE, publicada no Diario Oficial de la Unión Europea o 30 de decembro de 2006, sinala como un dos seus primordiais obxectivos afondar no seu afán harmonizador das normas sobre o permiso de condución, perseguido xa, aínda que máis timidamente, pola Directiva 91/439/CEE, do 29 de xullo. Malia os avances conseguidos desde aquela, subsisten diferenzas significativas entre os Estados membros, particularmente as relativas á periodicidade na renovación dos permisos de condución, ás subcategorías de vehículos ou ao modelo comunitario de permiso. Neste último punto, hai que ter en conta que actualmente coexisten máis de 110 modelos e cómpre establecer definitivamente un modelo único, todo isto como elemento indispensable da política común que contribúa a aumentar a seguranza da circulación viaria e facilite, ademais, a libre circulación das persoas que se establecen nun Estado membro distinto daquel que expediu o permiso.

É, por tanto, obxecto deste regulamento, por unha parte, facer un desenvolvemento actualizado dos artigos 5 alíneas a), b) e h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, tras a súa última modificación pola Lei 17/2005, do 19 de xullo, e de parte do seu título IV, «Das autorizacións administrativas», en concreto dos artigos 59, 60, 63, 64, 65 e 67 e, por outra, traspasar á normativa española a Directiva 2006/126/CE, do 20 de decembro, do Parlamento Europeo e do Consello, nunha manifesta vontade de asumir con celeridade os principios que a inspiran.

Son novidades e obxectivos da citada directiva e, por tanto, deste regulamento:

O recoñecemento recíproco dos permisos de condución expedidos polos Estados membros, sinalando períodos de vixencia máis uniformes, dez anos para as categorías AM, A1, A2, A, B e B+E e cinco anos para as que autorizan a conducir camións e autobuses, así como para o BTP, permiso válido só no ámbito nacional que se inclúe por vez primeira e autoriza a conducir taxis e vehículos prioritarios e vehículos de transporte escolar de ata nove prazas.

O establecemento, por unha parte, dun modelo único de permiso de condución xa que, a partir da posta en aplicación da directiva e deste regulamento, só poderá ser expedido en tarxeta de plástico, de acordo co modelo que se recolle no anexo I de ambos os textos normativos, sendo progresivamente retirados os actualmente admitidos nos distintos Estados.

Por outra parte, o establecemento dunha rede europea, ou rexistro común de permisos de conducir, que permita aos Estados membros o necesario intercambio de información sobre os permisos que expedisen, trocasen, substituísen, renovasen ou anulasen.

Destaca a implantación do acceso progresivo como opción para obter os permisos de condución de determinados tipos de vehículos, como por exemplo o da nova clase de permiso A2 que autoriza a conducir motocicletas de potencia media.

Igualmente, prevese a posibilidade de autorizar co permiso de clase B a condución de conxuntos de vehículos que pasen de 3.500 kg, sen pasar dos 4.250 kg, tras a superación dunha proba de control de aptitudes e comportamentos que poderá ser substituída pola superación dunha formación específica, nos termos que se fixen por orde do ministro do Interior.

Así mesmo, créase unha nova categoría de permiso, esta si con eficacia no espazo comunitario, a clase AM, que substitúe a ata agora existente licenza para conducir ciclomotores, establecendo os quince anos como idade mínima para obtelo, e os dezaioito anos para que autorice a transportar pasaxeiros.

Nova e sen dúbida importante resulta a inclusión de normas referidas aos examinadores do permiso de condución, cuxa cualificación mínima se recolle no anexo IV da directiva e que tamén é obxecto dunha detallada descrición no anexo VIII deste regulamento, relativo ás condicións que debe reunir o persoal examinador, requisitos, a súa cualificación inicial e garantía de calidade.

Dáse con isto, por outra parte, cumprimento á previsión legal que na disposición adicional décimo primeira da Lei 17/2005, do 19 de xullo, se fai respecto da profesionalización, especialización e nivel requirido de formación dos empregados públicos, en particular daqueles que se ocupan da realización das probas de aptitude para a obtención de autorizacións administrativas para conducir, o cal redundará finalmente en lograr unha mellor seguranza viaria.

Son, ademais, nitidamente identificables neste novo regulamento outros tres obxectivos que o converten nunha norma de fácil manexo e de máis segura aplicación.

En primeiro lugar, pretende harmonizar, unificando gran parte da normativa sobre condutores, en exceso dispersa e, sen dúbida, prolífica, nun só texto, dotando así o sistema de maior certeza e consecuente seguranza xurídica.

En segundo lugar, simplifícanse os procedementos administrativos de condutores e elimínanse todos aqueles requisitos e exixencias aos cidadáns non acordes coa normativa actual.

Por último, elabórase o regulamento cunha estrutura xa ensaiada noutros e utilizada igualmente pola directiva europea sobre o permiso de condución, facéndoo máis racional. Descárgase de contido o articulado e lévase aos oito anexos de que consta, que poderán ser modificados por orde, todo aquilo que necesitaría, nun desenvolvemento posterior do real decreto, da aprobación de diversas ordes ministeriais, facilitando previsoramente así eventuais modificacións futuras.

Estrutúrase nun real decreto cun artigo único polo que se aproba este regulamento, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O regulamento divídese en cinco títulos, once disposicións adicionais, doce disposicións transitorias e oito anexos.

O título I, sobre as autorizacións administrativas para conducir, recolle as normas xerais e condicións para o outorgamento, validez, vixencia e prórroga destas. Regúlanse con especial minuciosidade as causas que poden dar lugar á declaración de perda de vixencia de tales autorizacións cando se constata a perda dos requisitos exixidos para o seu outorgamento ou da totalidade do crédito de puntos que un condutor teña asignado.

Regula, ademais, con suficiente nitidez todo o relativo aos permisos expedidos noutros Estados membros da Unión Europea ou que formen parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con estrita suxeición ás normas comunitarias e aos criterios da Sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 9 de setembro de 2004, así como os requisitos para a validez en España dos permisos expedidos en países terceiros.

Mellora a regulación da autorización especial para conducir os vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas, axustando esta ás novas disposicións do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR).

Por outra parte, suprímese a autorización especial para conducir vehículos que realicen transporte escolar ou de menores, por canto se impón como un requisito que dificulta o acceso a esta actividade pero sen que contribúa a aumentar a seguranza viaria con respecto ás demais autorizacións para conducir.

O título II, sobre o ensino da condución e as probas de aptitude para obter as autorizacións administrativas para conducir, logra unha importante clarificación ao descargar do articulado todo aquilo que, sobre a documentación que hai que presentar ou incluír nos expedientes, prevendo para isto métodos telemáticos, e sobre contido e forma de realizar as probas, tanto as de coñecementos como as de aptitudes e comportamentos, resulta susceptible de ser incluído nos anexos correspondentes.

O título III versa sobre os permisos de condución expedidos polas Forzas Armadas e a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e sobre a súa troca.

O título IV versa sobre infraccións e sancións para os preceptos deste regulamento, que se axustarán na súa tramitación e sanción aos preceptos do título V do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, en especial ao seu artigo 67.

Por último, o título V ocúpase do Rexistro de Condutores e Infractores, e prevé, como novidade, que se inclúa entre os seus datos o crédito de puntos de que dispón un condutor.

As once disposicións adicionais regulan distintos aspectos que son necesarios para completar e facer posible, conforme a normativa vixente, a aplicación do disposto no propio regulamento. As doce disposicións transitorias atrasan a aplicación dalgunhas das súas novidades ou, se é o caso, permiten que algunhas materias se sigan regulando pola normativa anterior durante un tempo.

Finalmente, os oito anexos referidos, respectivamente, ao permiso comunitario de condución; á licenza de condución, que quedou reducida só a dúas clases, para vehículos agrícolas e para persoas coa mobilidade reducida, así como ás outras autorizacións administrativas para conducir; á documentación necesaria para obter as distintas autorizacións; ás aptitudes psicofísicas que deben reunir os condutores; ás probas que se realizarán para obter as distintas autorizacións; á organización, desenvolvemento e criterios de cualificación destas probas; aos vehículos que se van utilizar; e, para terminar, o xa sinalado anexo VIII sobre o persoal examinador, veñen facer deste texto regulamentario un texto de fácil consulta e aplicación sinxela.

Cabe sinalar que a través dos anexos I e VII se traspuxo a Directiva 2008/65/CE, do 27 de xuño de 2008, pola que se modifica a Directiva 91/439/CEE, sobre o permiso de condución, respecto ao uso de vehículos sen pedal de embrague.

Este regulamento recibiu o informe do Consello Superior de Tráfico e Seguranza da Circulación Viaria, de conformidade co disposto no artigo 5.2.e) do Real decreto 317/2003, do 14 de marzo, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Superior de Tráfico e Seguranza da Circulación Viaria.

Así mesmo, recibiu o informe da Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5 b) do estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, que establece que emitirá informe preceptivamente sobre calquera proxecto de lei ou regulamento que incida na materia propia da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de maio de 2009,

DISPONGO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento xeral de condutores.

Apróbase o Regulamento xeral de condutores, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogados:

- a) O Código da circulación, aprobado polo Decreto do 25 de setembro de 1934.
- b) O Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.
- c) A Orde do 4 de decembro de 2000, pola que se desenvolve o capítulo III do título II do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.
- d) A Orde INT/3452/2004, do 14 de outubro, pola que se establece a implantación progresiva do permiso de condución en formato de tarxeta de plástico.
- e) A Orde INT/4151/2004, do 9 de decembro, pola que se determinan os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se consignarán nos permisos e licenzas de condución.

2. Derróganse, así mesmo, cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Execución e desenvolvemento deste regulamento.*

Facúltase o ministro do Interior, logo do informe dos ministros competentes por razón da materia, para ditar as disposicións que requira o desenvolvemento, execución, aclaración e interpretación deste regulamento.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para a modificación dos anexos.*

Facúltase o ministro do Interior, logo do informe dos ministros competentes por razón da materia, para modificar por orde os anexos deste regulamento. A modificación do anexo IV farase por orde da ministra da Presidencia por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Sanidade e Política Social.

Disposición derradeira terceira. *Licenza de condución acompañada.*

O Goberno poderá regular as condicións e os requisitos da licenza de condución acompañada para realizar a aprendizaxe na condución.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este regulamento dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1 21ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación do dereito comunitario.*

A través deste regulamento incorpóranse ao dereito interno a Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución e a Directiva 2008/65/CE, do 27 de xuño, pola que se modifica a Directiva 91/439/CEE, sobre o permiso de condución,

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de maio de 2009.

JUAN CARLOS R.

O MINISTRO DO INTERIOR,
Alfredo Pérez Rubalcaba

REGULAMENTO XERAL DE CONDUTORES

TÍTULO I

Das autorizacións administrativas para conducir.

Capítulo I

Do permiso e da licenza de condución.

Artigo 1. O permiso e a licenza de condución.

Artigo 2. Competencia para expedir os permisos e as licenzas de condución.

Artigo 3. Deberes dos titulares dun permiso ou dunha licenza de condución.

Artigo 4. Clases de permiso de condución e idade requirida para obtelo.

Artigo 5. Condicións de expedición dos permisos de condución.

Artigo 6. Clases de licenza de condución e idade requirida para obtela.

Artigo 7. Requisitos para obter un permiso ou unha licenza de condución.

Artigo 8. Solicitude do permiso ou da licenza de condución. Documentación que hai que presentar.

Artigo 9. Modelo do permiso e da licenza de condución.

Artigo 10. Variación de datos.

Artigo 11. Duplicados.

Artigo 12. Vixencia do permiso e da licenza de condución.

Artigo 13. Solicitude de prórroga da vixencia.

Artigo 14. Actuación da xefatura provincial de Tráfico.

Capítulo II

Dos permisos de condución expedidos noutros países.

Sección 1ª Dos permisos expedidos en Estados membros da Unión Europea ou en Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

Artigo 15. Validez do permiso de condución en España.

Artigo 16. Inscripción dos permisos de condución no Rexistro de Condutores e Infraactores.

Artigo 17. Substitución do permiso en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal polo correspondente español.

Artigo 18. Troca do permiso por outro español equivalente.

Artigo 19. Troca de oficio.

Artigo 20. Remisión do permiso trocado.

Sección 2ª Dos permisos expedidos en países terceiros.

Artigo 21. Permisos válidos para conducir en España.

Artigo 22. Troca dos permisos de condución polo seu equivalente español.

Artigo 23. Procedemento para solicitar a troca dos permisos de condución polo seu permiso equivalente español.

Sección 3ª Permiso de condución dos diplomáticos acreditados en España

Artigo 24. Obtención de permiso de condución español.

Capítulo III

Outras autorizacións administrativas para conducir.

Sección 1ª Da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

Artigo 25. Autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

Artigo 26. Requisitos para a súa obtención.

Artigo 27. Solicitude da autorización especial e documentación que hai que presentar.

Artigo 28. Vixencia da autorización especial e da súa prórroga.

Artigo 29. Ampliación da autorización especial.

Artigo 30. Entrega da autorización orixinal.

Sección 2ª Do permiso internacional para conducir.

Artigo 31. O permiso internacional para conducir.

Artigo 32. Requisitos para obter o permiso internacional para conducir.

Artigo 33. Expedición do permiso internacional para conducir.

Capítulo IV

Da nulidade ou lesividade e perda de vixencia das autorizacións administrativas para conducir.

Artigo 34. Declaración de nulidade ou lesividade.

Artigo 35. Declaración de perda de vixencia.

Artigo 36. Procedemento para a declaración de perda de vixencia pola desaparición dalgún dos requisitos exixidos para o seu outorgamento.

Artigo 37. Procedemento para a declaración de perda de vixencia pola perda total dos puntos asignados.

Artigo 38. Requisitos para recuperar o permiso ou a licenza de condución.

Artigo 39. Suspensión cautelar da vixencia do permiso ou da licenza de condución.

Artigo 40. Efectos da declaración de nulidade, lesividade, perda de vixencia ou suspensión cautelar do permiso ou da licenza de condución.

TÍTULO II

Do ensino da condución e das probas de aptitude que se realizarán para obter autorizacións administrativas para conducir.

Capítulo I

Disposicións xerais.

Artigo 41. Do ensino da condución.

Artigo 42. Obxecto das probas de aptitude.

Artigo 43. Probas que se realizarán.

Capítulo II

Das probas de aptitude psicofísica.

Artigo 44. Persoas obrigadas a someterse ás probas.

Artigo 45. Grupos de condutores.

Artigo 46. Permisos e licenzas de condución ordinarios e extraordinarios.

Capítulo III

Das probas que se realizarán para comprobar os coñecementos, aptitudes e comportamentos necesarios para conducir vehículos de motor e ciclomotores.

Sección 1ª Das probas que se realizarán para comprobar os coñecementos, as aptitudes e os comportamentos.

Artigo 47. Probas de control de coñecementos.

Artigo 48. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado.

Artigo 49. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

Artigo 50. Centro de exames en que se realizarán as probas.

Artigo 51. Convocatorias.

Artigo 52. Forma de realizar as probas de control de coñecementos.

Artigo 53. Cualificación das probas.

Artigo 54. Exencións.

Artigo 55. Outros requisitos para a realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

Artigo 56. Duración das probas.

Artigo 57. Interrupción das probas.

Artigo 58. Lugar de realización das probas de control de aptitudes e comportamentos. Sección 2ª Dos vehículos que se utilizarán nas probas.

Artigo 59. Requisitos xerais.

Artigo 60. Requisitos específicos.

Artigo 61. Vehículos adaptados.

Artigo 62. Verificacións.

Capítulo IV

Das probas que se realizarán para comprobar os coñecementos para obter ou prorrogar a autorización especial que habilita para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

Artigo 63. Probas de control de coñecementos sobre formación teórica.

Artigo 64. Probas de control sobre formación práctica.

Artigo 65. Centros en que se realizarán as probas e os exercicios prácticos.

Artigo 66. Convocatorias.

Artigo 67. Forma de realizar as probas.

Artigo 68. Cualificación e vixencia das probas e exercicios.

Artigo 69. Duración das probas.

Artigo 70. Exencións.

Artigo 71. Das probas que se realizarán para prorrogar a vixencia da autorización.

TÍTULO III

Dos permisos de conducción expedidos polas escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Artigo 72. Escolas e organismos autorizados para expedir permisos de conducción e a autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

Artigo 73. Troca dos permisos de conducción e da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

Artigo 74. Formación impartida polas escolas oficiais de policía.

TÍTULO IV

Das infraccións e sancións.

Artigo 75. Infraccións e sancións.

TÍTULO V

Do Rexistro de Condutores e Infractores.

Artigo 76. O Rexistro de Condutores e Infractores.

Artigo 77. Datos que deben figurar no Rexistro.

Artigo 78. Tratamento e cesión de datos.

Artigo 79. Dereitos dos interesados.

Disposición adicional primeira. Licenzas de conducción de ciclomotores expedidas con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.

Disposición adicional segunda. Residencia normal.

Disposición adicional terceira. Referencias ás xefaturas provinciais de Tráfico.

Disposición adicional cuarta. Transporte escolar ou de menores.

Disposición adicional quinta. Condicións básicas e de accesibilidade para as persoas con discapacidade.

Disposición adicional sexta. Datos persoais.

Disposición adicional sétima. Axuda mutua e utilización da rede do permiso de condución da Unión Europea.

Disposición adicional oitava. Permisos e licenza de condución expedidos en comunidades autónomas con lingua oficial propia.

Disposición adicional novena. Documentación do certificado de aptitude profesional.

Disposición adicional décima. Exercicio dos dereitos recoñecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional décimo primeira. Documentación que hai que presentar para a troca dos permisos de condución expedidos polas escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Disposición transitoria primeira. Equivalencia de permisos e licenzas de condución expedidos con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.

Disposición transitoria segunda. Equivalencia de permisos e licenzas de condución expedidos conforme un dos modelos previstos no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.

Disposición transitoria terceira. Licenza de condución de ciclomotores e permisos das clases A1 e A2.

Disposición transitoria cuarta. Permiso de condución da clase B1 (TA) restrinxido.

Disposición transitoria quinta. Permiso de condución da clase B.

Disposición transitoria sexta. Vehículos que se utilizan nas probas de control de aptitudes e comportamentos.

Disposición transitoria sétima. Examinadores.

Disposición transitoria oitava. Límite de raio de acción para os permisos de condución das clases D1 e D.

Disposición transitoria novena. Obtención de permiso de condución de clase AM.

Disposición transitoria décima. Cualificación das probas.

Disposición transitoria décimo primeira. Aplicación das novas características da proba de coñecementos.

Disposición transitoria décimo segunda. Persoal examinador.

ANEXO I

Permiso comunitario de condución.

ANEXO II

Licenza de condución e outras autorizacións para conducir.

ANEXO III

Documentación para obter as distintas autorizacións para conducir.

ANEXO IV

Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou da licenza de condución.

ANEXO V

Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións.

ANEXO VI

Organización, desenvolvemento e criterios de cualificación das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos.

ANEXO VII

Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos.

ANEXO VIII

Persoal examinador encargado de cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos

REGULAMENTO XERAL DE CONDUTORES

TÍTULO I

Das autorizacións administrativas para conducir

CAPÍTULO I

Do permiso e da licenza de condución

Artigo 1. *O permiso e a licenza de condución.*

1. A condución de vehículos de motor e ciclomotores polas vías e terreos a que se refire o artigo 2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, exixirá ter obtido previamente o permiso ou a licenza de condución, sen prexuízo das habilitacións complementarias que, ademais, de ser o caso, sexan necesarias.

2. Os permisos e licenzas de condución son de outorgamento e contido regrados e a súa concesión quedará condicionada á verificación de que os condutores reúnen os requisitos de aptitude psicofísica e os coñecementos, habilidades, aptitudes e comportamentos exixidos para a súa obtención que se determinan neste regulamento.

3. Cando sexa necesario, os permisos e licenzas de condución poderanse substituír provisionalmente por autorizacións temporais, as cales producirán idénticos efectos aos do permiso ou licenza de condución que substitúan.

4. Ningunha persoa poderá ser titular de máis dun permiso ou dunha licenza de condución expedido por un Estado membro da Unión Europea ou por un Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

No suposto de que algunha persoa estea en posesión de máis dun permiso de condución, seralle retirado o que proceda en función das circunstancias concorrentes, para a súa anulación, se está expedido en España, ou para a súa remisión ás autoridades do Estado que o tiver expedido.

Artigo 2. *Competencia para expedir os permisos e as licenzas de condución.*

Os permisos e licenzas de condución, así como as autorizacións administrativas que provisionalmente os substitúan, serán expedidos polas xefaturas provinciais de tráfico, con excepción dos que autorizan a conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Dirección Xeral de Policía e da Garda Civil.

Así mesmo, será expedido polas xefaturas provinciais de tráfico o permiso internacional para conducir regulado na sección 2ª do capítulo III do título I.

Artigo 3. *Deberes dos titulares dun permiso ou dunha licenza de condución.*

1. O titular dun permiso ou dunha licenza de condución, así como de calquera outra autorización ou documento que habilite para conducir, deberá facelo con suxeición ás mencións, adaptacións, restricións e outras limitacións respecto das persoas, vehículos ou de circulación que, se é o caso, figuren no permiso ou licenza de condución, de forma codificada segundo se determina no anexo I.

2. O condutor dun vehículo queda obrigado a estar en posesión e levar consigo o seu permiso ou licenza de condución, así como calquera outro documento ou autorización que, de acordo coa normativa vixente, necesite para poder conducir. Estes documentos deberán ser válidos, estar vixentes e deberanse exhibir ante os axentes da autoridade que o soliciten.

Artigo 4. *Clases de permiso de condución e idade requirida para obtelo.*

1. Todas as clases de permiso de condución de que sexa titular unha persoa deberán constar nun único documento con expresión das categorías de vehículos cuxa condución autorizan.

2. O permiso de condución será das seguintes clases:
- a) O permiso de condución da clase AM autoriza para conducir ciclomotores de dúas ou tres rodas e cuadrí-ciclos lixeiros, aínda que poderá estar limitado á condución de ciclomotores de tres rodas e cuadrí-ciclos lixeiros. A idade mínima para obtelo será de quince anos cumpridos. Non obstante, ata os dezaioito anos cumpridos non autorizará a conducir os correspondentes vehículos cando transporten pasaxeiros.
 - b) O permiso de condución da clase A1 autoriza para conducir motocicletas cunha cilindrada máxima de 125 cm³, unha potencia máxima de 11 kW e unha relación potencia/peso máxima de 0,1 kW/kg e triciclos de motor cuxa potencia máxima non exceda os 15 kW. A idade mínima para obtelo será de dezaseis anos cumpridos.
 - c) O permiso de condución da clase A2 autoriza para conducir motocicletas cunha potencia máxima de 35 kW e unha relación potencia/peso máxima de 0,2 kW/kg e non derivadas dun vehículo con máis do dobre da súa potencia. A idade mínima para obtelo será de dezaioito anos cumpridos.
 - d) O permiso de condución da clase A autoriza para conducir motocicletas e triciclos de motor. A idade mínima para obtelo será de vinte anos cumpridos pero ata os vinte e un anos cumpridos non autorizará a conducir triciclos de motor cuxa potencia máxima exceda os 15 kW.
 - e) O permiso de condución da clase B autoriza para conducir os seguintes vehículos:

Automóviles cuxa masa máxima autorizada non exceda os 3500 kg que estean deseñados e construídos para o transporte de non máis de oito pasaxeiros ademais do condutor. Estes automóviles poderán levar enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non exceda os 750 kg.

Conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto non exceda os 4250 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos.

Triciclos e cuadrí-ciclos de motor.

A idade mínima para obtelo será de dezaioito anos cumpridos. Non obstante, ata os vinte e un anos cumpridos non autorizará a conducir triciclos de motor cuxa potencia máxima exceda os 15 kW.
 - f) O permiso de condución da clase BTP, que só ten validez dentro do territorio nacional, autoriza para conducir vehículos prioritarios cando circulen en servizo urxente, vehículos que realicen transporte escolar cando transporten escolares e vehículos destinados ao transporte público de viaxeiros en servizo de tal natureza, todos eles cunha masa máxima autorizada non superior a 3500 kg, e cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non exceda nove. A idade mínima para obtelo será de dezaioito anos cumpridos.
 - g) O permiso de condución da clase B + E autoriza para conducir conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada non exceda os 3500 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos. A idade mínima para obtelo será de dezaioito anos cumpridos.
 - h) O permiso de condución da clase C1 autoriza para conducir automóviles distintos dos que autoriza a conducir o permiso das clases D1 ou D, cuxa masa máxima autorizada exceda os 3500 kg e non exceda os 7500 kg, deseñados e construídos para o transporte de non máis de oito pasaxeiros ademais do condutor. Estes automóviles poderán levar enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non exceda os 750 kg. A idade mínima para obtelo será de dezaioito anos cumpridos.
 - i) O permiso de condución da clase C1 + E autoriza para conducir os seguintes vehículos:

Conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase C1 e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto así formado non exceda os 12.000 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos.

Conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 3500 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto non exceda os 12.000 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos.

A idade mínima para obtelo será de dezaioito anos cumpridos.

j) O permiso de conducción da clase C autoriza para conducir automóviles distintos dos que autoriza a conducir o permiso das clases D1 ou D, cuxa masa máxima autorizada exceda os 3500 kg que estean deseñados e construídos para o transporte de non máis de oito pasaxeiros ademais do condutor. Estes automóviles poderán levar enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non exceda os 750 kg. A idade mínima para obtelo será de vinte e un anos cumpridos.

k) O permiso de conducción da clase C + E autoriza para conducir conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase C e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos. A idade mínima para obtelo será de vinte e un anos cumpridos.

l) O permiso de conducción da clase D1 autoriza para conducir automóviles deseñados e construídos para o transporte de non máis de dezaseis pasaxeiros, ademais do condutor, e cuxa lonxitude máxima non exceda os oito metros. Estes automóviles poderán levar enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non exceda os 750 kg. A idade mínima para obtelo será de vinte e un anos cumpridos.

m) O permiso de conducción da clase D1 + E autoriza para conducir conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase D1 e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos. A idade mínima para obtelo será de vinte e un anos cumpridos.

n) O permiso de conducción da clase D autoriza para conducir automóviles deseñados e construídos para o transporte de máis de oito pasaxeiros ademais do condutor. Estes automóviles poderán levar enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non exceda os 750 kg. A idade mínima para obtelo será de vinte e catro anos cumpridos.

ñ) O permiso de conducción da clase D + E autoriza para conducir conxuntos de vehículos enganchados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase D e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos. A idade mínima para obtelo será de vinte e catro anos cumpridos.

3. Para a conducción profesional dos vehículos que autoriza a conducir o permiso das clases C1, C1+E, C, C +E, D1, D1 +E, D ou D+E, deberán cumprirse, ademais dos requisitos exixidos neste artigo, os establecidos no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Artigo 5. *Condicións de expedición dos permisos de conducción.*

1. A expedición dos permisos de conducción que a seguir se indican estará supeditada ás condicións seguintes:

a) O permiso da clase A só se poderá expedir a condutores que xa sexan titulares dun permiso en vigor da clase A2 con, polo menos, dous anos de antigüidade.

b) O permiso das clases C1, C, D1 e D só se poderá expedir a condutores que xa sexan titulares dun permiso en vigor da clase B.

c) O permiso das clases BTP e B + E, C1 + E, C + E, D1 + E e D + E só se poderá expedir a condutores que xa sexan titulares dun permiso en vigor das clases B, C1, C, D1 ou D, respectivamente.

2. A obtención dos permisos de condución que a seguir se indican implicará a concesión dos seguintes:

a) A do permiso da clase A1 implica a concesión do da clase AM.
b) A do permiso da clase A2 implica a concesión do da clase A1.
c) A do permiso das clases C e D implica a concesión do das clases C1 e D1, respectivamente.

d) A do permiso das clases C1 + E, C + E, D1 + E ou D + E implica a concesión do da clase B + E.

e) A do permiso da clase C + E implica a concesión do da clase C1 + E.
f) A do permiso da clase C + E implica a concesión do da clase D + E cando o seu titular posúa o da clase D.

g) A do permiso das clases C1 e D1 implica a concesión do da clase BTP.

h) A do permiso da clase D+E implica a concesión do da clase D1+E.

3. Para obter o permiso da clase A2, o aspirante deberá superar as probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos que se indican nos artigos 47 a 49.

Esta autorización tamén se poderá obter se o aspirante é titular de permiso de condución da clase A1 cunha experiencia mínima de dous anos na condución das motocicletas que autoriza a conducir o dito permiso, e supera a proba de control de aptitudes e comportamentos que se indica no artigo 49.2. Esta proba poderase substituír pola superación dunha formación nos termos que se establezan mediante orde do ministro do Interior.

4. Para obter o permiso da clase A, o aspirante, ademais de ser titular dun permiso de condución da clase A2 cunha experiencia mínima de dous anos na condución das motocicletas que autoriza a conducir o dito permiso, deberá superar unha formación nos termos que se establezan mediante orde do ministro do Interior.

5. Para conducir un conxunto formado por un vehículo tractor da categoría B e un remolque cuxa masa máxima autorizada sexa superior a 750 kg, no caso de que o conxunto así formado exceda os 3500 kg, será necesario superar a proba de control de aptitudes e comportamentos que se indica nos artigos 48.2 e 49.2. Esta proba poderase substituír pola superación dunha formación nos termos que se establezan mediante orde do ministro do Interior.

6. Para obter o permiso da clase BTP, será necesario ter unha experiencia, durante polo menos un ano, na condución de vehículos que autoriza o permiso de clase B e superar a proba de control de coñecementos específicos que se indica no artigo 47.1.

Os que non posúan esa experiencia, ademais da dita proba deberán acreditar ter realizado un curso e completado unha formación específica nun centro autorizado, axustada aos contidos que se indican no anexo V, así como superar a proba de control de aptitudes e comportamentos que se indica no artigo 49.2.

Para poder ser autorizado, o titular do centro de formación de condutores interesado en impartir os cursos deberá solicitalo da xefatura provincial de Tráfico e presentará a programación razoada e detallada destes, con expresión das avaliacións parciais e finais que se realizarán para comprobar os coñecementos e aptitudes, o persoal docente e o material didáctico de que dispón, e indicará, así mesmo, os vehículos que se utilizarán e, de ser o caso, a sección que os impartirá.

7. O permiso das clases B, BTP, B + E, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D e D + E non autoriza a conducir motocicletas con ou sen sidecar. Non obstante, as persoas que estean en posesión do permiso da clase B en vigor, cunha antigüidade superior a tres

anos, poderán conducir dentro do territorio nacional as motocicletas cuxa condución autoriza o permiso da clase A1.

No suposto de que o permiso da clase B en vigor, cunha antigüidade superior a tres anos, estea sometido a adaptacións, restricións ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación, para poder conducir dentro do territorio nacional as motocicletas cuxa condución autoriza o permiso da clase A1, a xefatura provincial de Tráfico deberá facer constar previamente no permiso as adaptacións ou restricións que correspondan.

8. Para conducir vehículos especiais non agrícolas ou os seus conxuntos cuxa velocidade máxima autorizada non exceda os 40 km/h, e a súa masa máxima autorizada non exceda os 3500 kg, requirirase permiso da clase B. Se excede calquera destes límites, requirirase o permiso de condución que corresponda á súa masa máxima autorizada.

Para conducir vehículos especiais non agrícolas ou os seus conxuntos que transporten persoas requirirase permiso da clase B cando o número de persoas transportadas, incluído o condutor, non exceda os nove, da clase D1 cando exceda os nove e non exceda os dezasete e da clase D cando exceda os dezasete.

9. Os vehículos especiais agrícolas autopropulsados ou os seus conxuntos cuxa masa ou dimensións máximas autorizadas non excedan os límites establecidos na regulamentación de vehículos para os vehículos ordinarios, poderanse conducir co permiso da clase B ou coa licenza de condución a que se refire o artigo 6.1.b).

Para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados ou os seus conxuntos, que teñan unha masa ou dimensións máximas autorizadas superiores ás indicadas no parágrafo anterior ou cuxa velocidade máxima por construción exceda os 45 km/h, requirirase permiso da clase B en todo caso.

10. Os ciclomotores tamén se poderán conducir con permiso da clase B.

11. Os vehículos para persoas de mobilidade reducida poderanse conducir con permiso das clases A1 e B ou coa licenza de condución a que se refire o artigo 6.1. alínea a).

12. Para conducir trolebuses requirirase o permiso exixido para a condución de autobuses.

Artigo 6. *Clases de licenza de condución e idade requirida para obtela.*

1. A licenza de condución, tendo en conta os vehículos cuxa condución autoriza, será das seguintes clases:

a) Para conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida.

A idade mínima para obtela será de catorce anos cumpridos. Non obstante, ata os dezaseis anos cumpridos non autorizará a transportar pasaxeiros no vehículo.

Non se exixirá esta licenza a quen sexa titular dun permiso de condución das clases A1 ou B en vigor e no caso de que o seu titular obteña un permiso dalgunha destas clases, a licenza de condución deixará de ser válida.

b) Para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos cuxa masa ou dimensións máximas autorizadas non excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios ou cuxa velocidade máxima por construción non exceda os 45 km/h.

A idade mínima para obtela será de dezaseis anos cumpridos.

Non se exixirá esta licenza a quen sexa titular dun permiso de condución da clase B en vigor e no caso de que o seu titular obteña un permiso desta clase, a licenza de condución deixará de ser válida.

2. Se unha persoa for titular de máis dunha clase de licenzas de condución, todas elas deberán constar nun único documento.

Artigo 7. *Requisitos para obter un permiso ou unha licenza de condución.*

1. Para obter un permiso ou unha licenza de condución requirirase:

a) No caso de estranxeiros, acreditar a situación de residencia normal ou estadia por estudos en España de, polo menos, seis meses e ter cumprido a idade requirida.

b) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin encontrarse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso ou licenza de condución que se posúa.

c) Que transcorrese o prazo legalmente establecido, unha vez declarada a perda de vixencia do permiso ou licenza de condución de que for titular como consecuencia da perda total dos puntos asignados.

d) Reunir as aptitudes psicofísicas requiridas en relación coa clase do permiso ou licenza de condución que se solicite.

e) Ser declarado apto pola xefatura provincial de Tráfico nas probas teóricas e prácticas que, en relación con cada clase de permiso ou licenza de condución, se determinan no título II.

f) Non ser titular dun permiso de condución de igual clase expedido noutro Estado membro da Unión Europea ou noutro Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, nin ter sido restrinxido, suspendido ou anulado noutro Estado membro o permiso de condución que posúe.

2. Os que padezan enfermidade ou deficiencia orgánica ou funcional que os incapacite para obter permiso ou licenza de condución de carácter ordinario poderán obter un permiso ou licenza de condución extraordinarios suxeitos ás condicións restritivas que en cada caso procedan.

Artigo 8. Solicitude do permiso ou da licenza de condución. Documentación que hai que presentar.

1. A expedición do permiso ou a licenza de condución, solicitarase da xefatura provincial de Tráfico na cal se desexe obter, no modelo oficial subscrito polo interesado, presentando os documentos que se indican no anexo III.

2. Se o solicitante é titular dun permiso ou dunha licenza de condución, xa sexa expedido en España, noutro Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, este perderá a súa validez cando o seu titular obteña o permiso solicitado. Este documento deberá ser entregado na xefatura provincial de Tráfico con carácter previo á emisión do permiso e será, se é o caso, remitido ao Estado que o tiver expedido.

Artigo 9. Modelo do permiso e da licenza de condución.

O permiso e a licenza de condución expediranse conforme os modelos que se recollen nos anexos I e II, respectivamente, e conterán os datos que neles se indican.

Artigo 10. Variación de datos.

Calquera variación dos datos que figuran no permiso ou licenza de condución, así como a do domicilio do seu titular, deberá ser comunicada por este dentro do prazo de quince días, contados desde a data en que se produza, á xefatura provincial de Tráfico.

Artigo 11. Duplicados.

1. As xefaturas provinciais de Tráfico, logo de solicitude dos interesados no modelo oficial subscrito polo interesado, poderán expedir duplicados do permiso ou da licenza de condución en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal. Tamén deberán expedir duplicados cando os titulares comuniquen ter variado os datos a que se refire o artigo anterior.

2. Á solicitude de duplicado xuntaranse os documentos que se indican no anexo III.

3. O titular dun permiso ou licenza de condución ao cal se lle expedise duplicado por subtracción ou extravío deberá devolver o orixinal deste, cando o encuentre, á xefatura provincial de Tráfico que o expedise.

4. A posesión do permiso ou licenza orixinal e dun duplicado destes dará lugar á recollida inmediata do orixinal para a súa remisión á xefatura provincial de Tráfico que, de

resultar falsa a causa alegada para obter o duplicado, dará conta do feito á autoridade xudicial por se puiden ser determinante de responsabilidade penal.

Artigo 12. Vixencia do permiso e da licenza de condución.

1. O permiso de condución das clases BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D e D + E terá un período de vixencia de cinco anos mentres o seu titular non cumpra os sesenta e cinco anos e de tres anos a partir desa idade.

2. O permiso das clases restantes e a licenza de condución, calquera que sexa a súa clase, terán un período de vixencia de dez anos mentres o seu titular non cumpra os sesenta e cinco anos e de cinco anos a partir desa idade.

3. O período de vixencia das diversas clases de permiso e licenza de condución sinalado nos puntos anteriores poderase reducir se, no momento da súa concesión ou da prórroga da súa vixencia, se comproba que o seu titular padece enfermidade ou deficiencia que, aínda que de momento non impide aquela, é susceptible de se agravar.

4. O permiso ou licenza de condución cuxa vixencia vencese non autoriza o seu titular a conducir e a súa utilización dará lugar á súa intervención inmediata pola autoridade ou os seus axentes, que o remitirán á xefatura provincial de Tráfico correspondente.

5. A vixencia do permiso e da licenza de condución, ademais, estará condicionada a que o seu titular non perdesse totalmente a asignación inicial de puntos.

6. Así mesmo, con independencia do disposto nos puntos anteriores, a vixencia dos permisos e as licenzas de condución estará subordinada a que o seu titular manteña os requisitos exixidos para o seu outorgamento.

Artigo 13. Solicitude de prórroga da vixencia.

1. A vixencia dos permisos e licenzas de condución poderá ser prorrogada, polos períodos respectivamente sinalados no artigo anterior, polas xefaturas provinciais de Tráfico, logo de solicitude dos interesados, no modelo oficial establecido, e unha vez que acreditasen que conservan as aptitudes psicofísicas exixidas para obter o permiso ou licenza de que se trate.

A prórroga de vixencia dun permiso de condución das clases correspondentes ao grupo 2, segundo a clasificación establecida no artigo 45, implicará a das autorizacións do grupo 1 das cales sexa titular o interesado, polos prazos que a estas correspondan.

A solicitude de prórroga de vixencia do permiso ou licenza poderá presentarse cunha antelación máxima de tres meses á súa data de caducidade, computándose desde esta última data o novo período de vixencia da autorización. En supostos excepcionais debidamente xustificadas, poderase solicitar cunha antelación maior, computándose o novo período de vixencia nestes casos desde a data en que se presentase a solicitude.

2. Á solicitude de modelo oficial, que deberá estar subsrita polo interesado, xuntaranse os documentos que se indican no anexo III.

3. O titular dun permiso ou licenza de condución caducados poderá solicitar a súa prórroga presentando os documentos a que se refire o punto anterior.

4. Os titulares dun permiso ou licenza de condución expedidos en España que na data de vencemento da súa vixencia se encontren no estranxeiro, ben noutro Estado membro da Unión Europea ben nun Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo nos cales non adquirisen a residencia normal, ou ben nun país terceiro, poderán solicitar a prórroga da súa vixencia de calquera xefatura provincial de Tráfico, na forma e cos requisitos que se indican no anexo III.

Artigo 14. Actuación da xefatura provincial de Tráfico.

1. Serán competentes para a resolución deste procedemento as xefaturas provinciais de Tráfico.

2. En todo caso, a privación por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, a declaración de perda de vixencia a que se refire o artigo 37, a intervención, medida cautelar ou suspensión do permiso ou licenza que se posúa, tanto se

teñan acordado en vía xudicial como administrativa, serán causa para denegar o trámite solicitado, que non procederá ata que se cumprise a pena ou sanción, se levantase a intervención ou medida cautelar, ou transcorresen os prazos ou se acreditasen os requisitos legalmente establecidos, segundo o trámite de que se trate.

CAPÍTULO II

Dos permisos de conducción expedidos noutros países

Sección 1.^a *Dos permisos expedidos en Estados membros da Unión Europea ou en Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

Artigo 15. *Validez do permiso de conducción en España.*

1. Os permisos de conducción expedidos en calquera Estado membro da Unión Europea ou en Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo de acordo coa normativa comunitaria manterán a súa validez en España, nas condicións en que fosen expedidos no seu lugar de orixe, coa excepción de que a idade requirida para a conducción corresponderá á exigida para obter o permiso español equivalente.

2. Non obstante, non serán válidos para conducir en España os permisos de conducción expedidos por algún dos ditos Estados que estean restrinxidos, suspendidos ou retirados en calquera deles ou en España.

3. Tampouco serán válidos os permisos de conducción expedidos en calquera deses Estados a quen tivese sido titular doutro permiso de conducción expedido nalgún deles que fose retirado, suspendido ou declarada a súa nulidade, lesividade ou perda de vixencia en España.

4. O titular dun permiso de conducción expedido nun destes Estados que adquirise a súa residencia normal en España quedará sometido ás disposicións españolas relativas ao seu período de vixencia, de control das súas aptitudes psicofísicas e de asignación dun crédito de puntos.

Cando se trate dun permiso de conducción non suxeito a un período de vixencia determinado, o seu titular deberá proceder á súa renovación, unha vez transcorridos dous anos desde que estableza a súa residencia normal en España, para os efectos de aplicarlle os prazos de vixencia previstos no artigo 12.

5. O titular do permiso de conducción que adquirise a súa residencia normal en España, e se deba someter á normativa española de acordo co disposto no punto anterior, unha vez superada a proba de control de aptitudes psicofísicas, continuará en posesión do seu permiso de conducción, procedéndose á anotación no Rexistro de Condutores e Infrautores do período de vixencia que lle corresponda segundo a súa idade e a clase de permiso de que sexa titular.

Se do resultado desa proba for necesario impor adaptacións, restricións ou outras limitacións, procederase á súa troca de oficio, de acordo co disposto no artigo 19.

Artigo 16. *Inscripción dos permisos de conducción no Rexistro de Condutores e Infrautores.*

1. Os titulares de permisos de conducción expedidos en calquera destes Estados que adquirisen a súa residencia normal en España, sen prexuízo do disposto no artigo anterior, poderán solicitar voluntariamente en calquera xefatura provincial de Tráfico a anotación dos datos do seu permiso no Rexistro de Condutores e Infrautores.

2. Á solicitude de inscrición no modelo oficial, subscrita polo interesado, xuntaránselle os documentos que se indican no anexo III.

Artigo 17. *Substitución do permiso en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal polo correspondente español.*

1. En caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal, o titular dun permiso de conducción expedido nun destes Estados que teña a súa residencia normal en España, poderá solicitar a expedición dun duplicado en calquera xefatura provincial de Tráfico, que

o outorgará sobre a base da información que, se é o caso, conste no Rexistro de Condutores e Infraactores, completada ou suplida, de ser necesario, cun certificado das autoridades competentes do Estado que expedise aquel.

Cando a causa sexa a deterioración do orixinal, o permiso substituído será retirado pola xefatura provincial de Tráfico e remitido ás autoridades competentes do Estado que o expedise a través da oficina diplomática ou consular.

Á solicitude de duplicado xuntaránselle os documentos que se indican no anexo III.

2. O titular dun permiso de condución ao cal se lle expedise duplicado por subtracción ou extravío deberá devolver o orixinal deste, cando o encontre, á xefatura provincial de Tráfico que expedise o duplicado, a cal procederá a devolvelo ás autoridades competentes do Estado que o expedise, a través da oficina diplomática ou consular, indicando os motivos polos que se substituíu.

Artigo 18. *Troca do permiso por outro español equivalente.*

1. O titular dun permiso de condución vixente expedido en calquera destes Estados, que establecese a súa residencia normal en España, poderá solicitar, en calquera momento da xefatura provincial de Tráfico en que desexa obtelo, a troca do seu permiso de condución por outro español equivalente.

Á solicitude no modelo oficial, subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican no anexo III.

2. A xefatura provincial de Tráfico á cal se dirixa a solicitude, despois de comprobar, se é o caso, a autenticidade, validez e vixencia do permiso presentado, concederá ou denegará, segundo proceda, a troca solicitada.

3. A resolución a que se refire o número anterior, con indicación do Estado que expedise o permiso e os datos que figuren nel, faranse constar no Rexistro de Condutores e Infraactores.

Artigo 19. *Troca de oficio.*

1. As xefaturas provinciais de Tráfico procederán á troca de oficio dos permisos de condución expedidos en calquera destes Estados:

a) Cando, como consecuencia da aplicación da normativa española aos seus titulares, sexa necesario impor adaptacións, restricións ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación durante a condución.

b) Cando o seu titular fose sancionado en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións que comporten a perda de puntos, para os efectos de poder aplicarlle as disposicións nacionais relativas á restrición, a suspensión, a retirada ou a perda de vixencia do permiso de condución.

c) Cando sexa necesario para poder declarar a nulidade ou lesividade do permiso de condución en cuestión.

2. Para poder efectuar a troca de oficio será necesario que o titular do permiso teña a súa residencia normal en España.

3. A resolución que para tales efectos dite a xefatura provincial de Tráfico con indicación do Estado que expedise o permiso de condución e os datos que figuren nel, faranse constar no Rexistro de Condutores e Infraactores.

Artigo 20. *Remisión do permiso trocado.*

Efectuada a troca do permiso de condución por outro español equivalente, xa sexa de oficio ou por solicitude do seu titular, remitirase o permiso trocado pola xefatura provincial de Tráfico ás autoridades competentes do Estado que o expedise, a través da oficina diplomática ou consular, indicando os motivos da troca efectuada.

Sección 2.^a *Dos permisos expedidos en países terceiros*Artigo 21. *Permisos válidos para conducir en España.*

1. Son válidos para conducir en España os seguintes permisos de condución:

a) Os nacionais doutros países que estean expedidos de conformidade co anexo 9 do Convenio internacional de Xenebra, do 19 de setembro de 1949, sobre circulación por estrada, ou co anexo 6 do Convenio internacional de Viena, do 8 de novembro de 1968, sobre a circulación viaria, ou que difiran dos ditos modelos unicamente na adición ou supresión de rúbricas non esenciais.

b) Os nacionais doutros países que estean redactados en castelán ou vaian acompañados dunha tradución oficial. Entenderase por tradución oficial a realizada polos intérpretes xurados, polos cónsules de España no estranxeiro, polos cónsules en España do país que expedise o permiso, ou por un organismo ou entidade autorizados para tal efecto.

c) Os internacionais expedidos no estranxeiro de conformidade co modelo do anexo 10 do Convenio internacional de Xenebra, do 19 de setembro de 1949, sobre circulación por estrada, ou de acordo cos modelos do anexo E da Convención internacional de París, do 24 de abril de 1926, para a circulación de automóviles, ou do anexo 7 do Convenio internacional de Viena, do 8 de novembro de 1968, sobre circulación por estrada, se se trata de nacións adheridas a estes convenios que non subscribisen ou prestasen adhesión ao de Xenebra.

d) Os recoñecidos en particulares convenios internacionais multilaterais e bilaterais en que España sexa parte e nas condicións que neles se indiquen.

2. A validez dos permisos a que se refire o punto anterior estará condicionada a que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o permiso de condución se encontre en vigor.

b) Que o seu titular teña a idade requirida en España para a obtención dun permiso español equivalente.

c) Que non transcorrese o prazo de seis meses, como máximo, contado desde que o seu titular adquira a súa residencia normal en España, debidamente acreditada de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, salvo que, tratándose dos permisos a que se refire a alínea d) do punto anterior, se establecese outra norma no correspondente convenio.

De o seu titular non acreditar a residencia normal en España, aqueles permisos soamente serán válidos para conducir no noso país se non transcorreron máis de seis meses desde a súa entrada en territorio español en situación regular, de acordo co establecido na referida Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

3. Transcorrido o prazo de seis meses indicado na alínea c) do punto anterior, os permisos a que se refire o número 1 carecerán de validez para conducir en España e, se os seus titulares desexan seguir facéndoo, deberán obter un permiso de condución español, logo de comprobar os requisitos e superar as probas correspondentes.

Artigo 22. *Troca dos permisos de condución polo seu equivalente español.*

1. Unha vez transcorrido o prazo indicado na alínea c) do número 2 do artigo anterior, o titular do permiso de condución poderá seguir conducindo en España logo de trocar o permiso polo seu equivalente español nos seguintes supostos:

a) Cando se trate dos permisos a que se refire o número 1.alínea d) do artigo 21 e no convenio particular estea autorizada a súa troca, que se realizará de acordo coas condicións que se indiquen no citado convenio.

b) Cando se trate dos permisos a que se fai referencia no número 1. alíneas a) e b) do artigo 21, sempre que o seu titular reúna os seguintes requisitos:

1.º Que supere a proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral a que fai referencia o artigo 49.2, que terá unha duración máxima de 30 minutos.

2.º Que acredite ter estado contratado como condutor profesional, por un tempo non inferior a seis meses, por empresa ou empresas legalmente establecidas ou con sucursal en España, as cales xustificarán esta circunstancia presentando, ademais, os documentos de afiliación e cotización á Seguranza Social.

A consideración de condutor profesional, para os efectos sinalados no parágrafo anterior, entenderase nos termos previstos no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

3.º Que non estea privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin se encontre sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso ou licenza de condución que posúa.

2. O titular do permiso de condución poderá trocalo polo seu equivalente español no momento en que adquirise a súa residencia normal en España, sen ter que esperar a que transcorra o prazo máximo de seis meses a que se refire a alínea c) do punto 2 do artigo anterior.

Artigo 23. Procedemento para solicitar a troca dos permisos de condución polo seu permiso equivalente español.

1. O interesado en proceder á troca do seu permiso de condución polo seu equivalente español deberá dirixir á xefatura provincial de Tráfico que desexe a súa solicitude no modelo oficial subscrita por el, xunto cos documentos que se indican no anexo III.

2. A fin de comprobar a autenticidade, validez e vixencia do permiso de condución, a xefatura provincial de Tráfico poderá solicitar os informes que, en atención ás circunstancias, coide procedentes, incluído o certificado emitido polo organismo que o expedise, visase e tradúcese, se é o caso, pola correspondente oficina diplomática ou consular, en que se especifiquen os vehículos cuxa condución autoriza e demais características do permiso.

3. A xefatura provincial de Tráfico á cal se dirixa a solicitude, logo dos trámites que coide oportunos, concederá ou denegará, segundo proceda, a troca solicitada, circunstancia que, con indicación do país que expedise o permiso, os datos deste e do seu titular, se fará constar no Rexistro de Condutores e Infrautores. Se no convenio que, se é o caso, existise non se dispuxer outra cousa, o permiso de condución orixinal será devolto ao país de expedición.

4. No permiso de condución español expedido como consecuencia da troca, así como nas sucesivas prórrogas de vixencia, duplicados ou calquera outro trámite que se realice con este, farase constar a circunstancia de que procede da troca doutro permiso de condución expedido nun país non comunitario.

Sección 3.ª Permiso de condución dos diplomáticos acreditados en España

Artigo 24. Obtención de permiso de condución español.

1. Os membros das misións diplomáticas, das oficinas consulares e das organizacións internacionais con sede ou oficina en España de países non comunitarios acreditados en España, así como os seus ascendentes, descendentes e cónxuxe, sempre que sexan titulares dun permiso de condución equivalente, poderán obter calquera dos permisos enumerados no artigo 4 sen necesidade de aboar taxas nin realizar as correspondentes probas de aptitude para verificar os seus coñecementos teóricos e prácticos, a condición de reciprocidade.

2. Á solicitude, que se dirixirá ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, xuntaranse os documentos indicados no anexo III. Este departamento, unha vez comprobado que concorren os requisitos exixidos, remitiráa á Xefatura Provincial de Tráfico de Madrid para a súa tramitación, en unión da documentación requirida.

CAPÍTULO III

Outras autorizacións administrativas para conducir

Sección 1.^a *Da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas*

Artigo 25. Autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

1. Para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, cando así o requiran as disposicións do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), feito en Xenebra o 30 de setembro de 1957, exixirase unha autorización administrativa especial que habilite para isto.

2. Esta autorización especial, que por si soa non autoriza a conducir se non vai acompañada do permiso de conducción ordinario en vigor requirido para o vehículo de que se trate, deberá levala consigo o seu titular, en unión do correspondente permiso de conducción, e exhibila ante a autoridade ou os seus axentes cando o soliciten.

Artigo 26. Requisitos para a súa obtención.

Para obter a autorización especial deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, cunha antigüidade mínima dun ano, do permiso de conducción ordinario en vigor da clase B, polo menos.

b) Ter realizado con aproveitamento un curso de formación como condutor para o transporte de mercadorías perigosas nun centro de formación autorizado pola Dirección Xeral de Tráfico.

c) Ser declarado apto pola xefatura provincial de Tráfico nas correspondentes probas de aptitude.

d) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin encontrarse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que se posúa.

e) Reunir as aptitudes psicofísicas requiridas para obter permiso de conducción das clases sinaladas no artigo 45.1.b).

f) Ter a residencia normal en España.

Artigo 27. Solicitud da autorización especial e documentación que hai que presentar.

1. A expedición da autorización especial solicitarase da xefatura provincial de Tráfico na cal se desexe obter, no modelo oficial suscrito polo interesado, xunto cos documentos que se indican no anexo III.

2. A xefatura provincial de Tráfico a que se dirixa a solicitud, logo das actuacións que en cada caso procedan e superadas as probas e exercicios que correspondan, concederá ou denegará o solicitado, circunstancia que se fará constar no Rexistro de Conductores e Infractores.

3. A autorización especial expedirase conforme o modelo que se recolle no anexo II.

Artigo 28. Vixencia da autorización especial e da súa prórroga.

1. A autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas terá un período de vixencia de cinco anos.

2. A vixencia desta autorización especial poderá ser prorrogada por novos períodos de cinco anos, en calquera xefatura provincial de Tráfico, logo de solicitud no modelo oficial suscrito polo interesado, á cal se xuntarán os documentos que se indican no anexo III.

3. Para prorrogar a vixencia da autorización o seu titular deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin encontrarse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que posúa.

b) Ter seguido con aproveitamento, durante o ano anterior á expiración do período de vixencia da autorización, un curso de actualización e perfeccionamento.

c) Superar as probas e exercicios prácticos individuais correspondentes nun centro de formación de condutores de vehículos que transporten mercadorías perigosas, autorizado pola Dirección Xeral de Tráfico, de acordo co disposto no capítulo IV do título II.

Artigo 29. *Ampliación da autorización especial.*

1. A autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas poderase ampliar, logo de solicitude dirixida á xefatura provincial de Tráfico na cal se desexe obter, no modelo oficial subscrito polo interesado, ao cal se xuntarán os documentos que se indican no anexo III.

2. A ampliación terá un período de vixencia de cinco anos.

3. Para ampliar a autorización o seu titular deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Ter autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas en vigor.

b) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin encontrarse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que posúa.

c) Ter realizado con aproveitamento un curso de formación para a materia para a que solicite a ampliación nun centro de formación autorizado pola Dirección Xeral de Tráfico, de acordo co disposto no capítulo IV do título II.

d) Ser declarado apto pola xefatura provincial de Tráfico nas correspondentes probas de aptitude.

4. A xefatura provincial de Tráfico á cal se dirixa a solicitude, logo das actuacións que en cada caso procedan e superadas as probas e exercicios que correspondan, concederá ou denegará a ampliación solicitada, circunstancia que se fará constar no Rexistro de Condutores e Infraactores.

Artigo 30. *Entrega da autorización orixinal.*

A autorización orixinal deberá ser entregada polo seu titular na xefatura provincial de Tráfico, ao se conceder a prórroga ou a ampliación solicitada e previamente á entrega da nova autorización.

Sección 2.^a *Do permiso internacional para conducir*

Artigo 31. *O permiso internacional para conducir.*

1. De acordo co disposto no Convenio internacional de Xenebra, do 19 de setembro de 1949, sobre circulación por estrada, o permiso internacional autoriza para conducir temporalmente polo territorio de todos os Estados contratantes, con excepción do Estado que o expediu.

2. O permiso internacional para conducir, que terá unha validez dun ano, axustarase ao modelo establecido no convenio a que se fai referencia no punto anterior e que se recolle no anexo II.

Artigo 32. *Requisitos para obter o permiso internacional para conducir.*

Para obter o permiso internacional para conducir requirirase:

a) Ter a residencia normal en España.

b) Ser titular dun permiso de conducción nacional de igual clase que a do internacional que solicita, válido e en vigor, ou dun permiso expedido noutro Estado membro da Unión Europea ou noutro Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que previamente deba ser inscrito no Rexistro de Condutores e Infraactores.

c) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin encontrarse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso nacional que se posúa.

Artigo 33. Expedición do permiso internacional para conducir.

A expedición do permiso internacional para conducir solicitarase da xefatura provincial de Tráfico en que se desexe obter, no modelo oficial suscrito polo interesado, e xuntaranse á solicitude os documentos que se indican no anexo III.

CAPÍTULO IV

Da nulidade ou lesividade e perda de vixencia das autorizacións administrativas para conducir

Artigo 34. Declaración de nulidade ou lesividade.

1. As autorizacións administrativas para conducir reguladas neste título poderán ser obxecto de declaración de nulidade ou lesividade cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 62 e 63, respectivamente, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade axustarase ao establecido no capítulo I do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como á disposición adicional décimo sexta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, en canto á competencia para a revisión de oficio dos actos nulos.

Artigo 35. Declaración de perda de vixencia.

1. Declararase a perda de vixencia das autorizacións administrativas cuxo titular non posúa os requisitos para o seu outorgamento ou perdese totalmente a súa asignación de puntos. A resolución que declare a perda de vixencia deberá ser notificada no prazo máximo de seis meses.

2. A competencia para declarar a perda de vixencia corresponde ao xefe provincial de Tráfico.

Artigo 36. Procedemento para a declaración de perda de vixencia pola desaparición dalgún dos requisitos exixidos para o seu outorgamento.

1. A xefatura provincial de Tráfico que teña coñecemento da presunta desaparición dalgún dos requisitos que, sobre coñecementos, habilidades, aptitudes ou comportamentos esenciais para a seguranza da circulación ou aptitudes psicofísicas, se exixían para o outorgamento da autorización, logo dos informes, asesoramentos ou probas que, en cada caso e en atención ás circunstancias concorrentes, coide oportunos, iniciará o procedemento de declaración de perda de vixencia desta.

2. O acordo de incoación conterá unha relación detallada dos feitos e circunstancias que induzan a apreciar, racional e fundamentadamente, que o titular da autorización carece dalgún dos requisitos que se indican no punto anterior e, se proceder, adoptarase a medida de suspensión cautelar e intervención inmediata da autorización a que se refire o artigo 39.

3. O acordo a que se refire o punto anterior será notificado pola xefatura provincial de Tráfico ao titular da autorización, daráselle vista do expediente nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e indicaránselle os prazos e formas de que dispón para acreditar a existencia do requisito ou requisitos exixidos. Contra este acordo, o titular da autorización poderá alegar o que coide pertinente á súa defensa ou, se é o caso, demostrar en tempo e forma que non carece de tales requisitos.

A) Os prazos para acreditar a existencia dos requisitos exixidos serán os seguintes:

a) De non se acordar a suspensión cautelar e a intervención, o prazo será de dous meses. De non se acreditar no mencionado prazo a existencia do requisito exixido, acordarase a suspensión cautelar e a intervención inmediata da autorización.

b) Se se acuerda a suspensión cautelar e a intervención inmediata, o prazo será o indicado na alínea a) anterior ou o que reste de vixencia á autorización administrativa, cando este sexa maior.

B) As formas para acreditar a existencia do requisito ou requisitos exixidos serán as seguintes:

a) De afectar os coñecementos, habilidades, aptitudes ou comportamentos para conducir, ou outros requisitos, someténdose ás probas de control de coñecementos ou de control de aptitudes e comportamentos que, en virtude dos informes, asesoramentos e probas correspondentes, se consideren procedentes, ante a xefatura provincial de Tráfico que instrúe o procedemento, ou presentando, de ser o caso, as probas que dereito do titular da autorización conveñan.

b) De afectar os requisitos psicofísicos exixidos para conducir, someténdose ás probas de aptitude psicofísica que procedan ante os servizos sanitarios competentes e, se é o caso, ás de control de aptitudes e comportamentos correspondentes que, se for necesario, se realizarán conforme se determina no artigo 61.3.

4. O titular da autorización poderá realizar as probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos ou someterse ás de control de aptitude psicofísica, ata un máximo de tres ocasións, dentro dos prazos indicados no punto 3.A.

5. Cando o resultado das probas sexa favorable, o xefe provincial de Tráfico acordará deixar sen efecto o procedemento de declaración de perda de vixencia e, se é o caso, o levantamento da suspensión cautelar e a devolución inmediata da autorización intervida.

Cando o resultado das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos for desfavorable na terceira ocasión en que se realicen, ou nalgún dos recoñecementos para explorar as aptitudes psicofísicas se comprobase que o defecto psicofísico é irreversible, cando o titular da autorización non se sometese ás probas nos prazos establecidos no punto 3.A), ou non acreditase que reúne o requisito correspondente, o xefe provincial de Tráfico ditará resolución motivada acordando a perda de vixencia da autorización administrativa de que se trate.

6. Cando a carencia do requisito exixido permita conducir con adaptacións, restricións ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación, ao titular do permiso ou licenza cuxa perda de vixencia fose acordada poderalle ser expedido, logo dos trámites e comprobacións que correspondan, outro permiso ou licenza de carácter extraordinario suxeito ás condicións restritivas que, en cada caso, procedan.

7. Cando o procedemento para a declaración de perda de vixencia ou a perda de vixencia acordada non afecte todas as clases de permiso ou licenza de conducción, a xefatura provincial de Tráfico facilitará ao interesado, de oficio, un duplicado ou unha autorización temporal, segundo proceda, coas clases non afectadas.

8. O titular dunha autorización cuxa perda de vixencia fose declarada poderá obter outra de novo seguindo o procedemento e superando as probas establecidas, nas cales deberá acreditar a concorrencia do requisito cuxa falta determinou a extinción da autorización anterior.

9. A competencia para declarar a perda de vixencia das autorizacións corresponde ao xefe de Tráfico da provincia en cuxo territorio se detectase a presunta carencia dos requisitos exixidos, sen prexuízo de que poida delegar esa competencia nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 37. Procedemento para a declaración de perda de vixencia pola perda total dos puntos asignados.

1. A xefatura provincial de Tráfico, unha vez constatada a perda polo titular do permiso ou da licenza de conducción da totalidade dos puntos asignados, iniciará o procedemento para declarar a súa perda de vixencia mediante acordo que conterá unha relación detallada

das resolucións sancionadoras firmes en vía administrativa que desen lugar á perda dos puntos, con indicación do número de puntos que a cada unha delas tiver correspondido e daráselle vista do expediente ao titular da autorización, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Neste acordo concederáselle ao interesado un prazo máximo de dez días para formular as alegacións que considere convenientes.

2. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, o xefe provincial de Tráfico ditará resolución declarando a perda de vixencia do permiso ou da licenza de condución, que se notificará ao interesado no prazo de quince días, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Declarada a perda de vixencia, o interesado deberá entregar o permiso ou licenza de condución na xefatura provincial de Tráfico, a cal, de non facelo, ordenará a súa retirada polos axentes da autoridade.

3. A competencia para declarar a perda de vixencia corresponde ao xefe de Tráfico da provincia correspondente ao domicilio do titular da autorización.

Artigo 38. Requisitos para recuperar o permiso ou a licenza de condución.

1. O titular da autorización para conducir cuxa perda de vixencia fose declarada por ter perdido a totalidade dos puntos que tivese asignados, poderá obter novamente un permiso ou licenza de condución da mesma clase de que era titular e coa mesma antigüidade, logo de realizar e superar con aproveitamento un curso de sensibilización e reeducación viaria de recuperación do permiso ou a licenza de condución, e posterior superación da proba de control de coñecementos a que se refire o artigo 47.2.

2. A proba poderase realizar en calquera xefatura provincial de Tráfico, á cal o interesado dirixirá unha solicitude no modelo oficial xunto cos documentos que se indican no anexo III.

3. O titular da autorización non poderá obter un novo permiso ou unha nova licenza de condución ata que transcorresen seis meses desde a data en que lle foi notificado o acordo de declaración da perda de vixencia, salvo os condutores profesionais, para os cales este prazo será de tres meses.

Se nos tres anos seguintes á obtención desa nova autorización se acorda a súa perda de vixencia por ter perdido outra vez a totalidade do crédito de puntos asignados, o titular daquela non poderá obter un novo permiso ou licenza de condución ata transcorridos doce meses desde a notificación do acordo de declaración de perda de vixencia, salvo os condutores profesionais, para os cales este prazo será de seis meses.

Entenderase por condutor profesional, para os efectos do previsto nos dous parágrafos anteriores, aquel que teña tal consideración de acordo co previsto na disposición adicional terceira do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

4. O titular dunha autorización para conducir que perdese a súa vixencia por ter sido condenado á pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a dous anos poderá obter novamente un permiso ou licenza de condución da mesma clase de que era titular e coa mesma antigüidade, unha vez cumprida a condena e logo do cumprimento dos requisitos exixidos no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

Artigo 39. Suspensión cautelar da vixencia do permiso ou da licenza de condución.

1. No curso dos procedementos de declaración de nulidade ou lesividade ou de perda de vixencia das autorizacións administrativas, acordarase a suspensión cautelar da vixencia da autorización de que se trate cando o seu mantemento entraña un grave perigo para a seguranza do tráfico ou prexudique notoriamente o interese público.

2. Neste caso, o xefe provincial de Tráfico acordará, mediante resolución motivada, a intervención inmediata da autorización, e procederá ao mesmo tempo á práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o efectivo exercicio da condución, seguíndose en todo caso o procedemento, requisitos e exixencias da Lei 30/1992, do 26

de novembro, e solicitando o auxilio das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado cando for necesaria a compulsión sobre as persoas.

A intervención levaraa a efecto o axente da autoridade correspondente, que procederá á retirada da autorización ao mesmo tempo que notifica ao interesado a resolución en que se acordase aquela.

3. Acondución durante o período de suspensión cautelar da autorización administrativa será considerada como conducir coa autorización administrativa correspondente suspendida por sanción.

Artigo 40. Efectos da declaración de nulidade, lesividade, perda de vixencia ou suspensión cautelar do permiso ou da licenza de condución.

1. A declaración de nulidade ou lesividade, de perda de vixencia pola desaparición dalgún dos requisitos exixidos para o seu outorgamento, a suspensión cautelar e, se é o caso, a intervención, poderá afectar unha ou máis clases do permiso ou licenza de condución que posúa o titular. En todo caso, no procedemento que se instrúa deberase indicar claramente a clase ou as clases do permiso ou licenza de condución afectados.

De non afectar a todas elas, a xefatura provincial de Tráfico, de oficio, entregará ao interesado un novo documento en que conste a clase ou clases do permiso ou da licenza de condución non afectados.

2. A declaración de nulidade ou lesividade, de perda de vixencia pola desaparición dalgún dos requisitos exixidos para o seu outorgamento, ou a suspensión cautelar e, de ser o caso, a intervención, levará consigo a de calquera outro certificado, autorización administrativa ou documento cuxo outorgamento dependa da vixencia da clase ou as clases do permiso ou licenza de condución obxecto do procedemento.

3. A declaración de perda de vixencia por ter perdido o titular do permiso ou da licenza de condución a totalidade do crédito de puntos, ou por ter sido condenado á pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a dous anos, afectará todas as clases do permiso ou licenza de condución de que sexa titular, así como a calquera outro certificado, autorización administrativa ou documento cuxo outorgamento dependa da vixencia da clase ou das clases do permiso ou licenza de condución obxecto do procedemento.

Non obstante, unha vez obtido novamente un permiso ou licenza de condución da mesma clase de que era titular, seguindo o procedemento establecido en cada caso, tamén se obterán de novo, sempre que non transcorrese o prazo de vixencia outorgado cando lle foron expedidos, os certificados, autorizacións administrativas ou documentos cuxo outorgamento dependa da vixencia da clase ou das clases do permiso ou licenza de condución recuperados.

TÍTULO II

Do ensino da condución e das probas de aptitude que se realizarán para obter autorizacións administrativas para conducir

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 41. Do ensino da condución.

1. A aprendizaxe da condución realizarase en escolas de condutores autorizadas conforme a normativa vixente.

2. En ningún caso poderá ser admitido ás probas de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral necesarias para obter o permiso de condución quen non realizase a súa formación de acordo co previsto no punto anterior, salvo que fose titular dun permiso de categoría equivalente ou superior.

3. Exceptúase do disposto nos puntos anteriores o persoal examinador encargado de cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos para a obtención de permisos e licenzas de condución, de acordo co establecido no anexo VIII.

4. Así mesmo, poderase realizar a aprendizaxe na condución mediante a obtención dunha licenza de aprendizaxe nos termos que se establezan mediante orde do ministro do Interior.

A licenza de aprendizaxe poderase outorgar por unha soa vez, sempre que o solicitante designe a persoa que deberá acompañalo durante a aprendizaxe e que estará, se é o caso, a cargo do dobre mando do vehículo.

Artigo 42. *Obxecto das probas de aptitude.*

Todo condutor de vehículos de motor ou ciclomotores deberá posuír, para conducir con seguranza, as aptitudes psicofísicas e os coñecementos, habilidades, aptitudes e comportamentos que lle permitan:

- a) Manexar adecuadamente o vehículo e os seus mandos para non comprometer a seguranza viaria e conseguir unha utilización responsable do vehículo.
- b) Dominar o vehículo co fin de non crear situacións perigosas e reaccionar de forma apropiada cando estas se presenten.
- c) Discernir os perigos orixinados pola circulación e valorar a súa gravidade.
- d) Observar as disposicións legais e regulamentarias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, en particular as que teñan por obxecto previr os accidentes de circulación e garantir a fluidez e seguranza da circulación.
- e) Ter un coñecemento razoado sobre mecánica e mantemento simple das partes e dispositivos do vehículo que lle permitan detectar os defectos técnicos máis importantes deste, en particular os que poñan en perigo a seguranza, e das medidas que se deben tomar para remedialos debidamente.
- f) Ter en conta todos os factores que afectan o comportamento dos condutores co fin de conservar en todo momento a utilización plena das aptitudes e capacidades necesarias para conducir con seguranza.
- g) Contribuír á seguranza de todos os usuarios, en particular dos máis débiles e os máis expostos ao perigo, mediante unha actitude respectuosa co próximo.
- h) Contribuír á conservación do ambiente, evitando a contaminación.
- i) Auxiliar as vítimas de accidentes de circulación, prestar aos feridos o auxilio que resulte máis adecuado, segundo as circunstancias, tratando de evitar maiores perigos ou danos, restablecer, na medida do posible, a seguranza da circulación e colaborar coa autoridade e os seus axentes no esclarecemento dos feitos.

Artigo 43. *Probas que se realizarán.*

1. As probas que se realizarán para obter autorización administrativa para conducir serán as seguintes:

- a) Probas de aptitude psicofísica.
- b) Probas de control de coñecementos.
- c) Probas de control de aptitudes e comportamentos.

2. As probas de aptitude psicofísica terán por obxecto deixar constancia de que non existe enfermidade ou deficiencia que poida supor incapacidade para conducir asociada con:

- a) A capacidade visual.
- b) A capacidade auditiva.
- c) O sistema locomotor.
- d) O sistema cardiovascular.
- e) Trastornos hematolóxicos.
- f) O sistema renal.
- g) O sistema respiratorio.

- h) Enfermidades metabólicas e endócrinas.
 - i) O sistema nervioso e muscular.
 - j) Trastornos mentais e de conduta.
 - k) Trastornos relacionados coa adicción a drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou bebidas alcohólicas.
 - l) Aptitude perceptivo-motora.
 - m) Calquera outra afección non mencionada nos puntos anteriores que poida supor unha incapacidade para conducir ou comprometer a seguranza viaria.
3. As probas de control de coñecementos comprenderán:
- a) Proba de control de coñecementos común.
 - b) Proba de control de coñecementos específicos.
4. As probas de control de aptitudes e comportamentos comprenderán:
- a) Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado.
 - b) Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.
5. Das probas indicadas nos puntos anteriores, os aspirantes deberán superar, segundo a clase de permiso ou licenza de condución que pretendan obter, as que se establecen no cadro que figura no anexo V. A).
6. As probas deberanse axustar, no seu desenvolvemento e organización, ás prescricións establecidas no capítulo III seguinte e no anexo VI.

CAPÍTULO II

Das probas de aptitude psicofísica

Artigo 44. *Persoas obrigadas a someterse ás probas.*

1. Deberanse someter ás probas e exploracións necesarias para determinar se reúnen as aptitudes psicofísicas requiridas, todas as persoas que pretendan obter ou prorrogar calquera permiso ou licenza de condución e as que, en relación coas tarefas de condución ou co seu ensino, estean obrigadas a isto.

As probas e exploracións a que se refire o parágrafo anterior serán practicadas polos centros de recoñecemento de condutores autorizados, os cales emitirán un informe de aptitude psicofísica.

Este informe poderá ser complementado polo recoñecemento efectuado polos servizos sanitarios competentes cando a xefatura provincial de Tráfico así o acorde nos supostos en que, con ocasión da práctica das probas de aptitude para obter licenza ou permiso ou en calquera outro momento do procedemento, se advirtan no aspirante indicios racionais de deficiencias psicofísicas que o aconsellen.

2. As aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución son as que se establecen no anexo IV.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, se o centro que está realizando o recoñecemento detecta que un solicitante, a pesar de non estar incluído nalgunhas das deficiencias ou enfermidades relacionadas no anexo IV, non está en condicións de que lle sexa expedido un permiso ou licenza de condución, ou prorrogada a súa vixencia, comunicarllo, indicando as causas, á xefatura provincial de Tráfico correspondente para que resolva, logo do informe dos servizos sanitarios competentes, o que proceda.

Artigo 45. *Grupos de condutores.*

1. Para efectos do disposto no anexo IV, os condutores clasifícanse nos dous grupos seguintes:

- a) Grupo 1. Comprende os que sexan titulares ou soliciten a obtención ou prórroga da licenza ou do permiso de condución das clases AM, A1, A2, A, B ou B + E.

b) Grupo 2. Comprende os que sexan titulares ou soliciten a obtención ou prórroga do permiso de condución das clases BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D ou D + E.

2. Equipáranse os sinalados no grupo 2 aos profesionais do ensino da condución, sen prexuízo das especialidades que se poidan determinar na súa regulamentación específica.

Artigo 46. Permisos e licenzas de condución ordinarios e extraordinarios.

1. Os permisos e licenzas de condución, en función das aptitudes psicofísicas dos condutores, serán ordinarios ou extraordinarios.

2. Poderán obter, prorrogar ou ser titulares de permiso ou licenza de condución ordinarios, as persoas que non estean afectadas por enfermidade ou deficiencia que determine a obrigatoriedade de adaptacións, restricións de circulación ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación durante a condución, excepto cando a limitación consista na obriga de utilizar lentes correctoras ou audífonos para adquirir, respectivamente, a agudeza visual ou auditiva mínimas necesarias para obter eses permisos ou licenzas de condución.

3. Poderán obter, prorrogar ou ser titulares de permiso ou licenza de condución extraordinarios suxeitos a condicións restritivas, as persoas que reúnen as aptitudes psicofísicas requiridas para obter permiso ou licenza de condución suxeito ás adaptacións, restricións ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación que en cada caso procedan conforme se indica no anexo IV.

CAPÍTULO III

Das probas que se realizarán para comprobar os coñecementos, aptitudes e comportamentos necesarios para conducir vehículos de motor e ciclomotores

Sección 1ª Das probas que se realizarán para comprobar os coñecementos, as aptitudes e os comportamentos

Artigo 47. Probas de control de coñecementos.

1. A proba de control de coñecementos común que realizarán os solicitantes de permiso de condución, excepto do da clase AM, así como a de control de coñecementos específicos que realizarán os solicitantes de permiso ou licenza de condución, segundo a súa clase, teñen por obxecto garantir que estes posúen un coñecemento razoado e unha boa comprensión sobre as materias que, en cada caso, se indican no anexo V. B). 1 e 2.

2. Os titulares de permisos ou licenzas de condución cuxa perda de vixencia fose declarada pola perda total dos puntos asignados, tras a realización con aproveitamento do correspondente curso de sensibilización e reeducación viaria, realizarán unha proba de control de coñecementos sobre as materias descritas na Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo, pola que se regulan os cursos de sensibilización e reeducación viaria para os titulares dun permiso ou licenza de condución.

Artigo 48. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado.

1. O contido da proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado orientarase a comprobar a destreza e habilidade dos aspirantes no dominio e manexo do vehículo e dos seus mandos.

2. Os solicitantes de permiso ou licenza de condución, segundo a súa clase, realizarán as manobras indicadas no anexo V. B).3.

Artigo 49. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

1. Os aspirantes ao permiso de condución, excepto ao da clase AM, previamente á realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías

abertas ao tráfico xeral, deberán demostrar, en canto sexa compatible co vehículo, que son capaces de prepararse para unha condución segura.

2. Deberán efectuar obrigatoriamente, con toda seguranza e coas precaucións necesarias, as operacións indicadas no anexo V. B). 4.

3. En cada unha das situacións de condución, deberán demostrar soltura no manexo dos diferentes mandos do vehículo e dominio para se introduciren na circulación con total seguranza.

Durante a proba deberán dar unha impresión de seguranza. Os erros de condución ou un comportamento perigoso que ameace a seguranza do vehículo de exame, os seus pasaxeiros ou outros usuarios da vía, tanto se é necesaria como se non a intervención do examinador ou acompañante, será causa suficiente para interromper a proba e cualificar a súa falta de aptitude. Non obstante, o examinador poderá decidir continuar coa proba ata que a detención do vehículo se poida realizar de forma segura.

4. Deberán, así mesmo, mostrar un comportamento prudente e cortés. Este é un reflexo da forma de conducir considerada na súa globalidade que o examinador debe ter en conta para facerse unha idea xeral da súa preparación. Será un criterio positivo unha condución flexible e disposta, á parte de segura, que teña en conta as condicións meteorolóxicas e da vía pública, dos demais vehículos, os intereses dos demais usuarios daquela, especialmente dos máis vulnerables, e unha capacidade de anticipación.

Artigo 50. *Centro de exames en que se realizarán as probas.*

As probas realizaranse na provincia á cal se dirixise a solicitude e no centro de exames que, atendidas as circunstancias e as posibilidades do servizo, determine a xefatura provincial de Tráfico.

Artigo 51. *Convocatorias.*

1. Cada solicitude para obter permiso ou licenza de condución dará dereito a dúas convocatorias para realizar as probas. Entre convocatorias dun mesmo expediente non deberá mediar máis de seis meses, salvo en casos de enfermidade ou outros excepcionais debidamente xustificadas.

A antelación máxima para poder presentarse á primeira convocatoria das probas de control de coñecementos, será dos tres meses anteriores ao cumprimento da idade mínima exixida para obter a clase de permiso ou licenza de condución de que se trate.

2. Como norma xeral, as probas de control de coñecementos realizaranse en data distinta á de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado e esta á de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral. En casos excepcionais debidamente xustificadas, a xefatura provincial de Tráfico poderá autorizar a celebración de todas ou algunhas delas na mesma data.

3. As datas das probas serán fixadas, a pedimento do interesado, pola xefatura provincial de Tráfico á cal se dirixa a solicitude, tendo en conta as posibilidades do servizo. Non se presentar a calquera das probas nas datas fixadas dará lugar á perda da convocatoria, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.

4. No suposto previsto no artigo 38.1 e, se é o caso, no punto 4, quen realízase con aproveitamento o curso de sensibilización e reeducación viaria contará con tres convocatorias para superar a proba de control de coñecementos sobre as materias descritas na Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo.

Para poder presentarse a cada unha das convocatorias de que dispón, deberá realizar un ciclo formativo de catro horas de duración no mesmo centro onde realizou o curso de sensibilización e reeducación viaria para a recuperación do permiso ou licenza de condución. O ciclo formativo versará sobre as mesmas materias que ese curso e para acreditar a súa superación o centro expedirá unha certificación que será presentada polo interesado como requisito previo para poder realizar a proba.

Esgotadas as tres convocatorias sen ter superado a proba de control de coñecementos sobre as materias descritas na citada Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo, para obter unha

nova autorización administrativa para conducir deberá realizar un novo curso e superar a citada proba de control de coñecementos sobre estas materias.

Artigo 52. *Forma de realizar as probas de control de coñecementos.*

1. As probas de control de coñecementos faranse de modo que se garanta que o aspirante posúe os coñecementos adecuados. Con carácter xeral, realizaranse por procedementos informáticos.

O aspirante seleccionará as respostas que considere correctas entre as propostas para cada pregunta.

2. O número de preguntas formuladas e de posibles respostas correctas serán os que se indican no anexo VI. B). 1.

Artigo 53. *Cualificación das probas.*

1. As probas, tanto as de control de coñecementos como as de control de aptitudes e comportamentos, serán cualificadas de apto ou non apto. A declaración de aptitude nunha proba terá un período de vixencia de dous anos contado desde o día seguinte a aquel en que o aspirante foi declarado apto na proba.

Cando o aspirante, dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, supere a proba seguinte, o prazo de vixencia comezará a contarse de novo.

As probas serán eliminatorias. Os que non superasen as de control de coñecementos non poderán realizar a de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado e, os que non superasen esta, non poderán realizar a de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

2. O persoal examinador encargado de cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos deberá reunir uns requisitos mínimos de cualificación, de acordo co establecido no anexo VIII.

A súa actuación deberá ser controlada e supervisada polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a súa organización periférica, de acordo co previsto no anexo VIII, co fin de garantir a aplicación correcta e homoxénea das disposicións relativas á valoración das faltas de acordo coas normas que establece este regulamento.

Ademais, para efectos do disposto no número anterior, a cualificación das probas axustarase aos criterios que se establecen no anexo VI. B). 3 e C). 3.

Artigo 54. *Exencións.*

1. Estarán exentos de realizar a proba de control de coñecementos común os que sexan titulares dun permiso de conducción en vigor para cuxa obtención fose preciso superar esta proba, ou a superasen para a obtención de calquera outra clase de permiso, sempre que estea dentro do período de vixencia de dous anos a que se refire o artigo 53.1.

2. Estarán exentos de realizar a proba de control de coñecementos específicos correspondente os que sexan titulares dun permiso de conducción en vigor, ou superasen esta proba para a súa obtención, de acordo co que se expresa a continuación:

- a) Os que soliciten o permiso da clase A2 e sexan titulares do da clase A1.
- b) Os que soliciten o permiso da clase C, e sexan titulares do da clase C1.
- c) Os que soliciten o permiso da clase D, e sexan titulares do da clase D1.
- d) Os que soliciten o permiso da clase C + E, e sexan titulares do das clases C1 + E ou D1 + E.
- e) Os que soliciten o permiso da clase D1 + E ou D + E, e sexan titulares do da clase C1 + E.

3. Estarán exentos de realizar a proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral os que sexan titulares dun permiso de conducción en vigor da clase B con máis dun ano de antigüidade e soliciten o permiso da clase BTP.

Artigo 55. Outros requisitos para a realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

1. Para realizar a proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral, ao dobre mando do vehículo, excepto cando se trate de motocicletas, irá un profesor ou quen impartise a formación de acordo co previsto no anexo VIII.

Nos vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos soamente poderán ir os aspirantes, os examinadores e os profesores ou acompañantes autorizados.

2. Durante a realización da proba, as instrucións precisas serán dadas exclusivamente polo examinador encargado de cualificala, quen poderá ir ao dobre mando se así se establecese a Dirección Xeral de Tráfico naqueles casos en que non sexa necesario realizar a formación a través dunha escola particular de condutores.

3. O profesor ou o acompañante será o responsable da seguranza da circulación. Non deberá intervir no desenvolvemento da proba, xa sexa dando instrucións con signos, palabras ou de calquera outra forma, xa sexa exercendo acción directa sobre os mandos do vehículo, salvo en caso de emerxencia, erros ou comportamentos do aspirante que impliquen inobservancia grave de normas ou sinais reguladores da circulación ou cuestións de seguranza viaria que ameacen a seguranza do vehículo, dos seus ocupantes ou doutros usuarios da vía. Se o fixer, aínda que sexa debido a unha situación en que está obrigado a intervir, interromperase e suspenderase a proba e o aspirante será declarado non apto na convocatoria de que se trate.

4. Cando se trate de solicitantes de permiso das clases A1 e A2, o aspirante, unha vez superada a proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado, poderá iniciar a súa formación práctica en vías abertas ao tráfico xeral, nas condicións e cos requisitos que se establecen no anexo VI. C).6.

O aspirante realizará a proba conducindo a motocicleta que corresponda sen acompañante. O examinador dirixirá a proba e dará as instrucións precisas, por medio dun intercomunicador eficaz. No vehículo de acompañamento, ademais do examinador e o profesor condutor do vehículo, poderán ir outros aspirantes.

Ao aspirante que padeza hipoacusia que lle impida recibir as instrucións a través de intercomunicador seralle facilitado un esquema en que se represente graficamente o itinerario que se vai realizar.

Artigo 56. Duración das probas.

O tempo destinado á realización das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos será o que se establece no anexo VI. B).2 e C).2.

Artigo 57. Interrupción das probas.

1. Procederá a interrupción e suspensión das probas de control de coñecementos, e a declaración de non apto na convocatoria de que se trate, dos aspirantes que perturben a orde en calquera delas ou cometan ou intenten cometer fraude na súa realización.

Ademais da declaración de non apto na convocatoria de que se trate, poderase acordar a interrupción e suspensión das probas de control de aptitudes e comportamentos cando os aspirantes denoten manifesta impericia ou carencia do dominio do vehículo ou os seus mandos e cometan erros ou faltas que, individualmente consideradas ou por acumulación con outras, impliquen esta cualificación ou se dean os supostos recollidos no artigo 55.3.

2. Non se iniciarán as probas ou, se é o caso, serán interrompidas, no suposto de que o aspirante ou o profesor non presenten a documentación requirida para seren identificados ou cando o aspirante careza do equipamento de protección adecuado ou non leve as correccións, próteses ou adaptacións na persoa ou no vehículo ou as que leve sexan inadecuadas.

Procederase da mesma maneira cando o profesor ou o acompañante non presten a colaboración debida ao examinador para que a proba se poida desenvolver ou iniciar coas

debidas garantías, cando existan indicios racionais de que, polas circunstancias que concorren, as probas non se poden desenvolver coa normalidade ou seguranza debidas, ou cando a circulación nas condicións apreciadas constituíse infracción aos preceptos do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, e disposicións complementarias.

En calquera dos supostos descritos nos dous parágrafos anteriores, a non iniciación ou a interrupción da proba non implicará a perda da convocatoria para o aspirante.

Artigo 58. *Lugar de realización das probas de control de aptitudes e comportamentos.*

1. A proba de control de aptitudes e comportamentos en circuío pechado realizarase nun terreo ou pista especial pechado á circulación e debidamente adaptado para isto.

No terreo ou pista especial unicamente poderán permanecer os aspirantes a que corresponda realizala, o persoal da Dirección Xeral de Tráfico e, cando o soliciten e sexan autorizados, os responsables do ensino da conducción, aínda que estes no lugar que se lles indique e coa exclusiva finalidade de presenciar a realización daquela e, se é o caso, colaborar cos funcionarios da xefatura provincial de Tráfico na súa realización.

Cando se trate de aspirantes ao permiso da clase B, a proba poderase realizar durante o desenvolvemento da de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e, cando as circunstancias o aconsellen, no terreo ou pista a que se refire o parágrafo primeiro.

2. A proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral terá lugar, se for posible, en vías situadas fóra de poboado, en autopistas ou autovías, así como en todo tipo de vías urbanas (zonas residenciais, zonas con limitacións de 30 e 50 km/h), que deberán presentar os diferentes tipos de dificultades que pode encontrar un condutor.

Sempre que sexa posible, a proba desenvolverase en diferentes condicións de intensidade de tráfico. O tempo de duración da proba deberase utilizar de forma óptima co fin de comprobar o comportamento do aspirante nos diferentes tipos de tráfico que pode encontrar, prestando especial atención á transición dun a outro.

Sección 2.^a *Dos vehículos que se utilizarán nas probas*

Artigo 59. *Requisitos xerais.*

1. Os vehículos que se utilizarán na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos deberán cumprir as prescricións contidas na regulamentación de vehículos e no anexo VII. A).

2. Ademais, os vehículos e, se é o caso, os sistemas de comunicación, deberanse encontrar en bo estado de limpeza e hixiene, conservación, mantemento, eficacia e seguranza, ao día nas inspeccións técnicas periódicas, provistos de toda a documentación regulamentaria e estar sinalizados na parte dianteira e traseira cunha placa das dimensións e características establecidas na normativa reguladora das escolas particulares de condutores así como na regulamentación de vehículos.

Artigo 60. *Requisitos específicos.*

Na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos para obter permiso ou licenza de conducción, segundo a clase de permiso ou licenza solicitados, utilizaranse os vehículos que se establecen no anexo VII. B).

Cando a proba veña imposta no correspondente convenio de troca os vehículos deberán reunir os requisitos específicos que se establecen no anexo VII. B).

Artigo 61. *Vehículos adaptados.*

1. Os que, por padeceren enfermidade ou deficiencia orgánica ou funcional, unicamente poidan obter permiso ou licenza de conducción extraordinarios suxeitos a condicións restritivas, poderán utilizar durante a aprendizaxe e na realización das probas

ciclomotores, vehículos para persoas de mobilidade reducida ou vehículos provistos de cambio automático ou semiautomático ou adaptados á deficiencia da persoa que teña que conducirlos, de acordo co ditame do centro de recoñecemento autorizado ou da autoridade sanitaria, de ser o caso.

2. Os vehículos adaptados que se vaian utilizar na aprendizaxe e na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral para obter o permiso ou a licenza de condución de que se trate suxeito a condicións restritivas, estarán provistos de dous espellos retrovisores interiores e dous exteriores, un a cada lado, e dobres mandos de freo e acelerador e, se for posible, de embrague.

3. Nos casos a que se refire o número 1, na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos efectuaranse as comprobacións oportunas para valorar a eficacia da prótese, de existir, verificar se as características do vehículo, así como se as adaptacións, restricións ou outras limitacións na persoa, no vehículo ou de circulación que se puidesen impor, e que se consignarán no permiso ou licenza que, se é o caso, se expida, ofrecen as suficientes garantías de seguranza. A xefatura provincial de Tráfico, se o considera necesario, poderá requirir para o efecto outros informes complementarios e, en especial, o asesoramento dun médico que pode ser designado polos servizos sanitarios competentes.

Artigo 62. *Verificacións.*

Os examinadores poderán verificar, en calquera momento das probas ou antes de que se inicien, se os vehículos presentados para a realización destas responden ás normas establecidas e reúnen os requisitos administrativos, técnicos e de seguranza necesarios. En caso contrario, o examinador poderá non iniciar as probas ou suspender a súa realización, sen que isto implique a perda da convocatoria para o aspirante.

CAPÍTULO IV

Das probas que se realizarán para comprobar os coñecementos para obter ou prorrogar a autorización especial que habilita para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas

Artigo 63. *Probas de control de coñecementos sobre formación teórica.*

Todo condutor que solicite a autorización administrativa especial a que se refire o artigo 25, ou a súa ampliación, deberá demostrar que posúe os coñecementos razoados, a comprensión e as aptitudes necesarias para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas. Para isto, realizará unha proba teórica común e unha proba teórica específica de control de coñecementos que versarán sobre os temas que se indican no anexo V. C). 1.

Artigo 64. *Probas de control sobre formación práctica.*

Todo o que solicite a autorización especial a que se fai referencia no artigo anterior, ou a súa ampliación, deberá demostrar, ademais, que posúe unha formación práctica, mediante a realización duns exercicios individuais sobre as materias que se indican no anexo V. C). 2.

Artigo 65. *Centros en que se realizarán as probas e os exercicios prácticos.*

1. As probas teóricas de control de coñecementos realizaranse:

a) No centro de exames que, atendidas as circunstancias e as posibilidades do servizo, determine a xefatura provincial de Tráfico a que se dirixise a solicitude, cando as probas sexan para obter ou ampliar a autorización.

b) Nos locais do centro de formación que impartise o curso aprobado pola xefatura provincial de Tráfico, cando as probas sexan para prorrogar a vixencia da autorización.

2. Os exercicios prácticos individuais sobre extinción de incendios e, se é o caso, os de carga e descarga e aquel outros cuxa natureza o requira, realizaranse no lugar e nas instalacións, e cos medios autorizados que, a pedimento do director do centro de formación, fosen fixados pola xefatura provincial de Tráfico ao aprobar o curso.

Os demais exercicios prácticos individuais, tales como os de primeiros auxilios e utilización dos distintivos de presinalización de perigo, realizaranse en conexión coa formación teórica, na aula onde se impartan as clases teóricas.

Artigo 66. *Convocatorias.*

1. Cada solicitude de probas teóricas de control de coñecementos para obter ou ampliar a autorización especial dará dereito a realizar as probas en dúas convocatorias. Entre convocatorias dun mesmo expediente non deberá mediar máis de seis meses.

As datas das probas a que se refire o parágrafo anterior serán fixadas, a pedimento do interesado, pola xefatura provincial de Tráfico que aprobese o curso, tendo en conta as posibilidades do servizo. Non se presentará a calquera das probas nas datas fixadas dar lugar, salvo casos debidamente xustificadas, á perda da convocatoria.

2. As datas das probas de control de coñecementos para prorrogar a vixencia da autorización e as dos exercicios prácticos individuais para obter, ampliar ou prorrogar esta autorización, que non se poidan realizar na aula a que se refire o artigo 65.2, parágrafo segundo, serán fixadas, a pedimento do director do centro de formación, pola xefatura provincial de Tráfico ao aprobar o curso.

Artigo 67. *Forma de realizar as probas.*

1. As probas teóricas de control de coñecementos faranse de forma que se garanta que o aspirante posúe uns coñecementos adecuados. Con carácter xeral, aquelas a que se refire o artigo 65.1 a) realizaranse por procedementos informáticos. Para a realización das probas, a xefatura provincial de Tráfico ou o centro de formación que impartise o curso facilitará aos aspirantes cuestionarios cuxas preguntas se extraerán dunha relación elaborada pola Dirección Xeral de Tráfico.

O número de preguntas de que estarán formados os cuestionarios será o que se indica no anexo VI. D). 1. Estas terán un grao variable de dificultade e asignaráselles unha avaliación diferente.

2. Os exercicios prácticos individuais realizaranse, segundo proceda, en instalacións adecuadas ou na aula onde se impartan as clases teóricas e cos medios e equipamentos adecuados que requira a natureza da proba. No seu desenvolvemento e execución será necesaria a participación activa de todos e cada un dos aspirantes.

Artigo 68. *Cualificación e vixencia das probas e exercicios.*

1. As probas teóricas de control de coñecementos, tanto a común como cada unha das específicas, e os exercicios prácticos individuais cualificaranse de apto ou non apto e con suxeición aos criterios establecidos no anexo VI. D). 3.

2. As probas teóricas de control de coñecementos serán controladas e cualificadas polos funcionarios da xefatura provincial de Tráfico que aprobese o curso cando se realicen para obter ou ampliar a autorización, e polo persoal directivo ou docente do centro de formación cando se realicen para prorrogar a súa vixencia.

Os exercicios prácticos individuais serán cualificados por persoal do centro de formación, empresa ou entidade que impartise a formación práctica.

3. Non obstante o disposto no número 2 anterior, funcionarios da Dirección Xeral de Tráfico ou da xefatura provincial de Tráfico que aprobese o curso poderán presenciar as probas teóricas de control de coñecementos que se realizarán nos centros de formación para prorrogar a vixencia da autorización e intervir na súa valoración e cualificación, así como utilizar na realización daqueles cuestionarios propios do organismo, sempre que as preguntas formuladas nestes figuren na relación a que se refire o artigo 67.1. Igualmente,

poderán presenciar e intervir na valoración e cualificación dos exercicios prácticos individuais.

4. A declaración de aptitude nas probas de control de coñecementos ou nos exercicios prácticos individuais para obter ou ampliar a autorización especial terá un período de vixencia de seis meses, contado desde o día seguinte a aquel en que o interesado foi declarado apto na proba ou exercicio de que se trate.

A declaración de aptitude nas probas ou nos exercicios prácticos individuais para prorrogar a vixencia da autorización caducará na mesma data que a autorización que se pretende prorrogar.

Artigo 69. *Duración das probas.*

O tempo destinado á realización das probas teóricas de control de coñecementos e os exercicios prácticos será o que se establece no anexo VI. D). 2.

Artigo 70. *Exencións.*

Estarán exentos de realizar a proba teórica común de control de coñecementos, así como os exercicios prácticos correspondentes a esta proba a que se refiren, respectivamente, os artigos 63 e 64 os titulares dunha autorización especial en vigor que soliciten a súa ampliación para a condución de vehículos que transporten materias e obxectos explosivos (clase 1), ou materias radioactivas (clase 7), ou vehículos cisterna, vehículos batería ou unidades de transporte que transporten cisternas ou contedores cisterna.

Artigo 71. *Das probas que se realizarán para prorrogar a vixencia da autorización.*

1. As normas establecidas nos artigos 63, 64 e 69 son igualmente aplicables aos condutores que, sendo titulares dunha autorización administrativa especial en vigor, soliciten a prórroga da súa vixencia por un novo período de cinco anos.

2. O novo período de vixencia da autorización especial comezará a partir da data en que caduque a vixencia da prorrogada.

TÍTULO III

Dos permisos de condución expedidos polas escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil

Artigo 72. *Escolas e organismos autorizados para expedir permisos de condución e a autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.*

1. O ministro do Interior determinará as escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil facultados para expedir permisos de condución, así como a autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, que poderán ser trocados polos seus equivalentes previstos nos artigos 4 e 25, respectivamente.

2. A formación impartida nas escolas e organismos a que se refire o punto anterior e as probas realizadas axustaranse, con carácter xeral, ao disposto nos capítulos III e IV do título II sen prexuízo das especialidades que correspondan á natureza militar dos vehículos e que deberán ser tidas en conta ao outorgar a autorización da escola ou organismo. Tamén se axustarán ao disposto no dito capítulo III os vehículos militares empregados nas referidas probas, na medida en que o permitan as súas características especiais e os criterios operativos que rexen a dotación de material automóbil nas Forzas Armadas.

3. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a súa organización periférica, logo da correspondente autorización da dirección do centro, poderá inspeccionar as escolas facultadas a que se refire o número 1 co fin de comprobar se os medios, programas, obxectivos e métodos empregados son adecuados para o ensino da condución e se as

probas de aptitude se realizan conforme o disposto na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

Artigo 73. Troca dos permisos de conducción e da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

1. A troca dos permisos de conducción quedará supeditada á concorrencia das seguintes circunstancias:

a) Que o titular do permiso teña a idade requirida para a clase de permiso de que se trate, de acordo co establecido no artigo 4.2 e reúna as condicións establecidas no artigo 7.1. alíneas a), b) e d).

b) Que o permiso fose expedido por unha escola ou organismo militar ou da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil legalmente facultados para expedir permisos trocables e que sexa dalgunha das clases expresamente previstas na autorización daquelas.

c) Que o permiso que se pretende trocar se encontre en vigor e non teña unha antigüidade superior á que corresponda por aplicación do establecido no artigo 12.

d) Que o titular do permiso estea en situación de actividade no corpo ou organismo militar ou policial ou non transcorresen máis de seis meses desde que cesou naquela actividade.

e) O permiso da clase A non se poderá trocar ata que o da clase A2 que posúa teña, polo menos, dous anos de antigüidade.

2. A troca da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas quedará supeditada á concorrencia das seguintes circunstancias:

a) Que o titular da autorización, a cal deberá estar en vigor, reúna as condicións establecidas no artigo 26 d) e e).

b) Que o seu titular posúa permiso de conducción civil ordinario da clase B con, polo menos, un ano de antigüidade. No suposto de que o permiso civil non teña esa antigüidade, deberá tela o permiso militar da clase B de que sexa titular o interesado.

c) Que a autorización fose expedida por unha escola ou organismo militar ou da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil legalmente facultados para isto.

d) Que o titular da autorización estea en situación de actividade no corpo ou organismo militar ou policial ou non transcorresen máis de seis meses desde que cesou naquela actividade.

3. Se o titular do permiso ou da autorización especial cumprir a idade exixida para obter o permiso civil equivalente despois dos seis meses de ter cesado o servizo activo, a troca deberase solicitar no prazo de seis meses contado desde o día que cumpriu a mencionada idade. Se desde a data en que cesou o servizo activo á data en que cumpriu a idade transcorrese máis dun ano, a troca exixirá, ademais, ter superado as probas nunha escola ou organismo militar autorizados.

Se o permiso de clase A2 alcanzar a antigüidade de dous anos despois dos seis meses de ter cesado no servizo activo, a troca do permiso da clase A deberase solicitar no prazo de seis meses contado desde o día que alcanzou aquela antigüidade.

4. A troca do permiso de conducción ou da autorización especial poderase solicitar de calquera xefatura provincial de Tráfico, utilizando para isto a solicitude que para tal efecto proporcionará o dito organismo, á cal se xuntarán os documentos que se indican no anexo III.

5. Realizada a troca, o permiso ou a autorización trocados ou, se é o caso, unha fotocopia deles, será enviado á escola ou organismo que o expedise.

Artigo 74. Formación impartida polas escolas oficiais de policía.

1. As escolas oficiais de policía que contén con autorización da Dirección Xeral de Tráfico, poderán impartir a formación necesaria para a obtención do permiso de conducción das clases A2, A e BTP, para os seus efectivos policiais e, se é o caso, para bombeiros,

axentes forestais ou outros colectivos profesionais cuxa formación como condutores tivesen atribuída.

2. Para efectos da obtención do permiso de condución das clases A2 e A, as escolas oficiais de policía a que se refire o punto anterior poderán impartir, para os seus efectivos policiais e para os colectivos profesionais que no citado punto se detallan, sempre que estes sexan titulares dun permiso de condución das clases A1 ou A2 respectivamente, un curso específico teórico e práctico que substitúa a experiencia mínima de dous anos na condución de motocicletas das características indicadas para a obtención do permiso de condución das clases A1 ou A2, respectivamente, requirida polo artigo 5.3 e 4.

Finalizado o curso, cando se trate da obtención dun permiso de condución da clase A2, as escolas someterán a aqueles que o superasen á proba específica de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral establecida no artigo 49.2, realizada cunha motocicleta sen sidecar das características que se indican no anexo VII. O certificado acreditativo da superación desta proba servirá para a expedición do correspondente permiso de condución pola xefatura provincial de Tráfico do lugar en que radique a escola.

Ademais, para obter aqueles permisos deberán ter, en todo caso, a idade mínima exixible para a clase de permiso de que se trate.

O permiso da clase A que se expida só autorizará a conducir vehículos policiais e dos colectivos a que se refire o número 1 ata que este, ou o de clase A2 que, se é o caso, posúa o interesado, teña dous anos de antigüidade. Esta limitación consignarase no permiso de condución mediante o código nacional correspondente.

3. Para efectos do disposto no parágrafo primeiro do artigo 5.6, as escolas oficiais de Policía a que se refire o número 1 poderán impartir, para os seus efectivos policiais e para os colectivos profesionais que no citado punto se detallan, sempre que estes sexan titulares dun permiso de condución da clase B con polo menos un ano de antigüidade, un certificado que acredite a suficiencia nos coñecementos teóricos exixidos para obter o permiso BTP, o cal substituirá a proba de control de coñecementos específicos que se indica no artigo 47.1.

4. A concesión do permiso de condución quedará supeditada a que as mencionadas escolas presenten, ante a Dirección Xeral de Tráfico, a programación dos correspondentes cursos con indicación das súas características, as materias de que consta, o sistema de avaliación e as probas que se deban realizar.

TÍTULO IV

Das infraccións e sancións

Artigo 75. *Infraccións e sancións.*

As infraccións aos preceptos deste regulamento serán sancionadas de conformidade co disposto no artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

TÍTULO V

Do Rexistro de Condutores e Infractores

Artigo 76. *O Rexistro de Condutores e Infractores.*

1. O Rexistro de Condutores e Infractores a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, será levado e xestionado pola Dirección Xeral de Tráfico.

2. No Rexistro de Condutores e Infractores recolleranse e xestionaranse de forma automatizada os datos de carácter persoal dos solicitantes e titulares de autorizacións administrativas para conducir, así como o seu comportamento e sancións por feitos

relacionados co tráfico e a seguranza viaria, coa finalidade de controlar que os titulares das autorizacións administrativas para conducir cumpran as exixencias previstas pola normativa vixente.

3. O titular do órgano responsable do rexistro ou ficheiro automatizado adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar, en todo caso, a confidencialidade, seguranza e integridade dos datos automatizados de carácter persoal existentes no rexistro e o seu uso para as finalidades para as que foron recollidos.

4. Serán de aplicación ao rexistro as medidas de seguranza de nivel alto previstas no Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Artigo 77. *Datos que deben figurar no Rexistro.*

No Rexistro de Condutores e Infractores figurarán os seguintes datos:

- a) Nome, apelidos, nacionalidade e domicilio do titular da autorización, o número do seu documento nacional de identidade se é español ou, se é o caso, o número de identidade de estranxeiro.
- b) Data, lugar de nacemento e sexo do titular da autorización.
- c) Clases de permiso ou licenza de condución e outras autorizacións administrativas ou documentos necesarios para conducir ou relacionados coa condución.
- d) Condición de profesional do ensino da condución, de formador ou de psicólogo - formador en cursos de sensibilización e reeducación viaria.
- e) Historial e resultados das distintas probas de aptitude realizadas para obter autorizacións administrativas para conducir.
- f) Historial, mencións e períodos de vixencia das distintas autorizacións ou documentos que autoricen a conducir.
- g) Mencións, incidencias, restricións e limitacións relacionadas coa propia autorización, a persoa titular desta, o vehículo ou a circulación.
- h) Identificación do servizo sanitario ou centro de recoñecemento que realizou a exploración do condutor e emitiu o correspondente informe de aptitude psicofísica, así como o resultado final do dito informe.
- i) Condenas xudiciais que afecten a autorización administrativa para conducir e as sancións administrativas que sexan firmes impostas por infraccións graves e moi graves.
- j) Nulidade ou lesividade, perda de vixencia, procesos e sentenzas de anulación, medidas cautelares adoptadas e, se é o caso, a intervención das autorizacións administrativas para conducir.
- k) Crédito de puntos de que se dispón.
- l) Resultado do curso de sensibilización e reeducación viaria e data da súa realización.
- m) Data da resolución denegando a troca solicitada, con indicación do Estado que expidise o permiso.
- n) Outras incidencias relacionadas coas autorizacións administrativas para conducir.

Artigo 78. *Tratamento e cesión de datos*

1. O tratamento e a cesión dos datos contidos no Rexistro someteranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

2. Os datos do Rexistro, que en ningún caso terá carácter público, unicamente serán obxecto de cesión cando así o autorice unha norma con rango de lei.

En particular, a cesión a outras administracións públicas só poderá ter lugar cando estas exerzan competencias sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria ou cando a cesión se realice no marco da normativa estatal ou autonómica reguladora da función estatística pública.

Artigo 79. Dereitos dos interesados

1. Os interesados poderán exercer ante o Rexistro os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición previstos nas normas vixentes en materia de protección de datos.

2. A Dirección Xeral de Tráfico poderá facilitar ao interesado a consulta de todo ou parte do contido do Rexistro, e, en particular, do seu saldo de puntos, a través de medios telemáticos. Neste caso, adoptaranse as medidas que permitan garantir a identidade do afectado, tales como a remisión a este dunha clave de acceso.

Disposición adicional primeira. *Licenzas de condución de ciclomotores expedidas con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.*

As licenzas de condución de ciclomotores expedidas con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, estarán suxeitas aos períodos de vixencia que se establecen no artigo 12.2 deste regulamento.

Disposición adicional segunda. *Residencia normal.*

Para efectos da aplicación deste regulamento entenderase por «residencia normal» o lugar en que permaneza unha persoa habitualmente, é dicir, durante polo menos cento oitenta e cinco días por cada ano natural, debido a vínculos persoais e profesionais ou, no caso dunha persoa sen vínculos profesionais, debido a vínculos persoais que indiquen unha relación estreita entre esa persoa e o lugar en que habite.

Non obstante, a residencia normal dunha persoa cuxos vínculos profesionais estean situados nun lugar diferente do dos seus vínculos persoais e que, por isto, se vexa obrigado a permanecer alternativamente en diferentes lugares situados en dous ou varios Estados, considérase situada no lugar a que a unan os seus vínculos persoais, sempre que volva a este lugar dunha forma regular. Esta última condición non será necesaria cando a dita persoa permaneza nun Estado para desempeñar unha misión dunha duración determinada. A asistencia a unha universidade ou escola non implicará o traslado da residencia normal.

En todo caso, unicamente se entenderá por residencia normal a permanencia en España en situación regular que deberá ser debidamente acreditada, de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Disposición adicional terceira. *Referencias ás xefaturas provinciais de Tráfico.*

Entenderase que todas as referencias realizadas neste regulamento á xefatura provincial de Tráfico inclúen tamén ás xefaturas locais de Tráfico das cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional cuarta. *Transporte escolar ou de menores.*

Para os efectos deste regulamento entenderase por transporte escolar ou de menores os que se determinan como tales no Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguranza no transporte escolar e de menores.

Disposición adicional quinta. *Condicións básicas e de accesibilidade para as persoas con discapacidade.*

En todos os ámbitos regulados neste regulamento se cumprirán os requisitos exixidos polas disposicións relativas á accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Disposición adicional sexta. *Datos persoais.*

As disposicións contidas neste regulamento que afecten o tratamento dos datos persoais aplicaranse de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional sétima. *Axuda mutua e utilización da rede do permiso de condución da Unión Europea.*

De conformidade co previsto no artigo 15 da Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, prestarase axuda e intercambiarase información con outros Estados membros sobre os permisos de condución expedidos, trocados, substituídos, renovados ou anulados, por calquera das canles operativas en cada momento, ata que a rede do permiso de condución da Unión Europea entre en funcionamento; desde este momento recorrerase a ela para intercambiar a citada información.

Disposición adicional oitava. *Permisos e licenza de condución expedidos en comunidades autónomas con lingua oficial propia.*

De acordo co disposto na disposición adicional cuarta do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, ás persoas que teñan o seu domicilio nalgunha das comunidades autónomas que teñan unha lingua cooficial, expediráselles o permiso ou a licenza de condución redactado, ademais de en castelán, na dita lingua.

Disposición adicional novena. *Documentación do certificado de aptitude profesional.*

O código comunitario 95, acreditativo do cumprimento da obriga de obtención do certificado de aptitude profesional prevista no artigo 3 da Directiva 2003/59/CE, substituirase pola tarxeta de cualificación do condutor, expedida de acordo co modelo do anexo VI do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Disposición adicional décima. *Exercicio dos dereitos recoñecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

Os dereitos recoñecidos no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, poderán exercerse en relación cos procedementos e actuacións que se regulan neste regulamento, conforme os prazos establecidos na disposición derradeira terceira da citada lei.

Disposición adicional décimo primeira. *Documentación que hai que presentar para a troca dos permisos de condución expedidos polas escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil*

Non se obrigará á presentación dos documentos exixidos nas alíneas a) e b) do número 1, da epígrafe I) do anexo III «Documentación para obter as distintas autorizacións», no momento en que estea operativa a interconexión das bases de datos entre as escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil coa Dirección Xeral de Tráfico.

Disposición transitoria primeira. *Equivalencia de permisos e licenzas de condución expedidos con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.*

1. Os permisos e as licenzas de condución expedidos conforme o modelo regulado na normativa anterior ao Real decreto 772/1997, do 30 de maio, continuarán sendo válidos nas mesmas condicións en que foron expedidos ata que expire o seu período de vixencia, sen necesidade de ser substituídos polos modelos regulados neste regulamento. A substitución non se realizará ata que, con ocasión da súa prórroga de vixencia ou de

calquera outro trámite regulamentario, proceda expedir o permiso ou a licenza de condución no novo modelo.

2. Os permisos e as licenzas de condución a que se refire o número 1 anterior, equivalerán:

- a) O permiso da clase A1, ao da clase A1, ben que autorizará a conducir motocicletas sen sidecar de ata 125 cm³, potencia máxima de 11 kW e unha relación potencia/peso non superior a 0,11 kW/kg.
- b) O permiso da clase A2, ao da clase A.
- c) O permiso da clase B1, ao da clase B.
- d) O permiso da clase B2, ao da clase BTP.
- e) O permiso da clase C1 que autoriza a conducir camións de masa máxima autorizada non superior a 7500 kg, ao da clase C1.
- f) O permiso da clase C1 que autoriza a conducir turismos e camións de masa máxima autorizada superior a 7500 kg e que non excedan os 16.000 kg, ao da clase C.
- g) O permiso da clase C2, aos das clases C e C + E.
- h) O permiso das clases C2 e C2 complementado co da clase E implicarán o da clase D + E para os condutores que estean en posesión do da clase D.
- i) O permiso da clase B1 complementado co da clase E, ao da clase B + E.
- j) O permiso da clase B2 complementado co da clase E, ao das clases B + E e BTP.
- k) O permiso da clase C1 complementado co da clase E que autoriza a conducir turismos e camións de ata 7500 kg de masa máxima autorizada cun remolque enganchado de máis de 750 kg de masa máxima autorizada, ao da clase C1 + E.
- l) O permiso da clase C1, que autoriza a conducir camións de ata 16.000 kg de masa máxima autorizada complementado co da clase E, ao da clase C + E.
- m) O permiso da clase B1 (TA) que autoriza a conducir tractores e maquinaria agrícola automotriz, á licenza de condución que autoriza a conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados, aínda que a súa masa ou dimensións máximas autorizadas excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios nas normas reguladoras dos vehículos.
- n) A licenza de condución de ciclomotores, ao permiso de condución da clase AM e ás licenzas que autorizan a conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida e vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos cuxa masa ou dimensións máximas non excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios nas normas reguladoras dos vehículos ou aínda que a súa velocidade máxima por construción sexa superior a 45 km/h.

Disposición transitoria segunda. *Equivalencia de permisos e licenzas de condución expedidos conforme un dos modelos previstos no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.*

1. Os permisos e as licenzas de condución expedidos conforme un dos modelos previstos no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, continuarán sendo válidos nas mesmas condicións que foron expedidos ata que finalice o seu período de vixencia, sen necesidade de ser substituídos polo modelo de permiso ou de licenza de condución regulado neste regulamento.

A substitución non se realizará ata que, con ocasión da súa prórroga de vixencia ou de calquera outro trámite regulamentario, proceda expedir o permiso ou a licenza de condución no novo modelo.

Cando a substitución teña lugar con ocasión da súa prórroga de vixencia substituirase o permiso ou licenza de condución polo novo modelo e o seu prazo de vixencia será o que corresponda de acordo co disposto neste regulamento. Cando a substitución teña lugar por calquera trámite que non sexa a prórroga da súa vixencia, expedirase o permiso ou licenza de condución no novo modelo ben que conservará o período de vixencia que tiver asignado.

2. Os permisos e as licenzas de condución a que se refire o número 1 anterior, equivalerán:

- a) O permiso da clase A1, ao da clase A1, ben que autorizará a conducir motocicletas sen sidecar de ata 125 cm³, potencia máxima de 11 kW e unha relación potencia/peso non superior a 0,11 kW/kg.
- b) O permiso da clase A limitado á condución de motocicletas cunha potencia de ata 25 kW ou unha relación potencia/peso de ata 0,16 kW/kg, ou motocicletas con sidecar cunha relación potencia/peso de ata 0,16 kW/kg, ao da clase A, ben que non autorizará a condución de motocicletas superiores ás indicadas ata que teña unha antigüidade de dous anos desde que aquel fose expedido.
- c) A autorización a que se refería o artigo 7.3, ao da clase BTP.
- d) A licenza de condución de ciclomotores, ao permiso da clase AM.
- e) A licenza que autoriza a conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida, á licenza que autoriza a conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida.
- f) A licenza para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos, á licenza para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos, ben que autorizará a súa condución aínda que a súa velocidade máxima por construción exceda os 45 km/h.

Disposición transitoria terceira. *Licenza de condución de ciclomotores e permisos das clases A1 e A2.*

Os que no momento da entrada en vigor deste regulamento sexan titulares dunha licenza de condución de ciclomotores ou dun permiso de condución das clases A1 ou A2, obtidos con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, estarán autorizados a conducir motocultores e tractores agrícolas e máquinas agrícolas automotrices cuxa masa máxima autorizada non exceda os 1000 kg e cuxa velocidade máxima autorizada non exceda os 20 km/h, sempre que non leven remolque.

Así mesmo, as licenzas de condución de ciclomotores obtidas con anterioridade ao 1 de setembro de 2008 autorizarán o seu titular a transportar pasaxeiros no vehículo, aínda que non teña os dezaioito anos cumpridos.

Disposición transitoria cuarta. *Permiso de condución da clase B1 (TA) restrinxido.*

Os que no momento da entrada en vigor deste regulamento sexan titulares dun permiso de condución da clase B1 (TA) restrinxido para a condución de tractores e máquinas automotrices agrícolas, a que se referían os artigos 262.VI e 309.1.2.2, ambos do Código da circulación, aprobado polo Decreto do 25 de setembro de 1934, estarán autorizados para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos aínda que a súa masa ou dimensións máximas autorizadas excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios ou aínda que a súa velocidade máxima por construción sexa superior a 45 km/h.

Disposición transitoria quinta. *Permiso de condución da clase B.*

Os que no momento da entrada en vigor deste regulamento sexan titulares dun permiso de condución da clase B poderán conducir vehículos especiais non agrícolas ou os seus conxuntos cuxa velocidade máxima non exceda os 40 km/h, con independencia de cal sexa a súa masa máxima autorizada.

Disposición transitoria sexta. *Vehículos que se utilizan nas probas de control de aptitudes e comportamentos.*

1. Sen prexuízo das especialidades que se recollen no punto seguinte, os vehículos que no momento da entrada en vigor deste regulamento se utilizan nas probas de control de aptitudes e comportamentos para a obtención do permiso ou a licenza de condución, e non cumpran os requisitos previstos neste, poderán seguir utilizándose nas ditas probas durante dez anos a partir da súa entrada en vigor, salvo os turismos que non estean

provistos de repousacabezas que se poderán seguir utilizando, unicamente, durante dous anos a partir da súa entrada en vigor.

2. As motocicletas que se utilizan nas probas para a obtención do permiso das clases A1 e A, dadas de alta nas escolas ou as súas seccións con anterioridade ao 9 de agosto de 2008, que non reúnan os requisitos previstos no anexo VII deste regulamento no que se refire ás características das rodas, poderanse seguir utilizando nas probas para a obtención do permiso das clases A1 e A2 ata o 1 de setembro de 2011.

Así mesmo, os utilizados nas probas de control de aptitudes e comportamentos para a obtención do permiso de condución das clases B + E, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D e D + E dados de alta nas escolas ou nas súas seccións con anterioridade ao 20 de outubro de 2004, que non reúnan os requisitos exixidos no citado anexo VII, poderán seguir utilizándose nesas probas ata o 30 de setembro de 2013.

Disposición transitoria sétima. *Examinadores.*

O persoal examinador encargado da cualificación das probas de control de aptitudes e comportamentos que veña desempeñando esta actividade con anterioridade á entrada en vigor do anexo VIII, poderá seguir realizándoa aínda cando non reúna os requisitos establecidos nas alíneas A) e B) do dito anexo. Non obstante, para poder seguir exercendo esta actividade, deberase someter aos requisitos de garantía de calidade e de formación periódica especificados na súa alínea D).

Disposición transitoria oitava. *Límite de raio de acción para os permisos de condución das clases D1 e D.*

O límite de raio de acción de 50 quilómetros para os permisos de condución das clases D1 e D, establecido no artigo 7.2 do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, aplicable aos permisos de condución desas clases obtidos ata o 10 de setembro de 2008, así como o código nacional 101 a que se refire a Orde INT/4151/2004, do 9 de decembro, mediante o cal se consignará aquela no permiso de condución, quedarán sen efecto a partir da data sinalada.

Disposición transitoria novena. *Obtención de permiso de condución de clase AM.*

Ata o 1 de setembro de 2010 poderase obter o permiso de condución da clase AM a partir dos catorce anos cumpridos, ben que este non autorizará a transportar pasaxeiros ata que o seu titular teña dezaoito anos cumpridos.

Disposición transitoria décima. *Cualificación das probas.*

Ata que se aplique o disposto no artigo 52.2 e o anexo VI. B). 1 en canto ao número de preguntas formuladas e de posibles respostas correctas, así como os criterios de cualificación previstos no artigo 53.2 e o anexo VI. B). 3, seguirán aplicándose os criterios contidos no artigo 57.2 e no anexo V. A) do Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.

Disposición transitoria décimo primeira. *Aplicación das novas características da proba de coñecementos.*

O número de preguntas formuladas e de posibles respostas correctas a que se refiren o artigo 52.2 e o anexo VI. B). 1, así como os criterios de cualificación previstos no artigo 53.2 e o anexo VI. B). 3, do regulamento, aplicaranse ás probas que se celebren a partir da data que se fixe por orde do ministro do Interior.

Disposición transitoria décimo primeira. *Persoal examinador.*

O anexo VIII aplicarase o 19 de xaneiro de 2013.

ANEXO I

Permiso comunitario de condución

A) Modelo e contido de permiso de condución comunitario

1. As características físicas da tarxeta correspondente ao modelo de permiso de condución serán conforme as normas ISO 7810 e ISO 7816-1.

2. O permiso constará de dúas caras:

A páxina 1 conterá:

1º a mención «PERMISO DE CONDUCCIÓN», en letras maiúsculas.

2º a mención «Reino de España».

3º a letra «E», como signo distintivo de España.

4º as informacións específicas do permiso expedido constarán numeradas do seguinte modo:

(1) o (os) apelido (s) do titular.

(2) o nome do titular.

(3) a data e o lugar de nacemento do titular.

(4) a) a data de expedición do permiso.

b) a data de expiración da validez administrativa do permiso.

c) a designación da autoridade expedidora.

(5) o número de permiso.

(6) a fotografía do titular.

(7) a sinatura do titular.

(8) as categorías de vehículos que o titular ten dereito a conducir.

5º A mención «MODELO DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS» así como a mención «permiso de condución» nas demais linguas da Comunidade Europea, impresas en rosa, de modo que sirvan de fondo do permiso, ademais de, en forma tenue, o escudo de España.

A páxina 2 conterá:

1º (9) as categorías de vehículos que o titular teña dereito a conducir.

(10) a data da primeira expedición de cada categoría (esta data deberase transcribir ao novo permiso en toda substitución ou intercambio posteriores).

(11) a data de expiración de validez de cada categoría.

(12) se é o caso, as mencións adicionais ou restritivas en forma codificada con respecto a cada categoría a que se apliquen.

Os códigos estableceranse do seguinte modo:

Códigos 1 a 99 códigos comunitarios harmonizados.

Códigos 100 e posteriores códigos nacionais válidos unicamente en circulación por territorio español.

(13) un espazo reservado para que outro Estado membro de acollida poida inscribir facultativamente mencións indispensables para a xestión do permiso.

(14) un espazo reservado para que o Estado membro que expida o permiso poida inscribir mencións indispensables para a súa xestión ou relativas á seguranza viaria).

2º Unha explicación das epígrafes numeradas que aparecen nas páxinas 1 e 2 do permiso (polo menos as epígrafes 1, 2, 3, 4a, 4b, 4c, 5, 10, 11 e 12).

3º No fondo, impresos en forma tenue figurarán dous escudos de España e a palabra «Tráfico».

Página 1



Página 2

		9.	10.	11.	12.
13.	14.	AM			
		A1			
		A2			
		A			
		B			
		C1			
		C			
		D1			
		D			
		BE			
		C1E			
		CE			
		D1E			
		DE			
btp					
12.					

1. Apellidos 2. Nombre
3. Fecha y lugar de nacimiento
4a. Válido desde
4b. Válido hasta
4c. Autoridad expedidora
5. Número
10. Válido desde
11. Válido hasta
12. Observaciones

B) *Códigos comunitarios harmonizados e códigos nacionais*

Códigos comunitarios harmonizados

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
01		Corrección e protección da visión:
	01.01	Lentes.
	01.02	Lente ou lentes de contacto.
	01.03	Cristal de protección.
	01.04	Lente opaca.
	01.05	Recubrimento do ollo.
	01.06	Lentes ou lentes de contacto.
02		Prótese auditiva/axuda á comunicación:
	02.01	Prótese auditiva dun oído.
	02.02	Prótese auditiva dos dous oídos.
03		Prótese/órtese do aparello locomotor:
	03.01	Prótese/órtese dos membros superiores.
	03.02	Prótese/órtese dos membros inferiores.
05		Limitacións (subcódigo obrigatorio, condución con restricións por causas médicas):
	05.01	Limitación a condución diúrna (por exemplo, desde unha hora despois do amencer ata unha hora antes do anoitecer).
	05.02	Limitación de condución no raio de ... km do lugar de residencia do titular, ou dentro da cidade ou rexión.
	05.03	Condución sen pasaxeiros.
	05.04	Condución cunha limitación de velocidade de ... km/h.
	05.05	Condución autorizada unicamente en presenza do titular dun permiso de condución.
	05.06	Sen remolque.
	05.07	Condución non permitida en autoestrada.
	05.08	Exclusión do alcohol.
10		Transmisión adaptada:
	10.01	Transmisión manual.
	10.02	Vehículos sen pedal de embrague (ou panca accionada manualmente para as motocicletas).
	10.03	Transmisión accionada electronicamente.
	10.04	Panca de cambios adaptada.
	10.05	Sen caixa de cambios secundaria.
15		Embrague adaptado:
	15.01	Pedal de embrague adaptado.
	15.02	Embrague manual.
	15.03	Embrague automático.
	15.04	Separación diante do pedal de embrague/pedal abatible/extraíble.
20		Mecanismos de freo adaptados:
	20.01	Pedal de freo adaptado.
	20.02	Pedal de freo agrandado.
	20.03	Pedal de freo accionado polo pé esquerdo.
	20.04	Pedal de freo que encaixa na sola do calzado.
	20.05	Pedal de freo con inclinación.
	20.06	Freo de servizo manual (adaptado).
	20.07	Utilización máxima do freo de servizo reforzado.
	20.08	Utilización máxima do freo de emerxencia integrado no freo de servizo.
	20.09	Freo de estacionamento adaptado.
	20.10	Freo de estacionamento accionado electricamente.
	20.11	Freo de estacionamento (adaptado) accionado polo pé.
	20.12	Separación diante do pedal de freo/pedal abatible/extraíble.

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
	20.13	Freo accionado polo xeonllo.
	20.14	Freo de servizo accionado electricamente.
25		Mecanismos de aceleración adaptados:
	25.01	Pedal de acelerador adaptado.
	25.02	Pedal de acelerador que encaixa na sola do calzado.
	25.03	Pedal de acelerador con inclinación.
	25.04	Acelerador manual.
	25.05	Acelerador de xeonllo.
	25.06	Servoacelerador (electrónico, pneumático, etc.).
	25.07	Pedal de acelerador á esquerda do pedal de freo.
	25.08	Pedal de acelerador á esquerda.
	25.09	Separación diante do pedal do acelerador/pedal abatible/extraíble.
30		Mecanismos combinados de freo e de aceleración adaptados:
	30.01	Pedais paralelos.
	30.02	Pedais ao mesmo nivel (ou case).
	30.03	Acelerador e freo corredizos.
	30.04	Acelerador e freo corredizos e con órtese.
	30.05	Pedais de acelerador e freo abatibles/extraíbles.
	30.06	Piso elevado.
	30.07	Separación ao lado do pedal de freo.
	30.08	Separación para próteses ao lado do pedal de freo.
	30.09	Separación diante dos pedais de acelerador e freo.
	30.10	Soporte para o talón/para a perna.
	30.11	Acelerador e freo accionados electricamente.
35		Dispositivos de mandos adaptados (Interruptores dos faros, lava/limpaparabrisas, claxon, intermitentes, etc.).
	35.01	Dispositivos de mando accionables sen alterar a condución nin o control.
	35.02	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de garfo, etc.).
	35.03	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de garfo, etc.) coa man esquerda.
	35.04	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de garfo, etc.) coa man dereita.
	35.05	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de garfo, etc.) nin os mecanismos combinados de aceleración e freada.
40		Dirección adaptada:
	40.01	Dirección asistida convencional.
	40.02	Dirección asistida reforzada.
	40.03	Dirección con sistema auxiliar.
	40.04	Columna de dirección alongada.
	40.05	Volante axustado (volante de sección máis grande ou máis grosa, volante de diámetro reducido, etc.).
	40.06	Volante con inclinación.
	40.07	Volante vertical.
	40.08	Volante horizontal.
	40.09	Condución accionada co pé.
	40.10	Dirección alternativa axustada (accionada por panca, etc.).
	40.11	Pomo no volante.
	40.12	Volante con órtese da man.
	40.13	Con órtese de tenodese.
42		Retrovisor(es) adaptado(s):
	42.01	Retrovisor lateral exterior (esquerdo ou dereito).
	42.02	Retrovisor exterior implantado na aleta.

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
	42.03	Retrovisor interior suplementario para controlar o tráfico.
	42.04	Retrovisor interior panorámico.
	42.05	Retrovisor para evitar o punto cego.
	42.06	Retrovisor(es) exterior(es) accionables electricamente.
43		Asento do condutor adaptado:
	43.01	Asento do condutor a unha altura adecuada para a visión e a unha distancia normal do volante e o pedal.
	43.02	Asento do condutor axustado á forma do corpo.
	43.03	Asento do condutor con soporte lateral para mellorar a estabilidade en posición sentado.
	43.04	Asento do condutor con repousabrazos.
	43.05	Asento do condutor corredizo con gran percorrido.
	43.06	Cintos de seguranza adaptados.
	43.07	Cinto de suxeición en catro puntos.
44		Adaptacións da motocicleta (subcódigo obrigatorio):
	44.01	Freo de mando único.
	44.02	Freo (axustado) accionado coa man (roda dianteira).
	44.03	Freo (axustado) accionado co pé (roda traseira).
	44.04	Acelerador manual (axustado).
	44.05	Transmisión e embrague manuais (axustados).
	44.06	Retrovisor(es) axustado(s).
	44.07	Mandos (axustados) (intermitentes, luz de freo...).
	44.08	Altura do asento axustada para permitir ao condutor alcanzar o chan cos dous pés en posición sentado.
45		Unicamente motocicletas con sidecar.
50		Limitado a un vehículo/un número de chasis específico (número de identificación do vehículo, NIV).
51		Limitado a un vehículo/matriculación específicos (número de rexistro do vehículo, NRV).

Códigos	Subcódigos	Aspectos administrativos. Significado
70		Troca do permiso nº... expedido por ... (símbolo EU/ONU, se se trata dun país terceiro); exemplo: 70.0123456789.NL).
71		Duplicado do permiso nº ... (símbolo EU/ONU, se se trata dun país terceiro); exemplo: 71.987654321.HR).
72		Limitado aos vehículos da categoría A cunha cilindrada máxima de 125 cm ³ e unha potencia máxima de 11 kW (A1).
73		Limitado aos vehículos da categoría B, de tipo triciclo ou cuadríciclo de motor (B1).
74		Limitado aos vehículos da categoría C cuxa masa máxima autorizada non exceda os 7500 kg (C1).
75		Limitado aos vehículos da categoría D cun máximo de 16 asentos, sen contar o do condutor (D1).
76		Limitado aos vehículos da categoría C cuxa masa máxima autorizada non exceda os 7500 kg (C1), cun remolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg, a condición de que a masa máxima autorizada do conxunto así formado non exceda os 12.000 kg e que a masa máxima autorizada do remolque non exceda da masa en baleiro do vehículo tractor (C1+E).
77		Limitado aos vehículos da categoría D cun máximo de 16 asentos, sen contar o do condutor (D1), cun remolque cuxa masa máxima autorizada exceda os 750 kg a condición de que: a) a masa máxima autorizada do conxunto así formado non exceda os 12.000 kg, a masa máxima autorizada do remolque non exceda a masa en baleiro do vehículo tractor, e b) o remolque non se utilice para o transporte de persoas (D1+E) (artigo 3.2 da Directiva 91/439/CEE).

Códigos	Subcódigos	Aspectos administrativos. Significado
78		Limitado a vehículos sen pedal de embrague (a panca accionada manualmente para as motocicletas) (Directiva 91/439/CEE, anexo II, I.B).5.1 e anexo VII, A), 4 do Regulamento xeral de condutores).
79		Limitado aos vehículos que cumpren as prescricións indicadas entre parénteses no marco da aplicación do número 1 do artigo 10 da Directiva 91/439/CEE. 90.01: á esquerda. 90.02: á dereita. 90.03: esquerda. 90.04: dereita. 90.05: man. 90.06: pé. 90.07: utilizable.
95		Condutor titular do CAP que satisfai a obriga de aptitude profesional prevista no artigo 3 da Directiva 2003/59/CE, válido ata o ... (1.1.2012) (por exemplo: 95.01.01.2012).
96		O condutor cursou unha formación completa ou superou unha proba de aptitude e comportamento conforme o disposto no anexo V da Directiva 2006/126/CE e no Regulamento xeral de condutores.

Códigos nacionais

Códigos	Subcódigos	Significado
101		Aplicable ao permiso das clases D e D + E. Limitado á condución de autobuses en traxectos cuxo raio de acción non sexa superior a 50 km arredor do punto en que se encontre normalmente o vehículo (artigos 5.2.c) e 6.2.d) do Real decreto 1032/2007).
105	1 2 3 4	Velocidade máxima limitada, por causas administrativas, a: 70 km/h. 80 km/h. 90 km/h. 100 km/h.
106	2 3 4 5	Data de primeira expedición do permiso. Exemplo: 106.2.(16.7.72): Troca de permiso militar ou policial. Troca de permiso estranxeiro. É titular doutro permiso estranxeiro non susceptible de troca en España. Permiso novo obtido tras ter sido declarada a perda de vixencia do que tiver por ter esgotado o crédito total de puntos asignados.
107		Permiso da clase AM limitado a ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos lixeiros.
200		Anexo ao permiso ou licenza de condución. O titular deberá levar un documento expedido pola xefatura provincial de Tráfico no cal figuran as condicións de utilización do vehículo.
201		Anexo ao permiso ou licenza de condución. O permiso ou licenza non serán válidos sen un documento en que figure o texto da resolución que determina os períodos de tempo en que se deberá cumprir a sanción de suspensión da autorización.
202		Limitado á condución de vehículos policiais e dos colectivos a que se refire o artigo 74.1, válido ata o ... (1.1.2012) (por exemplo: 202.01.01.2012) (artigo 74.2 Regulamento xeral de condutores).

ANEXO II

Licenza de condución e outras autorizacións para conducir

- A) Modelo e contido de licenza de condución
1. A licenza será de cor branca con trama verde, terá unhas dimensións de 80 milímetros de largo por 105 milímetros de longo e estará composta por dúas páxinas.
 2. Na licenza constarán os seguintes datos:
 - a) Na páxina 1:
 - 1º O escudo de España.
 - 2º A mención «LICENCIA DE CONDUCCIÓN», escrita en letras maiúsculas.
 - b) Na páxina 2:
 - 1º A fotografía do titular.
 - 2º As informacións específicas da licenza correspondentes a:
 - O número do documento de identidade do titular.
 - A clase de licenza.
 - O (os) apelido (s) do titular.
 - O nome do titular.
 - A data e lugar de nacemento.
- As mencións adicionais, as adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos, ou de circulación que, se é o caso, afectan o titular da licenza durante a condución.
- O lugar de expedición.
 - A data de expedición da licenza.
 - A data de expiración da validez administrativa da licenza.

Anverso

MINISTERIO DEL INTERIOR
DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO
SEFATURA DE TRÁFICO

LICENCIA DE CONDUCCIÓN

1. DNI-NIE & CLASE DE LICENCIA & APELLIDOS & NOME & DATA DE NACIMIENTO & LUGAR DE EXPEDICIÓN
7. DATA DE EXPEDICIÓN & VÁLIDA ATA & OBSERVACIONES

MODELO 1017 (01/07/2008)

Reverso

FOTO	1. DNI-NIE:	2. CLASE DE LICENCIA:
	3. APELLIDOS:	
	4. NOMBRE:	
	5. FECHA Y LUGAR DE NACIMIENTO:	
6. LUGAR DE EXPEDICIÓN:	7. FECHA DE EXPEDICIÓN:	8. VÁLIDO HASTA:
9. OBSERVACIONES:		

B) Modelo de autorización ADR para o transporte de mercadorías peligrosas

Anverso

<p>Para fines de la reglamentación nacional solamente. Aux fins de la réglementation nationale seulement.</p>	<p>ADR-CERTIFICADO DE FORMACIÓN PARA LOS CONDUCTORES DE VEHÍCULOS QUE TRANSPORTEN MERCANCIAS PELIGROSAS. ADR-CERTIFICAT DE FORMATION POUR LES CONDUCTEURS DE VEHICULES TRANSPORTANT DES MARCHANDISES DANGEREUSES.</p> <p>Certificado N.º Certificat N.º</p> <div style="text-align: center; border: 1px solid black; border-radius: 50%; width: 40px; margin: 0 auto; padding: 5px;">E</div> <p>Válido para la o las clases (1) (2) Valable pour la ou les classes (1) (2)</p> <p>En cisternas (1) En citernes (1) En vehículos no cisternas (1) Autres que citernes (1)</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.2</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.2</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.2</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td> <td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td> </tr> </table> <p>Hasta (fecha) (3) Jusqu'au (date) (3)</p>	1	1	2	2	3	3	4.1	4.2	5.1	5.2	6.1	6.2	7	7	8	8	9	9
1	1																		
2	2																		
3	3																		
4.1	4.2																		
5.1	5.2																		
6.1	6.2																		
7	7																		
8	8																		
9	9																		

(1) Táchese lo que no proceda. (2) Pour l'extension de la validité à d'autres classes, voir la page 3. (3) Pour le renouvellement de la validité, voir page 3.


Reverso

<p>Apellidos Nom</p> <p>Nombre Prénoms)</p> <p>Fecha de nacimiento Date de naissance</p> <p>Nacionalidad Nationalité</p> <p>Firma del titular: Signature du titulaire:</p> <hr/> <p>Expedido por la Jefatura de Tráfico de</p> <p>Deliberé par</p> <p>Fecha Date</p> <p>Firma (4): Signature (4):</p> <hr/> <p>Renovado hasta Renouvelé jusqu'au</p> <p>Por Par</p> <p>Fecha Date</p> <p>Firma (4): Signature (4):</p>	<p>SE AMPLIA LA VALIDEZ A LA CLASE O LAS CLASES (5) VALIDITE ETENDUE A LA CLASSE OU AUX CLASSES (5)</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%; border: 1px solid black; text-align: center;"> <p>En cisternas</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td></tr> </table> </td> <td style="width: 50%; border: 1px solid black; text-align: center;"> <p>En citernes</p> <p>Fecha Date 19</p> <p>Firma y/o sello Signature et/ou timbre</p> </td> </tr> </table> <hr/> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%; border: 1px solid black; text-align: center;"> <p>En vehículos no cisternas</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td></tr> </table> </td> <td style="width: 50%; border: 1px solid black; text-align: center;"> <p>Autres que citernes</p> <p>Fecha Date 19</p> <p>Firma y/o sello Signature et/ou timbre</p> </td> </tr> </table>	<p>En cisternas</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td></tr> </table>	1	2	3	4.1	5.1	6.1	7	8	9	<p>En citernes</p> <p>Fecha Date 19</p> <p>Firma y/o sello Signature et/ou timbre</p>	<p>En vehículos no cisternas</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td></tr> </table>	1	2	3	4.1	5.1	6.1	7	8	9	<p>Autres que citernes</p> <p>Fecha Date 19</p> <p>Firma y/o sello Signature et/ou timbre</p>
<p>En cisternas</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td></tr> </table>	1	2	3	4.1	5.1	6.1	7	8	9	<p>En citernes</p> <p>Fecha Date 19</p> <p>Firma y/o sello Signature et/ou timbre</p>													
1																							
2																							
3																							
4.1																							
5.1																							
6.1																							
7																							
8																							
9																							
<p>En vehículos no cisternas</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">2</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">3</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">4.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">5.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">6.1</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">7</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">8</td></tr> <tr><td style="border: 1px solid black; text-align: center;">9</td></tr> </table>	1	2	3	4.1	5.1	6.1	7	8	9	<p>Autres que citernes</p> <p>Fecha Date 19</p> <p>Firma y/o sello Signature et/ou timbre</p>													
1																							
2																							
3																							
4.1																							
5.1																							
6.1																							
7																							
8																							
9																							


(4) Y/o sello de la autoridad que expide el certificado. (5) Táchese lo que no proceda.

C) Modelo de permiso internacional para conducir

Anverso



Reverso



ANEXO III

Documentación para obter as distintas autorizacións para conducir

A) *Obtención do permiso ou licenza de condución*

1. De acordo co establecido no artigo 8.1, á solicitude para a expedición do permiso ou a licenza de condución xuntaranse:

a) Numero do documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro, así como o consentimento, se é o caso, para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o Sistema de Verificación de Datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non constar o seu consentimento na solicitude, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro, ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor

b) Unha fotografía recente do rostro do solicitante de 32 por 26 mm, en cor e con fondo claro, liso e uniforme, tomada de fronte coa cabeza totalmente descuberta, e sen lentes de cristais escuros ou calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa, que se incorporará ao expediente polo medio que estableza a Dirección Xeral de Tráfico.

c) Declaración por escrito de non se encontrar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

d) Declaración por escrito de non ser titular doutro permiso de condución, expedido noutro Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, de igual clase que o solicitado, ou que fose restrinxido, suspendido ou anulado.

e) Fotocopia do permiso de condución que, se é o caso, posúa, xa sexa expedido en España ou noutro Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acompañado do documento orixinal que será devolto unha vez cotexado.

f) Informe de aptitude psicofísica emitido por un centro de recoñecemento de condutores autorizado, ao cal estará incorporada a fotografía a que se fai referencia na alínea c) anterior.

2. De acordo co establecido no artigo 33, á solicitude para a expedición do permiso internacional para conducir, xuntaranse os documentos que se indican no número 1 alíneas a) e b), así como fotocopia do permiso de condución nacional xunto co documento orixinal que será devolto unha vez cotexado, no suposto de que o permiso de condución estranxeiro non estivese inscrito previamente no Rexistro de Condutores e Infrautores.

B) *Prórroga de vixencia do permiso ou licenza de condución*

1. De acordo co establecido no artigo 13.2, á solicitude de prórroga de vixencia do permiso ou a licenza de condución xuntaráselle os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b) e f).

2. De acordo co establecido no artigo 13.4, para solicitar a prórroga de vixencia do permiso ou a licenza de condución cuxos titulares se encontren no estranxeiro, deberase remitir a calquera xefatura provincial de Tráfico a solicitude xuntos cos seguintes documentos:

a) Talón-foto, ao cal estará adherida a fotografía a que se refire a epígrafe A).1. alínea b).

b) Informe de aptitude psicofísica a que se fai referencia na epígrafe A).1. alínea f), que será expedido por un médico do país onde se encontre o interesado e visado pola misión diplomática ou oficina consular de España nese país.

3. De acordo co establecido no artigo 15.4, para a renovación do permiso de condución non suxeito a un período de vixencia determinado, xuntaranse os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b) e f).

C) *Duplicados do permiso ou licenza de condución*

De acordo co establecido no artigo 11.2, á solicitude de duplicado xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a) e b), así como:

a) O permiso ou licenza de condución orixinal, cando a causa sexa a deterioración ou a variación de datos.

b) O documento que acredite a variación dos datos que figuran no permiso ou na licenza de condución, cando a causa sexa a variación de datos.

D) *Permisos de condución expedidos nun estado membro da Unión Europea ou en estados parte do acordo sobre o espazo económico europeo*

1. Inscripción no Rexistro de Condutores e Infractores

De acordo co establecido no artigo 16.2, á solicitude de inscrición subscrita polo interesado, xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), c) e e).

2. Substitución do permiso de condución en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal polo correspondente permiso de condución español

De acordo co establecido no artigo 17.1, á solicitude xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b) e c), así como:

a) O permiso ou licenza de condución orixinal, cando a causa sexa a deterioración.

b) O certificado expedido pola autoridade competente, se é o caso.

3. Troca do permiso de condución por outro español equivalente.

De acordo co establecido no artigo 18.1, á solicitude de troca do permiso de condución subscrita polo interesado, xuntaranse os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b), c) e d), así como o permiso de condución que se pretende trocar e a súa fotocopia.

E) *Permisos de condución expedidos en países terceiros*

De acordo co establecido no artigo 23.1, á solicitude de troca do permiso de condución subscrita polo interesado xuntaranse os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b), c), d) e f), así como:

a) Declaración expresa do seu titular responsabilizándose da autenticidade, validez e vixencia do permiso e, se é o caso, a súa tradución oficial para o castelán ou para a lingua cooficial correspondente, entendendo por tal a realizada conforme se indica no artigo 21.1. alínea b).

b) O permiso que se pretende trocar e fotocopia.

F) *Permisos de condución dos diplomáticos acreditados en España*

De acordo co establecido no artigo 24.2, á solicitude de troca do permiso de condución dos diplomáticos acreditados en España, os seus ascendentes, descendentes ou cónxuxe, xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b) e f), así como xustificación de que son titulares de permiso de condución válido equivalente ao que solicitan.

G) *Autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas*

1. De acordo co establecido no artigo 27.1, para obter a autorización especial, á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1 alíneas a) e c), así como:

a) Certificado expedido polo centro de formación que impartise o curso en que se acredite que o solicitante participou con aproveitamento nun curso de formación para condutores de vehículos que transporten mercadorías perigosas.

b) Informe de aptitude psicofísica a que se fai referencia na epígrafe A).1 alínea f), cando o solicitante non sexa titular dun permiso de condución en vigor dalgunha das clases sinaladas no artigo 45.1, alínea b).

2. De acordo co establecido no artigo 28.2, para obter a prórroga da autorización especial, á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os seguintes documentos:

a) Certificación acreditativa de ter seguido con aproveitamento un curso de actualización e perfeccionamento e superado as probas e exercicios prácticos individuais correspondentes.

b) Fotocopia da autorización que se pretende prorrogar.

c) Informe de aptitude psicofísica a que se fai referencia na epígrafe A).1 alínea f), cando o solicitante non sexa titular dun permiso de condución en vigor dalgunha das clases sinaladas no artigo 45.1.alínea b).

d) Declaración por escrito de non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

3. De acordo co establecido no artigo 29.1 para obter a ampliación da autorización especial, á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os seguintes documentos:

a) Certificado expedido polo centro de formación que impartise o curso en que se acredite que o solicitante participou con aproveitamento nun curso de especialización e superou as probas e exercicios prácticos individuais correspondentes.

b) Fotocopia da autorización especial que posúa o interesado.

c) Declaración por escrito de non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

H) *Proba de control de coñecementos para a recuperación do permiso ou da licenza de condución*

De acordo co establecido no artigo 38.2, para realizar a proba de control de coñecementos para a recuperación do permiso ou a licenza de condución, á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1.alíneas a), b) e f), así como copia da certificación prevista no anexo b) da Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo.

I) *Troca dos permisos de condución expedidos polas escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil*

1. Troca do permiso de condución

De acordo co establecido no artigo 73.4, á solicitude de troca subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1. alíneas a), b), c) e f), así como:

a) Permiso que se pretende trocar acompañado de fotocopia. Se o seu titular non cesase o servizo activo ou, cando tendo cesado, non fose posible por razóns de idade ou de antigüidade daquel trocar nun mesmo acto todas as clases do seu permiso de condución, devolveráselle o permiso orixinal, unha vez cotexado.

b) Certificación acreditativa de encontrarse en servizo activo ou, se é o caso, da data en que se deixou de prestar.

2. Troca da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas

De acordo co establecido no artigo 73.4, á solicitude de troca subscriba polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na epígrafe A).1.alíneas a), b), c) e f), así como:

a) Autorización especial que se pretende trocar acompañada de fotocopia. Se o seu titular non cesase no servizo activo, devolveráselle a autorización orixinal, unha vez cotexada.

b) Certificación acreditativa de encontrarse en servizo activo ou, de ser o caso, da data en que se deixou de prestar.

c) Permiso de condución militar da clase B con, polo menos, un ano de antigüidade, no suposto de que o permiso civil desta clase que posúa non a alcance.

ANEXO IV

Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou da licenza de condución

Enfermidades e deficiencias que serán causa de denegación ou de adaptacións, restricións de circulación e outras limitacións na obtención ou na prórroga do permiso ou a licenza de condución

1. Capacidade visual

Se para alcanzar a agudeza visual requirida for necesaria a utilización de lentes correctoras, deberase expresar no informe de aptitude psicofísica a obriga de usalas durante a condución. Estas lentes deberán ser ben toleradas. Para efectos deste anexo, as lentes intraoculares non se consideran como lentes correctoras, e entenderase como visión monocular toda agudeza visual igual ou inferior a 0,10 nun ollo, con ou sen lentes correctoras, debida a perda anatómica ou funcional de calquera etiología.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.1 Agudeza visual	<p>Débese posuír, se é preciso con lentes correctoras, unha agudeza visual binocular de, polo menos, 0,5.</p> <p>Non se admite a visión monocular.</p>	<p>Débese posuír, con ou sen corrección óptica, unha agudeza visual de, polo menos, 0,8 e 0,5 para o ollo con mellor e con peor agudeza, respectivamente. Se se precisar corrección con lentes, a potencia destas non poderá exceder ± 8 dioptrías.</p> <p>Non se admite a visión monocular.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Os afectados de visión monocular con agudeza visual no ollo mellor de 0,6 ou maior e máis de tres meses de antigüidade en visión monocular, poderán obter ou prorrogar o permiso ou licenza, sempre que reúnan as demais capacidades visuais. Cando, polo grao de agudeza visual ou pola existencia dunha enfermidade ocular progresiva, os recoñecementos periódicos o sexan por un período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.</p> <p>Espello retrovisor exterior a ambos os lados do vehículo e, se for o caso, espello interior panorámico.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Non se admite a cirurxía refractiva (distinta de afaquia).	Non se admite a cirurxía refractiva (distinta de afaquia).	Despois dun mes de efectuada cirurxía refractiva, presentando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza, con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, a criterio oftalmolóxico fixarase o período de vixencia posterior.	En caso de cirurxía refractiva, e transcorridos tres meses desde a intervención, presentando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, a criterio oftalmolóxico fixarase o período de vixencia posterior.
1.2 Campo visual	<p>Se a visión é binocular, o campo binocular debe ser normal. No exame binocular, o campo visual central non debe presentar escotomas absolutos en puntos correspondentes de ambos os ollos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.</p> <p>Se a visión é monocular, o campo visual monocular debe ser normal. O campo visual central non debe presentar escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.</p>	<p>Débese posuír un campo visual binocular normal. Despois da exploración de cada un dos campos monoculares, estes non deben presentar reducións significativas en ningún dos seus meridianos. No exame monocular non se admite a presenza de escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.</p> <p>Non se admite visión monocular.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.3 Afaqias e pseudofaqias	Non se admiten as monolaterais nin as bilaterais.	Ídem grupo 1.	Transcorrido un mes de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 1, o período de vixencia do permiso ou licenza será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.	Transcorridos dous meses de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 2, o período de vixencia do permiso será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.
1.4 Sensibilidade ao contraste	Non deben existir alteracións significativas na capacidade de recuperación do cegamento nin alteracións da visión mesópica.	Ídem grupo 1.	No caso de padecer alteracións da visión mesópica ou do cegamento, deberánse establecer as restricións e limitacións que, a criterio oftalmolóxico sexan precisas para garantir a seguranza na condución. En todo caso, débense descartar patoloxías oftalmolóxicas que orixinen alteracións incluídas nalgún dos restantes números sobre capacidade visual.	Non se admiten.
1.5 Motilidade palpebral	Non se admiten ptoses nin lagoftalmias que afecten a visión nos límites e condicións sinaladas nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 1	Non se admiten ptoses nin lagoftalmias que afecten a visión nos límites e condicións sinaladas nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 2.	Non se admiten.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.6 Motilidade do globo ocular	<p>As diplopías impiden a obtención ou prórroga.</p> <p>O nistagmus impide a obtención ou prórroga cando non permita alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos inclusive, cando sexa manifestación dalgunha enfermidade das incluídas neste anexo ou cando, a criterio facultativo, orixine ou poida orixinar fatiga visual durante a condución.</p>	<p>Ídem grupo 1.</p> <p>O nistagmus impide a obtención ou prórroga cando non permita alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 2, ambos inclusive, cando sexa manifestación dalgunha enfermidade das incluídas no presente anexo ou cando, a criterio facultativo, orixine ou poida orixinar fatiga visual durante a condución.</p>	<p>Só se permitirán de forma excepcional e a criterio facultativo as formas conxénitas ou infantís, sempre que non se manifesten nos 20 graos centrais do campo visual e non produzan ningunha outra sintomatoloxía, en especial fatiga visual. En caso de permitirse a obtención ou prórroga do permiso ou licenza, o período de vixencia máximo será de tres anos. Cando a diplopía se elimine mediante a oclusión dun ollo, aplicaranse as restricións propias da visión monocular.</p> <p>Non se admiten.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.7 Deterioración progresiva da capacidade visual	<p>Non se admiten outros defectos da visión binocular nin estrabismos que impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos inclusive. Cando non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos inclusive, o oftalmólogo deberá valorar, principalmente, as súas consecuencias sobre a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de inclinación da cabeza e a aparición de diplopía, así como a probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia.</p> <p>As enfermidades progresivas que non permitan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 a 1.6 anteriores, ambos inclusive, impiden a obtención ou prórroga.</p>	<p>Non se admiten outros defectos da visión binocular nin os estrabismos.</p> <p>As enfermidades e os trastornos progresivos da capacidade visual impiden a obtención ou prórroga.</p>	<p>Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos inclusive, e debido á súa repercusión sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de inclinación da cabeza, a aparición de diplopía ou pola probable evolución do proceso, os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, este fixarase segundo o criterio oftalmolóxico.</p> <p>Cando non impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 a 1.6, e os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.</p>	<p>Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 2, ambos inclusive, o oftalmólogo deberá valorar as súas consecuencias sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de inclinación da cabeza, a aparición de diplopía ou pola probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia, que será en todo caso como máximo de tres anos.</p> <p>Non se admiten.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Cando, aínda alcanzando os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.6 anteriores, ambos inclusive, a presión intraocular se encontre por cima dos límites normais, deberanse analizar posibles factores de risco asociados e establecerase un control periódico a criterio oftalmolóxico.	Ídem grupo 1.	Cando os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.	Cando os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.

2. Capacidade auditiva

Cando para alcanzar a agudeza auditiva mínima requirida que se indica no número 2.1 sexa necesaria a utilización de audífono, deberase expresar a obriga de uso durante a condución.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
2.1 Agudeza auditiva	As hipoacusias, con ou sen audífono, de máis do 45 por 100 de perda combinada entre os dous oídos, obtido o índice desta perda realizando audiometría tonal, impiden a obtención ou prórroga do permiso ou licenza.	As hipoacusias, con ou sen audífono, de máis do 35 por 100 de perda combinada entre os dous oídos, obtido o índice desta perda realizando audiometría tonal, impiden a obtención ou prórroga do permiso.	Os afectados de hipoacusia con perda combinada de máis do 45 por 100 (con ou sen audífono) deberán levar espello retrovisor exterior a ambos os lados do vehículo e interior panorámico.	Non se admiten.

3. Sistema locomotor

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
3.1 Motilidade	<p>Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)</p> <p>Non debe existir ningunha alteración que impida a posición sedente normal ou un manexo eficaz dos mandos e dispositivos do vehículo, ou que requira para isto de posicións atípicas ou fatigosas, nin afeccións ou anomalías que precisen adaptacións, restricións ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación.</p>	<p>Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)</p> <p>Ídem grupo 1.</p>	<p>Grupo 1 (4)</p> <p>As adaptacións, restricións e outras limitacións que se impoñan en persoas, vehículos ou na circulación determinaranse de acordo coas discapacidades que padeza o interesado debidamente reflectidas no informe de aptitude psicofísica e avaliadas nas correspondentes probas estáticas ou dinámicas.</p>	<p>Grupo 2 (5)</p> <p>Excepcionalmente, admitiranse dispositivos de cambio automático e de asistencia da dirección con informe favorable da autoridade médica competente e coa debida avaliación, se for o caso, nas probas estáticas ou dinámicas correspondentes. En todo caso, teranse debidamente en conta os riscos ou perigos adicionais relacionados coa condución dos vehículos derivados das deficiencias que se inclúen neste grupo.</p>
3.2 Afeccións ou anomalías progresivas	<p>Non deben existir afeccións ou anomalías progresivas.</p>	<p>Ídem grupo 1.</p>	<p>Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.</p>	<p>Non se admiten.</p>
3.3 Tamaño	<p>Non se admiten tamaños corporais que orixinen unha posición de condución incompatible co manexo seguro do vehículo ou coa correcta visibilidade do condutor.</p>	<p>Ídem grupo 1.</p>	<p>Cando o tamaño corporal impida unha posición de condución segura ou non permita a adecuada visibilidade do condutor, as adaptacións, restricións ou limitacións que se impoñan serán fixadas segundo criterio técnico e de acordo co ditame médico, coa debida avaliación, se for o caso, nas correspondentes probas estáticas ou dinámicas.</p>	<p>Non se admiten.</p>

4. *Sistema cardiovascular*

Para efectos de valorar a capacidade funcional, utilizarase a clasificación da New York Heart Association en clases de actividade física da persoa obxecto de exploración. Na clase funcional I inclúense aquelas persoas cuxa actividade física habitual non está limitada e non ocasiona fatiga, palpitations, dispnea ou dor anxinosa. Na clase funcional II inclúense aquelas cuxa actividade física habitual está moderadamente limitada e orixina sintomatoloxía de fatiga, palpitations, dispnea ou dor anxinosa. Na clase III existe unha marcada limitación da actividade física habitual, aparecendo fatiga, palpitations, dispnea ou dor anxinosa após unha actividade menor da habitual. A clase IV supón a imposibilidade de desenvolver calquera actividade física sen a aparición de síntomas en repouso.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
4.1 Insuficiencia cardíaca	Non debe existir ningunha alteración que afecte a dinámica cardíaca con signos obxectivos e funcionais de descompensación ou síncope. Non debe existir ningunha cardiopatía que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.	Non debe existir ningunha alteración que afecte a dinámica cardíaca con signos obxectivos e funcionais de descompensación ou síncope, nin existir arritmias ou outra sintomatoloxía asociada. O informe cardiolóxico incluírá a determinación da fracción de exceción que deberá ser superior ao 45 por cento. Non debe existir cardiopatía que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, III ou IV.	Non se admiten. Non se admiten.	Non se admiten. Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
4.2 Trastornos do ritmo	<p>Non debe existir arritmia maligna durante os últimos seis meses que orixine ou poida orixinar unha perda de atención ou unha síncope no condutor, salvo nos casos con antecedente de terapia curativa e informe favorable do cardiólogo.</p> <p>Non debe existir ningunha alteración do ritmo que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.</p>	<p>Non debe existir ningún trastorno do ritmo cardíaco que poida orixinar unha perda de atención ou unha síncope no condutor, nin antecedentes de perda de atención, isquemia cerebral ou síncope secundaria ao trastorno do ritmo durante os dous últimos anos, salvo nos casos con antecedentes de terapia curativa e informe favorable do cardiólogo.</p> <p>Non debe existir ningunha alteración do ritmo que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, III ou IV.</p>	<p>Cando existan antecedentes de taquicardia ventricular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía que avale o tratamento, a ausencia de recorrencia do cadro clínico e unha aceptable función ventricular, poderase fixar un período de vixencia inferior ao normal do permiso ou licenza segundo criterio médico.</p> <p>Non se admiten.</p>	<p>Cando existan antecedentes de taquicardia ventricular non sostida, sen recorrencia após seis meses de evolución, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia máximo dun ano. En todo caso, o informe deberá acreditar a fracción de execución superior ao 40 por cento e a ausencia de taquicardia ventricular no rexistro Holter.</p> <p>Non se admiten.</p>
4.3 Marcapasos e desfibrilador automático implantable	<p>Non debe existir utilización de marcapasos.</p>	<p>Ídem grupo 1.</p>	<p>Transcorrido un mes desde a aplicación do marcapasos, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia establecido a criterio facultativo.</p>	<p>Transcorridos tres meses desde a aplicación do marcapasos, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, e sempre que se cumran os demais criterios cardiolóxicos, poderase obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo de dous anos.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Non debe existir implantación de desfibrilador automático implantable.	Ídem grupo 1.	Transcorridos seis meses desde o implante do desfibrilador automático, sempre que non exista sintomatoloxía, con informe do especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo dun ano. Os mesmos criterios se aplicarán en caso de descarga, non permitíndose en ningún caso as recorrencias múltiples nin unha fracción de excepción menor do 30 por cento.	Non se admite.
4.4 Próteses valvulares cardíacas	Non debe existir utilización de próteses valvulares cardíacas.	Ídem grupo 1.	Transcorridos tres meses desde a colocación da prótese valvular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo de tres anos.	Transcorridos seis meses desde a colocación da prótese valvular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, e sempre que se cumpran os demais criterios cardiolóxicos, poderase obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo dun ano.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
4.5 Cardiopatía isquémica	<p>Non debe existir antecedente de infarto agudo de miocardio durante os últimos tres meses.</p> <p>Non se admite a cirurxía de revascularización nin a revascularización percutánea.</p>	<p>Ídem grupo 1.</p> <p>Ídem grupo 1.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Transcorrido un mes desde unha intervención consistente en cirurxía de revascularización ou de revascularización percutánea, en ausencia de sintomatoloxía isquémica e con informe do cardiólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período máximo de vixencia de dous anos, fixándose posteriormente, despois de informe favorable do cardiólogo, o período de vixencia a criterio facultativo.</p>	<p>Non se admiten. En caso de padecer antecedentes de infarto de miocardio, despois de proba ergométrica negativa e con informe do cardiólogo, o período de vixencia do permiso será, como máximo, dun ano.</p> <p>Transcorridos tres meses desde unha intervención consistente en cirurxía de revascularización ou de revascularización percutánea, en ausencia de sintomatoloxía isquémica, con proba ergométrica negativa e con informe do cardiólogo, cun período máximo de vixencia dun ano, poderase obter ou prorrogar o permiso.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Non debe existir ningunha cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.	Non se admite ningunha cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, III ou IV.	Non se admiten. En caso de padecer cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, con informe favorable do cardiólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo de dous anos.	Non se admiten.
4.6 Hipertensión arterial	Non deben existir signos de afección orgánica nin valores de presión arterial descompensados que supoñan risco viario.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
4.7 Aneurismas de grandes vasos	Non deben existir aneurismas de grandes vasos nin disección aórtica. Admítese a corrección cirúrxica sempre que exista un resultado satisfactorio desta e non haxa clínica de isquemia cardíaca.	Ídem grupo 1.	Despois da corrección cirúrxica dun aneurisma ou disección e transcorridos 6 meses desta, presentando un informe favorable do especialista en cardioloxía ou cirurxía vascular, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza por período de vixencia máximo de dous anos. No caso do aneurisma e cando as características deste non impliquen risco elevado de rotura nin se asocien a clínica de isquemia cardíaca, con informe favorable dun especialista en cardioloxía ou cirurxía vascular, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza por período máximo de vixencia dun ano.	Despois da corrección cirúrxica dun aneurisma ou disección e transcorridos 12 meses desta, presentando un informe favorable do especialista en cardioloxía ou cirurxía vascular, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia máximo dun ano.
4.8 Arteriopatías periféricas	En caso de arteriopatia periférica, valorarase a posible asociación de cardiopatía isquémica.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.
4.9 Enfermidades venosas	Non debe existir trombose venosa profunda.	Non se admiten as varices voluminosas do membro inferior nin as tromboflebitas.	Non se admiten.	Non se admiten.

5. Trastornos hematolóxicos

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
5.1 Procesos onco-hematolóxicos				
5.1.1 Procesos sometidos a tratamento quimioterápico	Non se admiten.	Non se admiten.	Transcorridos tres meses desde a finalización do último ciclo de tratamento, con informe favorable dun hematólogo, e sempre que no último mes non houberse anemia, leucopenia ou trombopenia severas, fixarase un período de vixencia de tres anos, como máximo, ata transcorrerem dez anos de remisión completa, igualmente acreditada con informe dun hematólogo.	Transcorridos tres meses desde a finalización do último ciclo de tratamento, con informe favorable dun hematólogo, e sempre que no último mes non houberse anemia, leucopenia ou trombopenia severas, fixarase un período de vixencia dun ano, como máximo, ata transcorrerem dez anos de remisión completa, igualmente acreditada con informe dun hematólogo.
5.1.2 Policitemia vera	Non se admite.	Non se admite.	Se nos últimos tres meses non existiu un valor de hemoglobina maior de 20 gramos por decilitro, presentando informe favorable dun hematólogo, o período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos, como máximo.	Se nos últimos tres meses non existiu un valor de hemoglobina maior de 20 gramos por decilitro, presentando informe favorable dun hematólogo, o período de vixencia do permiso será dun ano, como máximo.
5.1.3 Outros trastornos oncohematolóxicos	Non se admiten cando nos últimos tres meses se presentase anemia, leucopenia ou trombopenia severa ou cando durante os últimos seis meses houberse leucocitoses maiores de 100.000 leucocitos por μ l ou trombocitoses maiores de 1.000.000 plaquetas por μ l.	Non se admiten.	Cando se dean as circunstancias sinaladas na columna (2), presentando, ademais, informe favorable dun hematólogo, o período de vixencia máximo será de dous anos.	Con informe favorable dun hematólogo, só se admitirán os casos en que non se presentase anemia, leucopenia ou trombopenia severas nos últimos tres meses. Nestes casos, o período máximo de vixencia será anual e non se admitirá que nos últimos seis meses houberse leucocitoses maiores de 100.000 leucocitos ou trombocitoses maiores de 1.000.000 de plaquetas por μ l.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
5.2. Trastornos non oncohematolóxicos.				
5.2.1 Anemias, leucopenias, trombopenias e poliglobulías.	Non se admiten anemias, leucopenias, trombopenias ou poliglobulías, severas ou moderadas de carácter agudo nos últimos tres meses.	Ídem grupo 1.	En calquera das situacións expostas na columna (2), con informe favorable dun hematólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia de, como máximo, dous anos.	En calquera das situacións expostas na columna (2), con informe favorable dun hematólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso con período de vixencia de, como máximo, un ano.
5.2.2 Trastornos de coagulación	Non se admiten trastornos de coagulación que requiran tratamento substitutivo habitual.	Ídem ao grupo 1.	En caso de requirir tratamento substitutivo, con informe favorable dun hematólogo, no que se acredite o adecuado control do tratamento, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia de, como máximo, tres anos.	En caso de requirir tratamento substitutivo, con informe favorable dun hematólogo, en que se acredite o adecuado control do tratamento, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia de, como máximo, un ano.
5.2.3 Tratamento anticoagulante	Non se admiten aqueles casos en que se producisen descompensacións no último ano que hubieran requirido de transfusión de plasma.	Non se admiten.	Nos casos incluídos na columna (2), con informe dun hematólogo, cardiólogo ou médico responsable do tratamento, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con períodos de vixencia de dous anos, como máximo.	En caso de estar baixo tratamento anticoagulante, con informe favorable dun hematólogo, cardiólogo ou médico responsable do tratamento, poderase obter e prorrogar o permiso con período de vixencia dun ano, como máximo. Non se permitirán os casos en que se producisen descompensacións que obrigasen a transfusión de plasma durante os últimos tres meses.

6. *Sistema renal*

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas		
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
6.1 Nefropatías	Non se permiten aquelas en que, pola súa etioloxía, tratamento ou manifestacións, poidan pór en perigo a condución de vehículos.	Ídem grupo 1.	Os enfermos sometidos a programas de diálises, con informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar o permiso ou licenza, reducindo, a criterio facultativo, o período de vixencia.	Non se admiten.
6.2 Transplante renal	Non se admite o transplante renal.	Non se admite o transplante renal.	Os sometidos a transplante renal, transcorridos máis de seis meses de antigüidade de evolución sen problemas derivados daquel, con informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia establecido a criterio de facultativo.	Os sometidos a transplante renal, transcorridos máis de seis meses de antigüidade de evolución sen problemas derivados daquel, en casos excepcionais, debidamente xustificados mediante informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar permiso con período de vixencia máximo dun ano.

7. Sistema respiratorio

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
7.1 Dispneas	Non deben existir dispneas permanentes en repouso ou de esforzo leve.	Non deben existir dispneas ou pequenos esforzos nin paroxísticas de calquera etioloxía.	Non se admiten.	Non se admiten.
7.2 Trastornos do sono	Non se permiten a síndrome de apneas obstrutivas do sono, os trastornos relacionados con este, nin outras causas de excesiva somnolencia diúrna.	Ídem grupo 1.	Os afectados de síndrome de apneas obstrutivas do sono ou de trastornos relacionados con este, con informe favorable dunha unidade de sono en que se faga constar que están sometidos a tratamento e control da sintomatoloxía diúrna, poderán obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia máximo de dous anos.	Os afectados de síndrome de apneas obstrutivas do sono ou de trastornos relacionados con este, con informe favorable dunha unidade de sono en que se faga constar que están sometidos a tratamento e control da sintomatoloxía diúrna, poderán obter ou prorrogar permiso con período de vixencia máximo dun ano.
7.3 Outras afeccións	Non deben existir trastornos pulmonares, pleurais, diafragmáticos e mediastínicos que determinen incapacidade funcional, valorándose o trastorno e a evolución da enfermidade, tendo especialmente en conta a existencia ou posibilidade de aparición de crises de dispnea paroxística, dor torácica intensa ou outras alteracións que poidan influír na seguranza da condución.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

8. *Enfermidades metabólicas e endócrinas*

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
8.1 «Diabetes mellitus»	Non debe existir «diabetes mellitus» que curse con inestabilidade metabólica severa que requira asistencia hospitalaria.	Non debe existir «diabetes mellitus» que curse con inestabilidade metabólica severa que requira asistencia hospitalaria, nin «diabetes mellitus» tratada con insulina ou con antidiabéticos orais.	Sempre que sexa preciso o tratamento hipoglicemiante ou antidiabético, deberase presentar informe médico favorable e, a criterio facultativo, poderase reducir o período de vixencia. No caso de tratamento con insulina, deberase presentar un informe do especialista (endocrinólogo ou diabetólogo), que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado e o período de vixencia será, como máximo, de catro anos.	Os afectados de «diabetes mellitus» tipo I e os que requiran tratamento con insulina, presentando informe favorable dun endocrinólogo ou diabetólogo que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado, en casos moi excepcionais poderán obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo dun ano. Nas demais situacións que precisen tratamento con antidiabéticos orais, deberase presentar informe favorable dun endocrinólogo ou diabetólogo e o período máximo de vixencia será de tres anos.
8.2 Cadros de hipoglicemia	Non deben existir, no último ano, cadros repetidos de hipoglicemia aguda nin alteracións metabólicas que cursen con perda de consciencia.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.
8.3 Enfermidades tiroideas.	Non deben existir hipertiroidismos complicados con síntomas cardíacos ou neurolóxicos nin hipotiroidismos sintomáticos, excepto se o interesado presenta informe favorable dun especialista en endocrinoloxía	Non deben existir hipertiroidismos complicados con síntomas cardíacos ou neurolóxicos nin hipotiroidismos sintomáticos.	Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
8.4 Enfermidades paratiroideas.	Non deben existir enfermidades paratiroideas que ocasionen incremento de excitabilidade ou debilidade muscular, excepto se o interesado presenta informe favorable dun especialista en endocrinoloxía.	Non deben existir enfermidades paratiroideas que ocasionen incremento de excitabilidade ou debilidade muscular.	Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.	Non se admiten.
8.5 Enfermidades adrenais	Non se permite a enfermidade de Addison, a síndrome de Cushing e a hiperfunción medular adrenal debida a feocromocitoma.	Non se admiten as enfermidades adrenais.	Os afectados de enfermidades adrenais deberán presentar un informe favorable dun especialista en endocrinoloxía en que conste o estrito control e tratamento dos síntomas. O período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo de dous anos.	Non se admiten.

9. Sistema nervioso e muscular

Non deben existir enfermidades do sistema nervioso e muscular que produzan perda ou diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación que incidan involuntariamente no control do vehículo.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
9.1 Enfermidades encefálicas, medulares e do sistema nervioso periférico.	Non deben existir enfermidades do sistema nervioso central ou periférico que produzan perda ou diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación, episodios sincopais, tremores de grandes oscilacións, espasmos que produzan movementos amplos da cabeza, tronco ou membros nin tremores ou espasmos que incidan involuntariamente no control do vehículo.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
9.2 Epilepsias e crises convulsivas doutras etioloxías.	<p>Non se permiten cando aparecen crises epilépticas convulsivas ou crises con perda de consciencia durante o último ano.</p> <p>No caso de crises durante o sono, deberase constatar que, polo menos, transcorreu un ano só con esta sintomatoloxía.</p>	<p>Só se permiten cando non precisaron tratamento nin se produciron crises durante os cinco últimos anos.</p> <p>No caso de crises durante o sono, deberase constatar que, polo menos, transcorreu un ano só con esta sintomatoloxía.</p>	<p>Os afectados de epilepsias con crises convulsivas ou con crises con perda de consciencia, deberán presentar informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a frecuencia de crises e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a condución. O período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos como máximo. No caso de ausencia de crises durante os tres últimos anos, o período de vixencia será de cinco anos como máximo.</p> <p>No caso de crises durante o sono, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano, con informe dun especialista en neuroloxía en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a ausencia doutras crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito, se for o caso, non impide a condución.</p>	<p>Os afectados de epilepsias deberán presentar informe favorable dun neurólogo en que se acredite que non precisaron tratamento nin padeceron crises durante os cinco últimos anos. O período de vixencia do permiso será de dous anos, como máximo.</p> <p>No caso de crises durante o sono, o período de vixencia do permiso será como máximo dun ano, con informe dun especialista en neuroloxía en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a ausencia doutras crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito, se for o caso, non impide a condución.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	No caso de tratarse de sacudidas mioclónicas que poidan afectar a seguranza da condución, deberá existir un período libre de sacudidas de, polo menos, tres meses.	No caso de tratarse de sacudidas mioclónicas que poidan afectar a seguranza da condución, deberá existir un período libre de sacudidas de, polo menos, doce meses.	No caso de tratarse de sacudidas mioclónicas que poidan afectar a seguranza da condución, deberase presentar informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, se for o caso, a frecuencia de crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a condución. O período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos como máximo.	No caso de tratarse de sacudidas mioclónicas que poidan afectar a seguranza da condución, deberase presentar informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, se for o caso, a frecuencia de crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a condución. O período de vixencia do permiso será dun ano como máximo.
	No caso de antecedente de trastorno convulsivo único non filiado ou secundario a consumo de medicamentos ou drogas ou poscirúrxico, deberase acreditar un período libre de crises de, polo menos, seis meses mediante informe neurolóxico.	No caso de antecedente de trastorno convulsivo único non filiado ou secundario a consumo de medicamentos ou drogas ou poscirúrxico, deberase acreditar un período libre de crises de, polo menos, doce meses mediante informe neurolóxico.	Non se admiten.	Non se admiten.
9.3 Alteracións do equilibrio	Non deben existir alteracións do equilibrio (vertixes, inestabilidade, mareo, vágados) permanentes, evolutivos ou intensos, quer de orixe otolóxica quer doutro tipo.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.
9.4 Trastornos musculares	Non deben existir trastornos musculares que produzan deficiencia motora.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
9.5 Accidente isquémico transitorio	Non se admiten os ataques isquémicos transitorios ata transcorridos, polo menos, seis meses sen síntomas neurolóxicos. Os afectados deberán presentar informe favorable dun especialista en neuroloxía en que se faga constar a ausencia de secuelas neurolóxicas.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun especialista en neuroloxía, as secuelas neurolóxicas non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano.	Ídem grupo 1.
9.6 Accidentes isquémicos recorrentes	Non deben existir accidentes isquémicos recorrentes.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

10. *Trastornos mentais e de conduta*

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
10.1 Delirium, demencia, trastornos amnésicos e outros trastornos cognoscitivos.	Non deben existir supostos de delirium ou demencia. Tampouco se admiten casos de trastornos amnésicos ou outros trastornos cognoscitivos que supoñan un risco para a condución.	Non se admiten.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun neurólogo ou psiquiatra, non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano.	Non se admiten.
10.2 Trastornos mentais debidos a enfermidade médica non clasificados noutros números	Non deben existir trastornos catatónicos, cambios de personalidade particularmente agresivos, ou outros trastornos que supoñan un risco para a seguranza viaria.	Non se admiten.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun neurólogo ou psiquiatra, non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano.	Non se admiten.
10.3 Esquizofrenia e outros trastornos psicóticos	Non debe existir esquizofrenia ou trastorno delirante. Tampouco se admiten outros trastornos psicóticos que presenten incoherencia ou perda da capacidade asociativa, ideas delirantes, alucinacións ou conduta violenta, ou que por algunha outra razón impliquen risco para a seguranza viaria.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun psiquiatra ou psicólogo, non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano.	Non se admiten.
10.4 Trastornos do estado de ánimo	Non deben existir trastornos graves do estado de ánimo que carreten alta probabilidade de condutas de risco para a propia vida ou a dos demais.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
10.5 Trastornos disociativos	Non deben admitirse aqueles casos que supoñan risco para a seguranza viaria.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.
10.6 Trastornos do sono de orixe non respiratoria	Non se admiten casos de narcolepsia ou trastornos de hipersomnias diúrnas de orixe non respiratoria, sexan primarias, relacionadas con outro trastorno mental, enfermidade médica sexan inducidas por substancias. Tampouco se admiten outros trastornos do ritmo circadiano que supoñan risco para a actividade de conducir. Nos casos de insomnio prestarase especial atención aos riscos asociados ao posible consumo de fármacos.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, exista ditame facultativo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.
10.7 Trastornos do control dos impulsos	Non se admiten casos de trastornos explosivos intermitentes ou outros cuxa gravidade supoña risco para a seguranza viaria.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.
10.8 Trastornos da personalidade	Non deben existir trastornos graves da personalidade, en particular aqueles que se manifesten en condutas antisociais con risco para a seguranza das persoas.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
10.9 Trastornos do desenvolvemento intelectual	Non debe existir atraso mental con cociente intelectual inferior a 70. Nos casos de atraso mental con cociente intelectual entre 50 e 70, poderase obter ou prorrogar se o interesado presenta un ditame favorable dun psiquiatra ou psicólogo.	Non debe existir atraso mental cun cociente intelectual inferior a 70. Non se admiten.	Non se admiten. Cando o ditame do psiquiatra ou psicólogo sexa favorable á obtención ou prórroga, poderanse establecer condicións restritivas segundo criterio facultativo.	Non se admiten. Non se admiten.
10.10 Trastornos por déficit de atención e comportamento perturbador	Non deben existir trastornos por déficit de atención cuxa gravidade implique risco para a condución. Tampouco se admiten casos moderados ou graves de trastorno disocial ou outros comportamentos perturbadores acompañados de condutas agresivas ou violacións graves de normas cuxa incidencia na seguranza viaria sexa significativa.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Non se admiten.
10.11 Outros trastornos mentais non incluídos en números anteriores	Non deben existir trastornos disociativos, adaptativos ou outros problemas obxecto de atención clínica que sexan funcionalmente incapacitantes para a condución.	Ídem grupo 1.	Cando, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

11. *Trastornos relacionados con substancias*

Serán obxecto de atención especial os trastornos de dependencia, abuso ou trastornos inducidos por calquera tipo de substancia. Nos casos en que se presenten antecedentes de dependencia ou abuso, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución sempre que a situación de dependencia ou abuso se extingueise após un período demostrado de abstinencia e non existan secuelas irreversibles que supoñan risco para a seguranza viaria. Para garantir estes aspectos requirirase un ditame favorable dun psiquiatra, dun psicólogo ou de ambos, dependendo do tipo de trastorno.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
11.1 Abusos de alcohol	Non se admite a existencia de abuso de alcohol nin calquera patrón de uso en que o suxeito non poida dissociar condución e consumo de alcohol. Tampouco se admiten casos de antecedentes de abuso en que a rehabilitación non estea debidamente acreditada.	Ídem grupo 1.	No caso de existiren antecedentes de abuso con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.
11.2 Dependencia do alcohol	Non se admite a existencia de dependencia de alcohol. Tampouco se admiten casos de antecedentes de dependencia nos cales a rehabilitación non estea debidamente acreditada	Ídem grupo 1.	No caso de existiren antecedentes de dependencia con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.
11.3 Trastornos inducidos por alcohol	Non se admite a existencia de trastornos inducidos por alcohol, tales como abstinencia, delirium, demencia, trastornos psicóticos ou outros que supoñan risco para a seguranza viaria. Tampouco se admiten casos de antecedentes de trastornos inducidos por alcohol nos cales a rehabilitación non estea debidamente acreditada.	Ídem grupo 1.	No caso de existiren antecedentes de trastornos inducidos por alcohol con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas		
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
11.4 Consumo habitual de drogas e medicamentos	Non se admite o consumo habitual de substancias que comprometan a aptitude para conducir sen perigo nin o consumo habitual de medicamentos que, individualmente ou en conxunto, produzan efectos adversos graves na capacidade para conducir.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente e con informe médico favorable, o medicamento ou medicamentos indicados en (2) non inflúa de maneira negativa no comportamento viario do interesado, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza, reducindo, se for o caso, o período de vixencia segundo criterio facultativo.	Non se admiten.
11.5 Abuso de drogas ou medicamentos	Non se admite o abuso de drogas ou medicamentos. Se existe antecedente de abuso, a rehabilitación débese acreditar debidamente.	Ídem grupo 1.	No caso de existiren antecedentes de abuso de drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.
11.6 Dependencia de drogas e medicamentos	Non se admite a dependencia de drogas ou medicamentos. Se existe antecedente de dependencia, a rehabilitación débese acreditar debidamente.	Ídem grupo 1.	No caso de existiren antecedentes de dependencia de drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
11.7 Trastornos inducidos por drogas ou medicamentos	Non se admite delirium, demencia, alteracións perceptivas, trastornos psicóticos ou outros inducidos por drogas ou medicamentos que supoñan riscos para a seguraza viaria. Tampouco se admiten casos de antecedentes de trastornos inducidos por drogas ou medicamentos nos cales a rehabilitación non estea debidamente acreditada.	Ídem grupo 1.	No caso de existiren antecedentes de trastornos mentais inducidos por drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

12. *Aptitude perceptivo-motora*

A exploración das aptitudes perceptivo-motoras realizarase por medio dos preditores establecidos.

Cando, segundo criterio facultativo, mediante a entrevista inicial e/ou a partir dos preditores utilizados, se detecten indicios de deterioración aptitudinal que poidan incapacitar para conducir con seguranza, requirirase a realización de exploración complementaria sistematizada para valorar o estado das funcións mentais que poidan estar a influír naquel. Mesmo se poderá requirir a realización dunha proba práctica de condución.

Con carácter xeral, o psicólogo terá en conta as posibilidades de compensación das posibles deficiencias considerando a capacidade adaptativa do individuo.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
12.1 Estimación do movemento	Non se admite ningunha alteración que limite a capacidade para adecuarse con seguranza a situacións de tráfico que requiran estimacións de relacións espacio-temporais.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, non impidan a obtención ou prórroga, poderase limitar a velocidade máxima segundo criterio facultativo.	Non se admiten.
12.2 Coordinación visomotora	Alteracións que supoñan a incapacidade para adaptarse adecuadamente ao mantemento de traxectorias establecidas.	Ídem grupo 1.	Poderase autorizar a condución dun vehículo automático, despois da avaliación nas correspondentes probas prácticas. Nos casos de obtención, terase en conta a capacidade de aprendizaxe psicomotora. Podeanse establecer condicións restritivas a criterio facultativo.	Non se admiten.
12.3 Tempo de reaccións múltiples	Non se admiten alteracións graves na capacidade de discriminación ou nos tempos de resposta.	Ídem grupo 1.	Cando, excepcionalmente, non impidan a obtención ou prórroga, poderase limitar a velocidade máxima segundo criterio facultativo.	Non se admiten.
12.4 Intelixencia práctica	Non se admiten casos en que a capacidade de organización espacial resulte inadecuada para a condución.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

13. *Outras causas non especificadas*

Cando se ditamine a incapacidade para conducir por algunha causa non incluída nos números anteriores, requirirase unha xustificación particularmente detallada e xustificada con expresión do risco avaliado e da deterioración funcional que a xuízo do facultativo impide a conducción.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou licenza de conducción ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (4)
13.1 Outras causas non especificadas	Non se debe permitir obter nin prorrogar o permiso ou licenza de conducción a ningunha persoa que padeza algunha enfermidade ou deficiencia non mencionada nos números anteriores que poida supor unha incapacidade funcional que comprometa a seguranza viaria ao conducir, excepto se o interesado presenta un ditame facultativo favorable. Igual criterio se establece para transplantes de órganos non incluídos neste anexo.	Ídem grupo 1.	Cando non impidan a obtención ou a prórroga e os recoñecementos periódicos sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.	Ídem grupo 1.

Significado dos números entre parénteses:

(1) Aptitudes a explorar e avaliar nos condutores obxecto do recoñecemento, tanto se pertencen ao grupo 1 como ao 2 (artigo 45).

(2) Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar licenza ou permiso de conducción das clases AM, A1, A2, A, B e B + E.

(3) Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar o permiso de conducción das clases BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E e outras autorizacións (artigo 45.1.b e 2).

(4) Adaptacións, restricións e outras limitacións a impor en persoas, vehículos ou de circulación para obter e prorrogar licenzas e permisos de conducción das clases AM, A1, A2, A, B e B + E suxeitos a condicións restritivas.

(5) Adaptacións, restricións e outras limitacións a impor en persoas, vehículos ou de circulación para obter e prorrogar permisos de conducción das clases BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E e outras autorizacións (artigo 45.1.b e 2).

ANEXO V

Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións

A) *Cadro de probas que se realizarán para obter o permiso ou licenza de condución*

PROBAS					
Clase de permiso	Aptitude psicofísica	Control de coñecementos		Control de aptitudes e comportamentos	
		Común	Específica	En circuíto pechado	En circulación
AM	X		X	X	
A1	X	X	X	X	X
A2	X	X	X	X	X
A	X				
B	X	X		X	X
B + E	X		X	X	X
C1	X		X	X	X
C1 + E	X		X	X	X
C	X		X	X	X
C + E	X		X	X	X
D1	X		X	X	X
D1 + E	X		X	X	X
D	X		X	X	X
D + E	X		X	X	X
BTP (1)	X		X		X
LCM (2)	X		X	X	
LVA (3)	X		X	X	

(1) BTP: A proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación só será para os que carezan do ano de experiencia na condución de vehículos a que autoriza o permiso de clase B.

(2) LCM: Licenza para conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida.

(3) LVA: Licenza para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos.

B) *Probas que se realizarán segundo a clase de permiso ou licenza de condución solicitados*

1. Proba de control de coñecementos común.—O contido da proba de control de coñecementos común que realizarán os solicitantes do permiso de condución, excepto os aspirantes do permiso de condución da clase AM, versará sobre as materias que se indican a seguir:

1^a. As disposicións legais e regulamentarias en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, especialmente as que se refiren á sinalización, regras de prioridade e limitacións de velocidade.

2^a. Os accidentes de circulación: factores que interveñen. Causas máis frecuentes dos accidentes.

3^a. A vixilancia e as actitudes con respecto aos demais usuarios: a súa importancia. Necesidade dunha colaboración entre os usuarios: non molestar, non sorprender, advertir, comprender, prever os movementos dos demais.

4^a. As funcións de percepción, de avaliación e de toma de decisións, principalmente o tempo de reacción e as modificacións dos comportamentos do condutor vinculados aos efectos do alcohol, drogas, medicamentos, enfermidades, estados emocionais, fatiga, sono e outros factores.

5ª. Os principios relativos ao respecto das distancias de seguranza entre vehículos, á distancia de freada e á estabilidade do vehículo na vía tendo en conta as diferentes condicións meteorolóxicas ou ambientais, as características dos distintos tipos e tramos de vía e o estado da calzada.

6ª. Os riscos da condución vinculados aos diferentes estados da calzada e especialmente ás súas variacións segundo as condicións atmosféricas, a hora do día ou da noite. A condución segura en túneles.

7ª. A vía: clases e partes da vía. As súas características e disposicións legais referidas a ela.

8ª. Os riscos específicos relacionados coa inexperiencia doutros usuarios da vía e cos usuarios máis vulnerables, como por exemplo os peóns (especialmente os nenos, as persoas de idade avanzada ou discapacitadas, as persoas cegas ou xordas), os ciclistas, os condutores de ciclomotores, de motocicletas, de vehículos para persoas de mobilidade reducida e outros.

9ª. Os riscos inherentes á circulación e á condución dos diversos tipos de vehículos e ás diferentes condicións de visibilidade dos seus condutores.

10ª. Normativa relativa aos documentos administrativos necesarios para circular conducindo un vehículo de motor: documentos relativos ao condutor, ao vehículo e, se for o caso, á carga transportada.

11ª. Normas xerais sobre o comportamento que debe adoptar o condutor en caso de accidente (sinalizar, alertar) e medidas e primeiros auxilios que pode adoptar, se procede, para socorrer as vítimas de accidentes de circulación.

12ª. Factores e cuestións de seguranza relativos á carga do vehículo e ás persoas transportadas.

13ª. Precaucións necesarias ao abandonar o vehículo.

14ª. Os elementos mecánicos relacionados coa seguranza da condución e, en particular, poder detectar os defectos máis correntes que poidan afectar os sistemas de dirección, suspensión, rodas, freos e pneumáticos, iluminación e sinalización óptica (luces, indicadores de dirección, catadióptricos) e escape, os retrovisores, lavaparabrisas e limpaparabrisas, e os cintos de seguranza e os sinais acústicos.

15ª. Os equipamentos de seguranza dos vehículos, especialmente a utilización dos cintos de seguranza, repousacabezas e equipamentos de seguranza destinados aos nenos.

16ª. A utilización do vehículo en relación co ambiente: uso adecuado dos sinais acústicos, condución económica e aforro de combustible, limitación de emisións contaminantes e outras medidas que terá en conta o condutor para evitar a contaminación ambiental.

2. Proba de control de coñecementos específicos.—Os solicitantes de permiso de condución, segundo a súa clase, deberán realizar, ademais da proba de control de coñecementos comúns sobre as materias que se sinalan no punto anterior, unha proba de control de coñecementos específicos que versará sobre as materias que a seguir se indican:

1.º Permiso de condución da clase AM:

- a) Normas e sinais reguladores da circulación,
- b) Cuestións, factores, equipamentos e elementos de seguranza concernentes ao condutor, ao vehículo e, se for o caso, á carga transportada.

2.º Permiso de condución das clases A1 e A2:

- a) A normativa específica aplicable á condución e circulación de motocicletas, triciclos e cuadríciclos.
- b) Utilización da indumentaria de protección, como luvas, botas, outros artigos de protección, o casco e, se for o caso, o cinto de seguranza.
- c) Visibilidade destes vehículos polos demais usuarios da vía.

d) Factores de risco ligados ás diferentes condicións da vía, prestando especial atención aos tramos escorregadizos, tales como recubrimentos de drenaxe, sinais na calzada (liñas, frechas) e raís de tranvía.

e) Aspectos mecánicos con incidencia na seguranza viaria, prestando especial atención ás luces de emerxencia, se for o caso, aos niveis de aceite e á cadea de tracción.

f) A técnica de condución de motocicletas, triciclos e cuadríciclos.

g) Factores e cuestións de seguranza viaria concernentes aos condutores.

3.º Permisos de condución da clase BTP:

a) Factores e cuestións de seguranza viaria concernentes aos condutores, aos vehículos que realicen transporte escolar, prioritarios e turismos destinados ao transporte público de viaxeiros e á carga do vehículo.

b) A normativa específica relativa á circulación destes vehículos, así como ás persoas transportadas, paradas e estacionamentos.

4.º Permisos de condución das clases C1 e C:

a) A normativa sobre tempos de condución e de descanso e utilización do aparello de control regulados no Regulamento (CE) núm. 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, e no Regulamento (CEE) núm. 3821/1985 do Consello, do 20 de decembro de 1985, así como o disposto no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, modificado polo Real decreto 902/2007, do 6 de xullo, no relativo ao tempo de traballo de traballadores que realizan actividades móbiles de transporte por estrada.

b) A normativa específica sobre a circulación dos vehículos de transporte de mercadorías.

c) Os documentos relativos ao condutor, aos vehículos e aos transportes requiridos no transporte de mercadorías en tráfico nacional e internacional.

d) Conduta que se debe observar en caso de accidente, coñecemento das medidas que se deben tomar en accidentes e ocasións similares, incluídas as medidas de emerxencia e os primeiros auxilios.

e) As precaucións que se terán en conta para desmontar e colocar as rodas.

f) A normativa sobre masas e dimensións dos vehículos e sobre limitadores de velocidade.

g) Obstaculización da visibilidade para o condutor e os demais usuarios causada polas características do vehículo e a súa carga.

h) Utilización dos sistemas de freos e redución de velocidade.

i) Influencia do vento na traxectoria do vehículo.

j) A utilización económica dos vehículos.

k) Factores de seguranza relativos á carga do vehículo: control da carga (colocación e suxeición), dificultades con diferentes tipos de carga (líquidos, cargas que colgan), carga e descarga de mercadorías e emprego do material destinado para tal efecto.

l) Principios de construción e funcionamento de: motores de combustión interna, líquidos (por exemplo, aceite para motores, líquido refrixerador, líquido de limpeza), circuito de combustible, sistema eléctrico, sistema de arranque, sistema de transmisión (embrague, caixa de cambios, etc.)

m) Aspectos xerais en materia de lubricación e protección anticonxelante.

n) Construción, montaxe, utilización correcta e mantemento dos pneumáticos.

ñ) Tipos, principios de funcionamento, partes principais, conexións, emprego e mantemento cotián dos mecanismos de freos e aceleración.

o) Métodos de busca das causas dunha avaría e capacidade para efectuar pequenas reparacións con axuda das ferramentas adecuadas.

p) Mantemento preventivo de vehículos e intervencións habituais necesarias.

q) Aspectos elementais da responsabilidade do condutor no que se refire á recepción, ao transporte e a entrega das mercadorías de conformidade coas condicións convidadas.

r) Factores e cuestións de seguranza viaria concernentes aos condutores.

5.º Permisos de condución das clases D1 e D:

- a) As materias que se indican nas alíneas a), e), f), e g), así como nas alíneas l) á p), ambas inclusive, do punto 2.4º anterior.
- b) A normativa específica sobre a circulación de vehículos de transporte colectivo de viaxeiros.
- c) Os documentos relativos ao condutor, aos vehículos e aos viaxeiros exhibibles no transporte de viaxeiros en tráfico nacional e internacional.
- d) Conduta, comportamento e primeiros auxilios en caso de accidente ou incidente, incluídas as medidas de emerxencia tales como a evacuación dos pasaxeiros.
- e) A normativa relativa ás persoas transportadas e á responsabilidade do condutor no transporte de pasaxeiros de todo tipo de autobuses.
- f) Factores e cuestións de seguranza viaria concernentes aos condutores.

6.º Permisos de condución das clases B + E, C1 + E, C + E, D1 + E e D + E:

- a) A normativa específica, factores e cuestións de seguranza viaria relativos aos condutores, aos conxuntos de vehículos e á súa carga.
- b) Os factores de seguranza concernentes á carga do vehículo.
- c) Tipos, principios de funcionamento, partes principais, conexións, emprego e mantemento cotián dos sistemas de enganche e principios que se terán en conta no enganche e desenganche de remolques e semirremolques ao vehículo tractor.
- d) A técnica de condución de conxuntos de vehículos.

Os solicitantes de licenza de condución realizarán unha proba de control de coñecementos específicos sobre normas e sinais reguladores da circulación, cuestións, factores, equipamentos e elementos de seguranza concernentes ao condutor, ao vehículo e, se for o caso, á carga transportada, tendo en conta en cada caso o vehículo cuxa condución autoriza.

3. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado.

1. Os solicitantes de permiso de condución da clase AM realizarán as seguintes manobras:

- A) Zigzag entre balizas a velocidade reducida.
- B) Circular sobre unha franxa de largura limitada.

Os solicitantes de permiso da clase AM limitado á condución de ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos lixeiros realizarán as manobras H) e I) (estacionamento en liña) do punto 3.

2. Os solicitantes de permiso de condución das clases A1 e A2 realizarán, ademais das manobras A) e B) do punto 1 anterior, as seguintes:

- C) Zigzag entre conos.
- D) Sortear un obstáculo.
- E) Aceleración e freada controlada.
- F) Freada de emerxencia controlada.

As manobras A) e B) realizaranse a pouca velocidade e deben permitir comprobar o manexo do embrague en combinación co freo, o equilibrio, a dirección da visión, a posición sobre a motocicleta ou o ciclomotor e a posición dos pés nos repousapés.

As manobras C) e D) realizaranse a máis velocidade: a primeira, alcanzando polo menos 30 km/h, e a segunda, para sortear un obstáculo a unha velocidade mínima de 50 km/h, e deben permitir comprobar a posición sobre a motocicleta, a dirección da visión, o equilibrio, a técnica de condución e a técnica do cambio de marchas.

As manobras E) e F) realizaranse a velocidades mínimas de 30 km/h e 50 km/h, respectivamente, e deben permitir comprobar o manexo do freo dianteiro e traseiro, a dirección da visión e a posición sobre a motocicleta.

Unha vez realizadas as manobras, o aspirante deixará a motocicleta ou o ciclomotor correctamente estacionados, apoiados sobre o seu soporte central ou lateral e co motor parado.

Previamente á realización destas manobras, os aspirantes deberán:

- a) Colocar e axustar o casco e, se for o caso, a indumentaria de protección, como luvas, botas e outros artigos.
- b) Efectuar verificacións de forma aleatoria do estado dos pneumáticos, dos freos, do sistema de dirección, do interruptor de parada de emerxencia (se existir), da cadea de tracción, do nivel de aceite, dos faros, dos catadióptricos, dos indicadores de dirección e do sinal acústico.
- c) Tirar o soporte do vehículo e desprazalo sen axuda do motor camiñando ao seu lado e conservando o equilibrio.
- d) Pór en marcha o motor e prepararse para realizar as manobras antes indicadas.

3. Os solicitantes de permiso da clase B realizarán as seguintes manobras con incidencia na seguranza viaria:

- G) Marcha atrás en recta e curva efectuando un percorrido en marcha atrás, mantendo unha traxectoria rectilínea e utilizando a vía de circulación adaptada para xirar á dereita ou á esquerda nunha esquina.
- H) Cambio de sentido da marcha utilizando as velocidades cara adiante e cara atrás, en espazo limitado.
- I) Estacionamento e saída do espazo ocupado ao estacionar (en liña, oblicuo ou perpendicular), utilizando as marchas cara adiante e cara atrás, en chan ou en pendente ascendente ou descendente.
- J) Freada para deter o vehículo con precisión utilizando, se é necesario, a capacidade máxima de freada daquel.

Das catro manobras antes descritas, cada aspirante deberá realizar polo menos dúas, das cales unha conterá unha marcha atrás. Estas manobras poderanse realizar durante o desenvolvemento da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e, cando as circunstancias o aconsellen, en circuíto pechado.

Previamente á realización desas manobras, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de se prepararen para unha conducción segura satisfacendo as prescricións seguintes:

- a) Regular o asento para conseguir unha posición sentada correcta.
- b) Axustar os retrovisores, o cinto de seguranza e os repousacabezas.
- c) Controlar o cerramento das portas.
- d) Efectuar verificacións de forma aleatoria do estado dos pneumáticos, do sistema de dirección, dos freos, de líquidos (por exemplo, aceite do motor, líquido refrixerante, líquido do lavaparabrisas), dos faros, dos catadióptricos, dos indicadores de dirección e do sinal acústico.

Os solicitantes da autorización que habilita para conducir co permiso da clase B conxuntos de vehículos cuxa masa máxima autorizada sexa superior a 3500 kg sen superar os 4250 kg e a masa máxima autorizada do remolque supere os 750 kg a que fai referencia o artigo 5.5, deberán realizar a manobra I) anterior e a M) do punto 7.

4. Os solicitantes de permiso das clases C1 e C, ademais das manobras G) e I) (estacionamento en liña) indicadas no punto 3, realizarán a seguinte manobra con incidencia na seguranza viaria:

- K) Estacionamento seguro para cargar ou descargar nunha rampla ou plataforma de carga ou instalación similar.

5. Os solicitantes de permiso das clases D1 e D, ademais da manobra G) indicada no punto 3, realizarán a seguinte manobra con incidencia na seguranza viaria:

- L) Estacionar para deixar que os pasaxeiros entren e saian con seguranza.

6. Previamente á realización das manobras indicadas nos puntos 4 e 5, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de se prepararen para unha condución segura satisfacendo obrigatoriamente, ademais das prescricións establecidas no número 3, alíneas a), b) e d) para os aspirantes á obtención do permiso da clase B, algunha das seguintes:

a) Verificar a asistencia da freada e a dirección; comprobar o estado das rodas, dos seus parafusos de fixación, dos tornalamas, os parabrisas, as xanelas e os limpaparabrisas; comprobar e utilizar o panel de instrumentos, incluído o aparello de control regulado no Regulamento (CEE) núm. 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985.

b) Comprobar a presión, os depósitos de aire e a suspensión.

c) Comprobar os factores de seguranza en relación coa carga do vehículo: compartimento de carga, láminas, portas de carga, mecanismo de carga (se existe), cerramento da cabina (se existe), colocación da carga e suxeición desta (clase C1 e C unicamente).

d) Ser capaz de tomar medidas especiais de seguranza do vehículo; comprobar as bodegas de carga, as portas de servizo, as saídas de emerxencia, o material de primeiros auxilios, os extintores e demais equipamentos de seguranza (clases D1 e D unicamente).

7. Os solicitantes de permiso da clase B + E, ademais da manobra G) indicada no punto 3, realizarán as seguintes manobras con incidencia na seguranza viaria:

M) Proceder ao enganche e desenganche do remolque.

Esta manobra debe comezar co vehículo tractor e o seu remolque un ao lado do outro (é dicir, non en liña).

N) Estacionamento seguro para cargar ou descargar.

Previamente á realización desas manobras, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de se prepararen para unha condución segura satisfacendo obrigatoriamente, ademais das prescricións establecidas no número 3, alíneas a), b), c) e d) para os aspirantes á obtención do permiso da clase B, as seguintes:

a) Comprobar os factores de seguranza en relación coa carga do remolque: compartimento de carga, láminas, portas de carga, cerramento da cabina (se existe), colocación da carga e suxeición desta.

b) Comprobar o mecanismo de enganche, do freo e das conexións eléctricas.

8. Os solicitantes de permiso das clases C1 + E, C + E, D1 + E, e D + E, ademais das manobras G) do punto 3 e M) do punto 7, realizarán as seguintes manobras con incidencia na seguranza viaria:

a) A manobra K) do punto 4 para as clases C1 + E e C + E.

b) A manobra L) do punto 5 para as clases D1 + E e D + E.

Previamente á realización desas manobras, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de se prepararen para unha condución segura satisfacendo obrigatoriamente as prescricións establecidas no número 6, alíneas a), b), c) e d) e no número 7, alíneas a) e b).

9. Os solicitantes de licenza de condución para vehículos para persoas de mobilidade reducida deberán realizar as manobras C) e E) do número 2, e os de licenza de condución para vehículos especiais agrícolas as manobras H) do número 3, K) do número 4 e M) do número 7.

4. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

1. Os aspirantes deberán efectuar obrigatoriamente, con toda seguranza e coas precaucións necesarias, as operacións seguintes:

a) Comprobacións previas. Entre outros, o aspirante deberá verificar os diversos sistemas de seguranza e elementos técnicos do vehículo, así como a documentación deste.

b) Posición do condutor, regulación do asento e os retrovisores e utilización do cinto de seguranza.

c) Posta en marcha do motor e arranque e desbloqueo da dirección.

d) Progresión normal. Posición na calzada e utilización do carril adecuado. Condución en curva. Distancias de seguranza ou separación. Velocidade adaptada ao tráfico/vía e relación de marchas conveniente. Observación ante as distintas situacións do tráfico. Cruzamento de túneles e pasos inferiores. Condución económica e non prexudicial para o ambiente.

e) Manobras: Observación do tráfico, sinalización e execución das manobras. Incorporacións. Desprazamentos laterais. Adiantamentos. Comportamento en interseccións. Cambios de sentido. Paradas e estacionamentos.

f) Abandonar o lugar de estacionamento; arrancar despois dunha parada do tráfico; saír ao tráfico desde unha vía sen circulación.

g) Cambios de dirección: xirar á esquerda e á dereita; cambiar de carril.

h) Entrar e saír dunha autoestrada (caso de existir): incorporación desde o carril de aceleración; saír polo carril de deceleración.

i) Outros compoñentes viarios (caso de existiren): rotondas, pasos ferroviarios a nivel, paradas de tranvía ou autobús, pasos de peóns, condución costa arriba ou costa abaixo en pendentes prolongadas.

j) Tomar as precaucións necesarias ao abandonar o vehículo.

k) Obediencia de sinais.

l) Utilización dos sistemas de iluminación e sinalización óptica.

m) Manexo do vehículo e os seus mandos.

2. Os aspirantes á autorización que habilita para conducir co permiso da clase B conxuntos de vehículos cuxa masa máxima autorizada pase de 3500 kg sen pasar dos 4250 kg a que se refire o artigo 5.5, deberán realizar os seguintes exercicios: aceleración, deceleración, marcha atrás, freada, distancia de freada, cambio de carril, frear/esquivar, oscilación do remolque, enganche e desenganche do remolque e estacionamento.

3. Os aspirantes ao permiso da clase A1 e A2, ademais das operacións anteriores, deberán efectuar obrigatoriamente as seguintes:

a) Antes de iniciar a proba. En presenza do examinador cada aspirante deberá demostrar que sabe e é capaz de:

– Colocar e axustar correctamente o casco e verificar os demais equipamentos de seguranza e protección propios da motocicleta.

– Tirar o soporte do vehículo.

b) Unha vez finalizada a proba. O condutor deberá deixar a motocicleta correctamente estacionada, co motor parado e apoiada sobre o seu soporte.

Para o acceso progresivo ao permiso da clase A2 a que se refire o artigo 5.3, os aspirantes deberán realizar as operacións previstas no número 1. d) e e) anterior.

4. Os aspirantes ao permiso da clase B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E, ademais das operacións exixidas con carácter xeral, deberán efectuar as seguintes:

– Verificar a asistencia da freada e da dirección.

– Utilizar os diversos sistemas de freada.

– Utilizar os sistemas de redución de velocidade distintos do freo de servizo.

– Adaptar a traxectoria do vehículo nas curvas, tendo en conta a súa lonxitude e saíntes.

– Utilizar o tacógrafo, cando sexa o caso.

– Arrancar, cambiar, deterse e parar con suavidade e seguranza.

5. Os aspirantes ao permiso da clase D, ademais das operacións exixidas con carácter xeral, deberán ser capaces de adoptar as disposicións particulares relativas á seguranza do vehículo e das persoas transportadas.

6. Os aspirantes ao permiso da clase BTP que carezan da experiencia a que se refire o artigo 5.6, parágrafo primeiro, ademais das operacións exixidas con carácter xeral deberán ser capaces de realizar coa habilidade, a soltura e a seguranza que proporciona a experiencia, as relacionadas coa utilización dos diversos sistemas de freos e de redución de velocidade, detencións, paradas, estacionamentos, adiantamentos, comportamento en interseccións e curvas, e a adopción das disposicións particulares relativas á seguranza do vehículo, dos demais usuarios e, se for o caso, das persoas transportadas.

C) Probas que realizarán os solicitantes da autorización especial para vehículos que transporten mercadorías perigosas.

1. Probas de control de coñecementos sobre formación teórica.

1. O contido da proba teórica común de control de coñecementos versará sobre os seguintes temas:

- a) Disposicións xerais aplicables ao transporte de mercadorías perigosas.
- b) Principais tipos de risco.
- c) Información relativa á protección do ambiente para o control do traslado de residuos.
- d) Medidas de prevención e de seguranza adecuadas aos distintos tipos de risco.
- e) Comportamento despois dun accidente ou incidente (primeiros auxilios, seguranza da circulación, coñecementos básicos relativos á utilización dos equipamentos de protección, etc.).
- f) Marcación, etiquetaxe, inscricións e sinalización laranxa.
- g) O que o condutor dun vehículo deberá facer ou absterse de facer durante o transporte de mercadorías perigosas.
- h) Obxecto e funcionamento do equipamento técnico dos vehículos.
- i) Prohibicións de cargamento en común nun mesmo vehículo ou nun contedor.
- j) Precaucións que se deben tomar durante a carga e descarga das mercadorías perigosas.
- k) Informacións xerais relativas á responsabilidade civil.
- l) Información sobre as operacións de transporte multimodal.
- m) Manipulación e estiba de vultos.
- n) Instrucións sobre o comportamento en túneles (prevención e seguranza, medidas que se deben tomar en caso de incendio ou noutras situacións de emerxencia, etc.).

2. Ademais da proba teórica común que se indica no número anterior, todo condutor que solicite a autorización especial deberá posuír unha formación teórica especializada e deberá realizar unha proba teórica específica de control de coñecementos, conforme se expresa a seguir:

1.º Os que soliciten ampliación da autorización para conducir vehículos cisterna, vehículos batería ou unidades de transporte que transporten mercadorías perigosas en cisternas ou contedores cisterna, sobre os seguintes temas:

- a) Comportamento en marcha dos vehículos, incluíndo os movementos da carga.
- b) Disposicións especiais relativas aos vehículos.
- c) Coñecementos teóricos xerais dos distintos dispositivos de enchemento e baleiramento.
- d) Disposicións suplementarias específicas relativas á utilización destes vehículos (certificados de aprobación, etiquetas e inscricións e sinalización laranxa, etc.).

2.º Os que soliciten ampliación da autorización para conducir vehículos que transporten materias e obxectos explosivos (clase 1), sobre os seguintes temas:

- a) Riscos inherentes ás materias e obxectos explosivos e pirotécnicos.
- b) Normativa específica aplicable ao transporte de materias e obxectos explosivos.
- c) Regulamento de explosivos e disposicións complementarias sobre transporte de materias e obxectos explosivos.

d) Disposicións particulares relativas ao cargamento en común de materias e obxectos da clase 1.

3.º Os que soliciten ampliación da autorización para conducir vehículos que transporten materias radioactivas (clase 7), sobre os seguintes temas:

- a) Riscos inherentes ás radiacións ionizantes.
- b) Disposicións particulares relativas á embalaxe, á manipulación, ao cargamento en común e á estiba de materias radioactivas.
- c) Disposicións especiais que se deben tomar en caso dun accidente ou incidente en que estean involucradas materias radioactivas.

3. Para poder realizar as probas teóricas específicas será necesario ter superado a proba teórica común.

2. Probas de control sobre formación práctica.

1. A proba de formación práctica consistirá na realización duns exercicios prácticos individuais sobre, polo menos, as materias que a seguir se indican:

- a) Operacións de carga e descarga, manipulación e estiba de paquetes de materias perigosas.
- b) Medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente.
- c) Primeiros auxilios ás vítimas.
- d) Extinción de incendios. Utilización dos medios dispoñibles: manexo de extintores e doutros medios de extinción sobre casos reais. Atención especial ao emprego da auga.

2. Os condutores que soliciten ampliación da autorización para conducir vehículos cisterna, vehículos batería ou unidades de transporte que transporten mercadorías perigosas en cisternas ou contedores cisterna, deberán posuír unha formación práctica e realizar uns exercicios prácticos sobre obturación de gretas e solucións de emerxencia en ruta fronte a avarías que produzan escapes, derramamentos ou outras emerxencias, con especial atención ao manexo do equipamento de «tapafugas», así como sobre as operacións de carga e descarga de cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna.

3. Os condutores de vehículos que soliciten ampliación da autorización para conducir vehículos que transporten materias das clases 1 ou 7, deberán posuír unha formación práctica e realizar uns exercicios prácticos sobre as cuestións contidas no número 1, alíneas a), b) e d), no que sexan especialmente aplicables ás materias das mencionadas clases.

ANEXO VI

Organización, desenvolvemento e criterios de cualificación das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos

A) Probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos.

1. Centro de exames en que se realizarán as probas.

As probas realizaranse na provincia á cal se dirixiu a solicitude e no centro de exames que determine a xefatura provincial de Tráfico.

As instalacións, o terreo ou pista especial ou as vías da localidade en que se encontre algún centro de exames dos situados fóra da capital da provincia reunirán as condicións requiridas que permitan realizar as probas coas debidas garantías de calidade, seguranza ou doutra orde. Se deixaren de reunilas, ata se corrixiren as deficiencias as probas realizaranse no centro de exames que corresponda á capital, salvo que a xefatura provincial de Tráfico, tendo en conta as circunstancias concorrentes, dispoña que se realicen noutro centro da mesma provincia que reúna as condicións adecuadas.

2. Convocatorias e datas de realización das probas.

Cada solicitude para obter o permiso ou a licenza de condución dará dereito a dúas convocatorias para realizar as probas. Como norma xeral, entre as dúas convocatorias a que dá dereito unha solicitude non deberán mediar máis de seis meses.

Na data sinalada para a primeira convocatoria das probas de control de aptitudes e comportamentos, o solicitante deberá ter cumprido a idade mínima exixida para obter o permiso ou licenza de condución da clase de que se trate.

Cando o aspirante non supere a proba de que se trate en dúas convocatorias, entre a segunda e a terceira mediará un prazo mínimo de doce días naturais. Entre as sucesivas convocatorias o prazo mínimo será de dezaoito días. Estes prazos, que se contarán desde a data de realización da proba non superada, poderán ser reducidos excepcionalmente en casos de recoñecida urxencia debidamente xustificada.

3. Identificación do aspirante e do persoal directivo ou docente.

Para a realización das probas de control de aptitudes e comportamentos ou actuacións con elas relacionadas, tanto os aspirantes como o persoal directivo ou docente da escola ou sección onde aqueles realizen aprendizaxe deberán identificar ante os funcionarios, para o que estes, en calquera momento, poderán exixir aos aspirantes a presentación do documento nacional de identidade, do pasaporte, da tarxeta de residencia ou do permiso de condución, segundo proceda, e ao persoal directivo ou docente, a da autorización de exercicio.

Se non se presentaren os documentos requiridos, o examinador determinará que non se inicie a proba, sen que isto implique perda da convocatoria para o aspirante.

4. Utilización de intercomunicadores ou outros sistemas de captación, gravación, recepción ou transmisión de datos ou información.

Con excepción do intercomunicador a que se refire o punto C) 6 e 7 e dos sistemas de captación ou gravación de información que poidan ser utilizados polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a súa organización periférica para realizar as probas e o tratamento informatizado destas e os seus resultados, durante a realización das probas de control de aptitudes e comportamentos non se permitirá a utilización de teléfonos ou calquera outro sistema de intercomunicación, nin a de equipamentos, aparellos ou sistemas de captación, gravación, recepción ou transmisión de datos ou información.

En caso de incumprimento do disposto no parágrafo anterior por parte do profesor, o examinador non iniciará a proba ou, se for o caso, interromperaa, sen que isto supoña perda da convocatoria para o aspirante.

O aspirante que, durante a realización da proba de control de coñecementos, incumpra o establecido no primeiro parágrafo, será excluído dela con perda da convocatoria de que se trate.

B) Probas de control de coñecementos comúns e específicos.

1. Número de preguntas.

O número de preguntas formuladas nas probas de control de coñecementos será:

- a) Na proba de control de coñecementos común, un mínimo de 30 preguntas e un máximo de 50.
- b) Na proba de control de coñecementos sobre as materias descritas na Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo, un mínimo de 30 preguntas e un máximo de 50.
- c) En cada unha das probas de control de coñecementos específicos, un mínimo de 16 preguntas e un máximo de 30.
- d) Na proba de control de coñecementos para obter licenza de condución, un mínimo de 16 preguntas e un máximo de 30.

O aspirante seleccionará as respostas correctas ás preguntas formuladas, que poderán ser de unha a catro.

2. Duración das probas.

O tempo destinado á realización das probas de control de coñecementos a que se refire o artigo 47 será de 1 minuto por pregunta. En casos especiais, debidamente xustificadas, poderase ampliar ese tempo.

3. Cualificación das probas.

Para ser declarado apto nas probas de control de coñecementos, os erros permitidos non serán superiores ao 20 por 100 do total de preguntas formuladas. No suposto de que ao aplicar ese tanto por cento o resultado sexa decimal, aplicarase o enteiro inmediato superior.

C) Probas de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado e en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

1. Verificacións.

Os examinadores poderán verificar, en calquera momento das probas ou antes de iniciarse estas, se os vehículos e, se for o caso, os aparellos de control e os sistemas de comunicación presentados para a súa realización reúnen os requisitos exixidos. Para tal efecto, poderán requirir a presentación da documentación dos citados vehículos, que deberá ser facilitada polo persoal directivo ou docente da escola.

Así mesmo, poderán verificar en calquera momento que o aspirante dispón do equipamento de protección ou de seguranza adecuado que, se for o caso, proceda, así como que leva as correccións, próteses ou adaptacións necesarias e que estas son adecuadas.

No caso de que non funcionen adecuadamente ou non reúnan os requisitos exixidos, o examinador determinará que a proba non se inicie ou se interrompa, sen que isto implique perda da convocatoria para o aspirante.

2. Duración das probas.

1.º Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado

O tempo destinado á realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado a que se refiren os artigos 48 e concordantes estará en función das características e dificultades de cada manobra e do vehículo que se utilice na súa realización.

En todo caso, o tempo máximo para a realización das manobras C, D e F, no seu conxunto, non será superior a 25 segundos.

2.º Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral

A duración da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e a distancia que se percorrerá na súa realización deberán ser suficientes para a avaliación das materias a que se refiren os artigos 49 e concordantes.

O tempo mínimo de condución e circulación destinado á proba de control das aptitudes e os comportamentos do aspirante en circulación en vías abertas ao tráfico xeral non será inferior a 25 minutos para os permisos das clases A1, A2, B, BTP e B + E e a 45 minutos para os permisos das clases restantes, salvo que se acorde a interrupción e a suspensión das probas.

Neste tempo non se inclúe a recepción do aspirante, a preparación do vehículo, a súa comprobación técnica, no que respecta á seguranza viaria, as manobras especiais, se for o caso, e a comunicación dos resultados da proba.

Para o acceso progresivo ao permiso da clase A2 a que se refire o artigo 5.3, a duración da proba e a distancia que se teña que percorrer deberán ser suficientes para a avaliación das aptitudes e comportamentos previstos nas alíneas d) e e) do anexo V. B). 4. 1.

Para a autorización que habilita para conducir co permiso da clase B conxuntos de vehículos cuxa masa máxima autorizada pase de 3500 kg sen superar os 4250 kg a que se refire o artigo 5.5, a duración da proba deberá ser a suficiente para a realización dos exercicios a que se fai referencia no anexo V. B).4. 2.

3. Criterios de cualificación das probas.

Nas probas de control de aptitudes e comportamentos, en atención á súa gravidade, as faltas terán a consideración de eliminatorias, deficientes e leves, segundo determine a Dirección Xeral de Tráfico.

1.º Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado

Na proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado considerarase que unha falta é eliminatoria (E), deficiente (D), ou leve (L), cando concorran as circunstancias que se indican a seguir:

a) Falta eliminatoria é a que, por insuficiente dominio do vehículo, impide a execución da manobra de que se trate nas condicións establecidas ou revela unha manifesta impericia no manexo do vehículo ou dos seus mandos.

b) Falta deficiente é a que revela insuficiente destreza no manexo do vehículo que, sen supor incapacidade para a execución das manobras, de maneira notable denota unha utilización inadecuada dos mandos do vehículo.

c) Falta leve é a que afecta o manexo dos mandos ou execución da manobra de que se trate que, pola súa menor importancia, non chega a constituír falta deficiente.

Na proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado será declarado non apto todo aspirante que cometa unha falta eliminatoria, ou ben dúas faltas deficientes, ou ben unha falta deficiente e dúas faltas leves, ou ben catro faltas leves.

2.º Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral

Na proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral considerarase que unha falta é eliminatoria (E), deficiente (D) ou leve (L), cando concorran as circunstancias que se indican a seguir:

a) Falta eliminatoria é todo comportamento ou incumprimento das normas que supoña un perigo para a integridade ou seguranza propia ou dos demais usuarios da vía, así como, en xeral, o incumprimento dos sinais reguladores da circulación que estea tipificado como infracción grave ou moi grave conforme o disposto no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

b) Falta deficiente é todo comportamento ou incumprimento das normas que obstaculice, impedindo ou dificultando notablemente a circulación doutros usuarios, a que afecte ostensiblemente as distancias de seguranza, así como o incumprimento de sinais reguladores da circulación que non constituía falta eliminatoria.

c) Falta leve é todo comportamento ou incumprimento de normas regulamentarias cando non constitúa falta eliminatória ou deficiente, así como o manexo incorrecto dos mandos do vehículo, sen prexuízo de que este feito poida ser valorado como falta de maior gravidade, en función das circunstancias concorrentes en cada caso.

Na proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral, será declarado non apto todo aspirante que cometa unha falta eliminatória, ou ben dúas faltas deficientes, ou ben unha falta deficiente e cinco faltas leves, ou ben dez faltas leves.

4. Descrición das manobras que se realizarán na proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado.

A) Zigzag entre balizas a velocidade reducida.

O aspirante efectuará, en primeira relación de marcha e a velocidade reducida, xiros á dereita e á esquerda alternativamente sorteando cinco balizas, sen saír da zona delimitada e sen pisar, desprazar ou derrubar ningún baliza. A manobra iniciarase pola dereita da primeira, segundo o gráfico.

Dimensións:

- Largura do lugar sinalizado: 3,50 metros (clase AM) e 3,50 ou 5 metros (clases A1 e A2).
- Distancia entre balizas: 3,75 metros.
- Colocación das balizas: segundo o gráfico.

B) Circular sobre unha franxa de largura limitada.

Partindo da posición inicial, o aspirante realizará esta manobra, que consistirá en circular a velocidade reducida e uniforme, en primeira relación de marcha, por unha franxa de largura e lonxitude limitadas, sen saír dela nin perder o equilibrio.

Dimensións:

- Distancia entre a posición de inicio e o principio da franxa: 8 m, aproximadamente.
- Largura da franxa: 0,25 metros.
- Lonxitude da franxa: 6 metros.

A franxa estará delimitada a ambos os lados por calquera sistema que permita detectar a saída dela.

C) Zigzag entre conos.

O aspirante, partindo da posición de repouso, realizará os cambios de marcha necesarios, se for o caso, para alcanzar unha velocidade mínima de 30 km/h; a seguir e sen reducir esta velocidade, describirá xiros á dereita e á esquerda alternativamente sorteando cinco conos, sen pisar, desprazar ou derrubar ningún. A manobra iniciarase pola esquerda do primeiro, segundo o gráfico.

Para a LCM non se exixirá que o aspirante alcance unha velocidade mínima.

Dimensións:

- Distancia entre conos: 7 metros, colocados segundo o gráfico.
- Distancia entre o punto de partida e o primeiro cono: 40 metros.

D) Sortear un obstáculo.

O aspirante realizará os cambios de marcha necesarios para alcanzar a velocidade de 50 km/h como mínimo no primeiro paso sinalizado e, sen reducir esa velocidade, sorteará o obstáculo desprazándose cara a un lado para levar de novo a motocicleta á liña de marcha inicial, sen pisar, desprazar ou derrubar ningún elemento de balizamento.

Dimensións do carril:

- Distancia do último cono da manobra C) ao inicio do xiro de 180°: 17,50 metros.
- Lonxitude da zona do xiro de 180°: 4,50 metros.

- Largura da zona do xiro de 180°: 11 metros.
- Distancia desde a zona do xiro de 180° ata o punto en que se alcanzan os 50 km/h, como mínimo: 55,50 metros.
- Distancia desde o punto en que se alcanzan os 50 km/h ata o obstáculo: 10 metros.
- Largura do obstáculo: 1,30 metros.
- Distancia desde o obstáculo ata o último paso: 8 metros.
- Largura dos pasos; 0,80 metros (0,60 metros de luz).

E) Aceleración e freada controlada

Circulando, o aspirante aumentará progresivamente a velocidade, cambiando a segunda relación de marcha para alcanzar unha velocidade de 30 km/h como mínimo. A seguir freará con precisión dentro do espazo delimitado, pero sen chegar a exceder a marca transversal de detención.

A aceleración será áxil e sen tiróns, os cambios sen rascaduras, mantendo en todo momento o equilibrio

A detención será sen calar o motor.

Dimensións:

- Lonxitude desde a última baliza da manobra A) ata a zona sinalizada de detención: 22 metros.
- Largura do espazo delimitado: 1,30 metros, como mínimo.
- Distancia entre o lugar sinalizado e a liña transversal de detención: 0,50 metros.

F) Freada de emerxencia controlada

Circulando a 50 km/h o aspirante realizará unha freada de emerxencia para se deter dentro da zona sinalizada, sen exceder a liña transversal de detención, mantendo a traxectoria recta e sen perder o control do vehículo.

Dimensións:

- Largura do lugar sinalizado: 1,30 metros.
- Lonxitude desde a saída da manobra D) ata o lugar de detención: 12 metros.
- Distancia entre o lugar sinalizado e a liña transversal de detención: 0,50 metros.

G) Marcha atrás en recta e curva efectuando un percorrido en marcha atrás, mantendo unha traxectoria rectilínea e utilizando a vía de circulación adaptada para xirar á dereita ou á esquerda nunha esquina.

O aspirante, circulando por un carril dunha calzada simulada, deterá o vehículo a 10 metros do inicio da curva como mínimo, contados desde a parte posterior do vehículo ou conxunto de vehículos para, despois, retroceder marcha atrás polo tramo recto, percorrer a curva e seguir en iguais condicións de marcha, outros 10 metros polo menos, do tramo recto final, antes de deter o vehículo. A marcha atrás farase seguindo un réxime uniforme de marcha, deixando o vehículo ou conxunto de vehículos sensiblemente centrado.

Ao realizar a manobra non se deberá subir ao bordo nin forzalo con ningunha das rodas, pisar ou exceder as marcas que delimitan o carril con algunha das súas rodas, así como deter o vehículo ou conxunto de vehículos, nin realizar movementos da dirección do vehículo inmovilizado, derrubar, golpear, empurrar, rozar ou tocar os balizas ou outros elementos utilizados para delimitar o espazo.

Nos conxuntos de vehículos con remolque co eixe dianteiro móbil, permitirase un movemento de rectificación cara adiante.

A manobra, ben xirando á dereita ben á esquerda, simularase utilizando bordos fixos que estarán delimitados no seu inicio e final con balizas de suficiente altura. O lado oposto ao bordo delimitarase con marcas.

Dimensións:

- Lonxitude de cada un dos tramos rectos: 10 metros, como mínimo.
- Ángulo da curva: 90° aproximadamente.

- Raio da curva: 3,50 metros, como mínimo.
- Largura do carril:
 - vehículos rixidos: 3,50 metros.
 - vehículos articulados con eixe do semirremolque rixido e conxuntos con remolque dun só eixe: de 3,50 a 4,50 metros.
 - vehículos articulados con eixe do semirremolque autodireccionable: de 3,50 a 4,50 metros.
 - conxuntos de vehículo rixido e remolque con eixe dianteiro móbil: 7 metros.

H) Cambio do sentido da marcha utilizando as velocidades cara adiante e cara atrás, en espazo limitado.

O aspirante, entrando pola dereita no sentido da marcha nunha rúa simulada sen saída, unha vez no interior do espazo delimitado xirará á esquerda para, posteriormente, ao non poder saír neste movemento, realizar un movemento en marcha atrás e outro cara adiante para saír pola dereita e en sentido contrario ao de entrada.

Ao realizar a manobra non se deberá, con ningunha das rodas, subir ao bordo ou forzalo, nin efectuar máis dun movemento cara atrás, nin derrubar, golpear, empurrar, rozar ou tocar o cono.

A rúa deberase simular ou delimitar mediante bordos. Para delimitar o sentido da marcha (entrada e saída) da rúa, no eixe lonxitudinal desta colocárase un cono a 3 metros da entrada, ou a 2 metros da entrada para o permiso da clase AM.

Dimensións da rúa simulada:

- Lonxitude: 10 metros, como mínimo, excepto para a LVA que será de 15 metros, como mínimo e 7 metros para o permiso da clase AM.
- Largura: 75%, como mínimo, do diámetro de xiro do vehículo, excepto para a LVA, que será do 95%, como mínimo, e 5 metros para o permiso da clase AM.

I) Estacionamento e saída do espazo ocupado ao estacionar (en liña, oblicuo ou perpendicular), utilizando as marchas cara adiante e cara atrás, en chan ou en pendente ascendente ou descendente.

Superado o espazo destinado ao estacionamento coa parte posterior do vehículo ou conxunto de vehículos, o aspirante deterá aquel, situándoo paralelamente ao bordo. A seguir, iniciará a manobra circulando marcha atrás sen brusquidades nin movementos da dirección co vehículo inmovilizado para situalo dentro do espazo destinado ao estacionamento. O número máximo de movementos para estacionar serán tres. Entenderase por movemento cada vez que se cambie o sentido do desprazamento.

No estacionamento en liña, o vehículo ou conxunto de vehículos deberá quedar situado paralelo ao bordo e de forma que a parte exterior da banda de rodaxe dos pneumáticos do lado en que se estacionou, con respecto ao bordo, non sexa superior a 0,30 metros.

No caso de estacionamento en oblicuo ou perpendicular, o vehículo ou conxunto de vehículos deberá quedar centrado no espazo delimitado e sensiblemente paralelo con respecto aos límites laterais, deixando con eles espazo suficiente para se poderen abrir as portas para permitir baixar e subir ao vehículo.

Finalizado o estacionamento, sairá deste cun máximo de tres movementos.

Ao entrar ou ao saír do estacionamento non se deberá, con ningunha das rodas, subir ao bordo nin forzalo, pisar ou exceder, se for o caso, as marcas que delimiten a largura da calzada, así como derrubar, golpear, empurrar, rozar ou tocar as barreiras ou elementos que delimiten o espazo para estacionar.

Para simular e delimitar o espazo destinado a estacionamento entre vehículos poderanse utilizar barreiras ou outros elementos adecuados.

Dimensións do espazo de estacionamento:

- Estacionamento en liña.
 - A lonxitude será, como mínimo, vez e media o longo do vehículo. A medida de referencia para o permiso da clase AM será de 5 metros.
 - A largura do estacionamento será de 2 metros.

- Estacionamento en oblicuo ou perpendicular.
- A lonxitude será, como mínimo, o longo do vehículo.
- A largura será de 2,50 metros.

Largura da calzada para realizar a proba

- Estacionamento en liña:

A largura será de 6 metros polo menos, delimitado por un bordo fixo no lado da calzada en que a manobra teña lugar, debendo existir a partir del unha beirarrúa ou espazo, de polo menos 1 metro de largo.

- Estacionamento en oblicuo ou perpendicular:

A largura será dúas veces a lonxitude do vehículo.

Desnivel máximo da pendente: 10%

J) Freada para deter o vehículo con precisión utilizando, se for necesario, a capacidade máxima de freada daquel.

O aspirante, circulando a unha velocidade non inferior a 30 quilómetros por hora, deterá o vehículo á orde do examinador, utilizando, se for necesario, a máxima capacidade de freada daquel.

O aspirante comprobará polos espellos retrovisores que pode efectuar a detención en condicións de seguranza, manterá a traxectoria do vehículo e inmovilizarao sen calar o motor.

K) Estacionamento seguro para cargar ou descargar nunha rampla ou plataforma de carga ou instalación similar.

O aspirante deberá situar o vehículo ou conxunto de vehículos centrado e perpendicular a unha rampla, plataforma de carga ou instalación similar e a unha distancia mínima destas de 10 metros, contados desde a parte posterior da caixa do vehículo. A seguir, partindo da situación do vehículo en repouso, dará marcha atrás ata aproximar a parte posterior á rampla, plataforma ou instalación similar, deixando a caixa ou compartimento de carga centrada e a unha distancia non superior a 0,60 metros daqueles e sen tocalos.

Durante a realización da manobra cara atrás para aproximar o vehículo á rampla, plataforma ou instalación similar, o aspirante poderá descender unha vez para efectuar as comprobacións que precise.

A rampla, plataforma de carga ou instalación similar poderase simular utilizando barreiras ou outros elementos similares.

Dimensións da rampla, plataforma de carga ou instalación similar.

- Largura: 3,50 metros
- Altura: 1,20 metros

Dimensións da rúa.

- Lonxitude: 25 metros como mínimo
- Largura: 6 metros como mínimo

L) Estacionar para deixar que os pasaxeiros entren e saigan con seguranza.

Durante o desenvolvemento da proba, o aspirante deberá realizar un estacionamento no lado dereito, deixando o vehículo paralelo e a 20 centímetros como máximo do bordo e de maneira que ningún obstáculo impida aos pasaxeiros subiren e baixaren con seguranza cando accione o mando de apertura da porta posterior; a seguir procederá a cerrar a porta e saír do estacionamento. O número máximo de movementos tanto para estacionar como para saír será un. Esta manobra non se realizará nunca marcha atrás.

Dimensións da rúa simulada.

- Largura: 6 metros como mínimo

Dimensións do estacionamento.

- Separación lateral ao iniciar a manobra: 1,20 metros.
- Lonxitude: o dobre da lonxitude do vehículo ou conxunto de vehículos que se van estacionar, como mínimo.
- Espazo libre de obstáculos para os pasaxeiros subiren e baixaren con seguranza: 1,50 metros

M) Enganche e desenganche do remolque.

Despois de inmovilizar adecuadamente o conxunto, o aspirante procederá a desenganchar o remolque ou semirremolque, deixando o vehículo tractor ao lado do remolque (é dicir, non en liña). O remolque ou o semirremolque deberá quedar debidamente inmovilizado e o semirremolque apoiado sobre os seus soportes.

O aspirante circulará co vehículo tractor cara adiante para se situar de novo diante do remolque ou semirremolque, a unha distancia de dez metros como mínimo.

Situado o vehículo tractor conforme se indica no parágrafo anterior, o aspirante dará marcha atrás aproximándoo ao remolque ou ao semirremolque ata efectuar o enganche, así como a conexión dos demais elementos de unión, tales como o cable dos sistemas de iluminación e sinalización óptica e todos os elementos de seguranza de que dispoña o conxunto, para a súa correcta posta en orde de marcha. Efectuada a conexión, segundo proceda, retirará os calzos, se os utilizou, colocándoos en lugar adecuado, e recollerá os soportes do semirremolque.

Durante a realización da marcha cara atrás para efectuar o enganche, o aspirante poderá descender unha vez do vehículo tractor para efectuar as comprobacións que precise e poder realizar o enganche adecuadamente, e poderá, no caso de remolque ou semirremolque con enganche non automático, orientar a lanza manualmente.

N) Estacionamento seguro para cargar ou descargar.

Para a execución da proba, o conxunto de vehículos deberase situar centrado e perpendicular a un bordo, a unha distancia mínima deste de 10 metros, contados desde a parte posterior do remolque. A seguir, partindo da situación do conxunto en repouso, o aspirante dará marcha atrás ata aproximar a parte posterior do conxunto ao bordo, deixando o remolque centrado e co seu extremo posterior a unha distancia non superior a 0,30 metros daquel, e sen superalo en máis de 0,20 metros.


Durante a realización da manobra cara atrás para aproximar o conxunto ao bordo, o aspirante poderá efectuar un movemento de rectificación cara adiante.

Dimensións da rúa.


- Lonxitude: 25 metros como mínimo.
- Largura: 6 metros como mínimo.

5. Presentación gráfica das manobras que se realizarán na proba de control de aptitudes e comportamento en circuíto pechado (cotas expresadas en metros)


Manobras A) E B)
Permiso da clase AM




Manobras A), B) e E)
Permiso das clases A1 e A2



Manobra C)
Zigzag entre conos para as LCM




Manobras C), D) e F)
Permiso das clases A1 e A2




Manobra G)


Marcha atrás en recta e curva efectuando un percorrido en marcha atrás, mantendo unha traxectoria rectilínea e utilizando a vía de circulación adaptada para xirar á dereita ou á esquerda nunha esquina.




Manobra H)
Cambio de sentido da marcha utilizando as velocidades cara adiante e cara atrás, en
espazo limitado
Para o permiso da clase AM



Para as demais clases de permiso




Para as LVA




Manobra I)

Estacionamento e saída do espazo ocupado ao estacionar (en liña, oblicuo ou perpendicular), utilizando as marchas cara adiante e cara atrás, en chan ou en pendente ascendente ou descendente


Para o permiso da clase AM (en liña)




Para as demais clases de permiso
(en liña)



(en oblicuo)




(en perpendicular)





MANOBRA K)

Estacionamento seguro para cargar ou descargar nunha rampla ou plataforma de carga ou instalación similar




Manobra L)


Estacionar para deixar que os pasaxeiros entren e saian con seguranza



Manobra M) Enganche e desenganche do remolque



Manobra N)
Estacionamento seguro para cargar ou descargar



6. Formación práctica e aprendizaxe para a obtención do permiso das clases A1 e A2.

De acordo co establecido no artigo 55.4, unha vez superada a proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado, a Xefatura Provincial de Tráfico outorgará ao aspirante unha autorización administrativa que o faculte para completar a súa formación práctica e realizar a aprendizaxe en vías abertas ao tráfico xeral.

Esta formación realizarase conducindo sen acompañante unha motocicleta das características establecidas no anexo VII, baixo a dirección e control inmediatos dun profesor de formación viaria en posesión da correspondente autorización de exercicio e do permiso de condución en vigor da clase A con máis de 1 ano de antigüidade.

Na citada autorización, que terá un período de vixencia de seis meses, constarán, polo menos, os datos da escola, o aspirante, o profesor e a matrícula da motocicleta que se vai utilizar, así como as datas de expedición e vixencia.

O aspirante deberá levar consigo a autorización durante a realización da aprendizaxe e da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e deberá exhibila cando sexa requirido pola autoridade ou os seus axentes ou polos funcionarios da Xefatura Provincial de Tráfico. Se non o fixer, non poderá realizar a aprendizaxe nin a proba nin o profesor impartirlle a ensinanza ou acompañalo durante a proba.

Durante a formación, o profesor que imparta as ensinanzas prácticas de condución e circulación dirixirá a aprendizaxe desde unha motocicleta ou un turismo conducido por el mesmo que circulará próximo á motocicleta, desde o cal dará ao alumno as instrucións precisas por medio dun intercomunicador bidireccional (transmisor-receptor) constituído por un micrófono e un altafalante de mans libres que lle permita unha eficaz comunicación oral con aquel. Tanto o profesor como a motocicleta e o vehículo de acompañamento deberán estar dados de alta na escola ou sección en que o aspirante realice a aprendizaxe. Non será necesario que o vehículo de acompañamento estea dotado de dóbres mandos.

Durante a realización da aprendizaxe o aspirante deberá levar un chaleco reflector homologado en que figure estampado ou impreso o sinal V-14 previsto no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que deberá ser visible polos usuarios que circulen por detrás.

7. Desenvolvemento da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

De acordo co establecido no artigo 43.6, o desenvolvemento da proba axustarase ás prescricións seguintes:

1. Durante a realización da proba irá ao dobre mando do vehículo o profesor ou o acompañante que, legalmente autorizado para o efecto para conducir o vehículo de que se trate, impartise ao aspirante a ensinanza práctica de condución e circulación durante a aprendizaxe, excepto cando se trate de solicitantes de permiso que autoriza para conducir motocicletas.

2. O profesor será o responsable da seguranza da circulación, polo que se absterá de realizar calquera acción que poida distraer a súa atención, a do aspirante ou a do funcionario encargado de cualificar a proba.

Deberá prestar a colaboración debida ao examinador e non deberá intervir no desenvolvemento da proba, sexa dando instrucións con signos, xestos, palabras sexa de calquera outra forma, ou exercendo acción directa sobre os mandos do vehículo, salvo en caso de emerxencia, erros ou comportamentos perigosos do aspirante que impliquen inobservancia de normas ou sinais reguladores da circulación ou cuestións de seguranza viaria que ameacen a seguranza da circulación, do vehículo, dos seus ocupantes ou doutros usuarios da vía.

Se o fixer, aínda que sexa debido a unha situación en que está obrigado a intervir, o examinador interromperá e suspenderá a proba tan logo como as circunstancias do tráfico ou da vía o permitan e o aspirante, salvo que a intervención sexa claramente innecesaria, será declarado non apto na convocatoria de que se trate.

3. Durante a realización da proba, o examinador encargado de cualificala será o único que dea as instrucións precisas para o seu desenvolvemento e deberá prestar

especial atención ao feito de se os aspirantes mostran soltura no manexo dos mandos do vehículo, dominio para se introduciren na circulación con seguranza e un comportamento prudente e cortés. Este é un reflexo da forma de conducir considerada na súa globalidade, que o examinador debe ter en conta para obter unha idea xeral da preparación do aspirante.

Será un criterio positivo para valorar unha condución flexible e disposta, á parte de segura, que teña en conta as condicións meteorolóxicas e da vía pública, dos demais vehículos, os intereses dos demais usuarios daquela, especialmente dos máis vulnerables, así como a capacidade de anticipación do aspirante.

4. O examinador tamén analizará do aspirante os seguintes aspectos:

a) A inclinación para xirar, os xiros en U e a conservación do equilibrio a diferentes velocidades (clases A1 e A2).

b) Control do vehículo, tendo en conta a correcta utilización dos cintos de seguranza, os retrovisores, os repousacabezas, o asento; o manexo correcto das luces e demais equipamentos; o manexo correcto do embrague, a caixa de cambios, o acelerador, os sistemas de freos, a dirección; o control do vehículo en diferentes circunstancias, a distintas velocidades; a estabilidade na estrada; a masa, as dimensións e características do vehículo; a masa e tipo de carga (clases B + E, C1, C1 + E, C, C + E, D1 + E e D + E unicamente); comodidade dos pasaxeiros (clases D1, D1 + E, D, e D + E unicamente), sen aceleracións bruscas, suavidade na condución ou ausencia de freadas.

c) Condución económica e non prexudicial para o ambiente, tendo en conta as revolucións por minuto, o cambio de marchas, a utilización de freos e acelerador (clases B + E, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D e D + E, unicamente).

d) Capacidade de observación: observación panorámica; utilización correcta dos espellos; visión ao lonxe, mediana, próxima.

e) Incorporación á circulación: observación, sinalización e execución.

f) Prioridades/ceda o paso: prioridade en interseccións; ceda o paso noutras ocasións, especialmente ao cambiar de dirección, ao cambiar de carril, en manobras especiais.

g) Posición correcta na vía: posición correcta na calzada, nos carrís, nas rotondas, nas curvas, posición apropiada tendo en conta o tipo e características do vehículo; preposicionamento.

h) Distancias: a distancia adecuada de separación frontal e lateral e a distancia adecuada dos demais usuarios da vía pública.

i) Velocidade: non superior á autorizada; adecuación da velocidade ás condicións meteorolóxicas e do tráfico e, cando proceda, aos límites establecidos; condución a unha velocidade a que sempre sexa posible deterse no tramo visible e libre; adecuación da velocidade á dos demais usuarios do mesmo tipo.

j) Adiantamentos: visibilidade, posición, velocidade, distancias, finalización da manobra.

k) Semáforos, sinais de tráfico e outros factores: actuación correcta ante os semáforos; observancia das indicacións dos axentes ou, se for o caso, doutros encargados de controlar o tráfico; comportamento correcto ante os sinais de tráfico (prohibicións ou obrigas); respecto dos sinais na calzada.

l) Indicacións e advertencias: uso dos sinais oportunos cando sexa necesario, correctamente e no seu momento; reaccionar de forma apropiada ante os sinais emitidos por outros usuarios da vía.

m) Freada e detención: desaceleración no seu momento, freada e detención acordes coas circunstancias; capacidade de anticipación; utilización de varios sistemas de freada (unicamente para as clases C, C + E, D, D + E); utilización de sistemas de redución da velocidade diferentes dos freos (unicamente para as clases C, C + E, D, D + E).

5. O aspirante ao permiso das clases A1 e A2 realizará a proba conducindo sen acompañante unha motocicleta das características establecidas no anexo VII e deberá levar un chaleco reflector homologado en que figure estampado ou impreso o sinal V-14

previsto no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos que deberá ser visible polos usuarios que circulen detrás.

O examinador dirixirá a proba desde un automóbil de turismo adscrito á escola ou sección en que o interesado realizase a aprendizaxe, o cal circulará próximo á motocicleta e irá conducido polo profesor autorizado que durante a aprendizaxe impartise ao alumno a ensinanza práctica en vías abertas ao tráfico xeral. Desde este dará as instrucións precisas ao aspirante por medio dun intercomunicador bidireccional (transmisor-receptor) constituído por un micrófono e un altofalante de mans libres que permita unha eficaz comunicación oral entre ambos e cuxo uso estea autorizado pola xefatura provincial de Tráfico.

D) *Probas de control de coñecementos sobre formación práctica e exercicios prácticos para obter a autorización especial que habilite para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas*

1. Número de preguntas.

O número de preguntas formuladas nas probas de control de coñecementos sobre formación teórica será:

- a) Na proba común de control de coñecementos un mínimo de 25 preguntas e un máximo de 70.
- b) En cada unha das probas de control de coñecementos específicas, así como para o exame de cada formación de reciclaxe, un mínimo de 15 e un máximo de 40.

2. Duración das probas.

O tempo destinado á realización das probas de control de coñecementos sobre formación teórica ás cales se refire o artigo 63 será de 1 minuto por pregunta. En casos especiais, debidamente xustificadas, poderase ampliar ese tempo.

O tempo destinado á realización dos exercicios prácticos a que se refiren os artigos 64 e concordantes será o necesario para que cada un dos condutores aspirantes os realice individualmente, con eficacia e seguranza.

3. Cualificación das probas.

Para ser declarado apto nas probas de control de coñecementos a que se refire o artigo 68, os erros permitidos non serán superiores ao 10 por 100 da puntuación total da proba. No suposto de que ao aplicar ese tanto por cento o resultado sexa decimal aplicarase o enteiro inmediato superior.

Nos exercicios prácticos a que se refiren os artigos 64 e 68 será declarado non apto o aspirante que non demostre manexar con dominio e soltura os diferentes medios, ou non realice os exercicios prácticos coa seguranza e precisión requiridas.

ANEXO VII

Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos

A) *Requisitos xerais*

Os vehículos que se utilizarán na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos deben cumprir as prescricións seguintes:

1. Serán dos tipos de uso corrente, sen que se permita a utilización de dispositivos ou elementos que, non sendo estritamente de serie na gama media do vehículo de que se trate, faciliten a realización das manobras, a menos que tales dispositivos poidan ser anulados ou desconectados. Tampouco se permitirá o emprego de referencias engadidas que faciliten a realización das manobras.

Estarán sinalizados na parte dianteira e traseira co sinal V-14 previsto no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos.

2. As motocicletas e os ciclomotores estarán dotados de dous espellos retrovisores, un a cada lado.

No caso das motocicletas utilizadas para a realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral, cando polas características do vehículo non sexa posible colocar o sinal V-14 sen que impida ou dificulte a visibilidade dalgunha luz ou da placa de matrícula ou sen que, por presentar bordos ou arestas saíntes, supoña un perigo para o aspirante e para os demais usuarios da vía, poderase prescindir dela, sendo suficiente que o aspirante leve visible, para os usuarios que circulen detrás, un chaleco reflector homologado en que figure estampado ou impreso ese sinal.

3. Excepto os tractores agrícolas, os cuadríciclos lixeiros e os remolques, estarán dotados de dous espellos retrovisores exteriores a cada lado e de dous espellos retrovisores interiores, co fin de que o aspirante e o profesor ou acompañante dispoñan de espellos independentes para observar o tráfico. Os espellos retrovisores interiores poderán ser suprimidos nos camións e tractocamións.

Os autobuses deberán estar provistos, ademais, dun espello retrovisor interior que permita ao aspirante observar e controlar desde o seu asento a apertura e cerramento das portas. Os espellos retrovisores exteriores dos autobuses, camións e tractocamións deberán estar dispostos ou complementados de forma que permitan aos examinadores observar o tráfico que se aproxime por ambos os lados do vehículo.

4. Estarán provistos de embrague e cambio de velocidades manual.

Se o aspirante realiza a proba de control de aptitudes e comportamentos cun vehículo sen pedal de embrague, ou panca accionada manualmente no caso das motocicletas, esta circunstancia indicárase no permiso de condución e só habilitará para a condución dun vehículo destas características.

Entenderase por «vehículo con cambio de velocidades automático» aquel que non estea equipado con pedal de embrague ou panca accionada manualmente no caso das motocicletas.

5. Os turismos, os camións, os tractocamións e os autobuses estarán provistos, ademais, de dous mandos de freo, embrague e acelerador suficientemente eficaces e dun dispositivo unido aos pedais do dobre mando, que deberá conectar o profesor ou o acompañante ao inicio da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e que acuse de forma eficaz calquera utilización deses pedais polo profesor ou acompañante mediante un sinal acústico e outro óptico, de cor vermella, visible no taboleiro de instrumentos cando sexa accionado. Este dispositivo contará, ademais, cunha luz adicional de cor verde que permanecerá acesa cando estea conectado. A intensidade e posición dos sinais ópticos e acústicos no taboleiro de instrumentos do vehículo deberá ser a adecuada, de forma tal que sexan facilmente perceptibles polo examinador.

6. Excepto os tractores agrícolas, os ciclomotores, os cuadríciclos lixeiros, os vehículos para persoas de mobilidade reducida e os vehículos adaptados ás deficiencias da persoa que os vaia conducir, deberán poder alcanzar en chan unha velocidade de, polo menos, 90 km/h as motocicletas cuxa condución autoriza o permiso da clase A1, 100 km/h o resto das motocicletas e os turismos e 80 km/h os restantes vehículos e conxuntos de vehículos.

7. Os remolques terán dous eixes, móbil o dianteiro e fixo o traseiro, cunha separación entre ambos superior a 1 metro. O eixe dianteiro deberá ter unha barra de enganche, para que o movemento das súas rodas sexa simultáneo e conxugado. O compartimento de carga, excepto para os remolques agrícolas, consistirá nunha caixa cerrada. A largura e a altura da caixa serán, polo menos, iguais ás da cabina do vehículo tractor, excepto para o permiso das clases D1 + E e D + E.

8. Os camións e os tractocamións terán na cabina asentos homologados que poidan ser utilizados, polo menos, por catro persoas e dotados das necesarias condicións de seguranza e comodidade. No caso de que haxa máis de dous asentos en liña na parte dianteira, os dous mandos a que se refire o número 5 anterior estarán instalados fronte ao asento máis próximo ao condutor. A cabina disporá de xanelas laterais que permitan a visión directa do exterior desde calquera dos asentos. O compartimento de carga consistirá nunha caixa cerrada polo menos igual de larga e de alta que a cabina.

9. Os camións, tractocamións e autobuses estarán equipados con freos antibloqueo e o aparello de control regulado no Regulamento (CEE) nº 3821/85, do 20 de decembro de 1985.

B) *Requisitos específicos*

Os vehículos, segundo a clase de permiso ou licenza de condución solicitados, deberán cumprir, ademais das prescricións establecidas na letra A), as seguintes:

1. Os camións, remolques e semirremolques que se utilicen na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos deben levar o peso total real mínimo establecido para cada un deles nos números seguintes. Para estes efectos, entenderase por peso total real a masa en carga definida no anexo IX do Regulamento xeral de vehículos.

Para alcanzar o peso total real mínimo utilizaranse a modo de carga bloques de cemento, de fundición ou doutro material similar que se colocarán no compartimento de carga, correctamente estibados e suxeitos, para garantir a seguranza e evitar posibles desprazamentos, roces e ruídos. Cada bloque levará inscrito ou gravado o seu peso, todo isto sen prexuízo de que a Xefatura Provincial de Tráfico ou os examinadores en calquera momento poidan exixir o correspondente comprobante da pesaxe, e mesmo presenciar esta.

O compartimento de carga consistirá en:

a) Unha caixa cerrada en que todas as súas caras rectangulares están constituídas por material ríxido.

b) Unha caixa cerrada en que a plataforma ou batea e o teito ou cara superior son de material ríxido e as súas caras rectangulares laterais son de lona.

c) Unha caixa en que a plataforma ou batea e polo menos unha parte das caras laterais rectangulares son de material ríxido e o resto cerrada mediante arcos e toldo.

2. Para o permiso da clase AM, ciclomotores de dúas rodas, e cuadríciclos lixeiros con carrozaría cerrada para o da clase AM limitado á condución de ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos lixeiros.

3. Para o permiso da clase A1, motocicletas de dúas rodas simples sen sidecar de cilindrada non inferior a 120 cm³ nin superior a 125 cm³, cunha potencia máxima de 11 kw e unha relación potencia/peso non superior a 0,1 kw/kg e que alcancen unha velocidade de, polo menos, 90 km/h.

4. Para o permiso da clase A2, motocicletas de dúas rodas simples de, polo menos, 16 polgadas, sen sidecar de cilindrada non inferior a 400 cm³, cunha potencia non inferior a 25 kw nin superior a 35 kw e unha relación potencia/peso non superior a 0,2 kw/kg.

5. Para o permiso da clase B, turismos de carrozaría cerrada, dúas portas en cada lateral, catro rodas, lonxitude mínima de 3,50 metros e unha masa máxima autorizada non superior a 3500 kg. Deberán estar provistos de repousacabezas nos asentos dianteiros e traseiros.

Para o permiso da clase B con autorización para conducir conxuntos de vehículos cuxa masa máxima autorizada pase de 3500 kg sen pasar de 4250 kg, un conxunto formado por un turismo das características indicadas no parágrafo anterior e un remolque de masa máxima autorizada superior a 750 kg.

6. Para o permiso da clase BTP, un turismo das características indicadas no número anterior dunha lonxitude superior a 4 metros.

7. Para o permiso da clase B + E, un conxunto composto por un vehículo de turismo das características indicadas no número 5, ou un vehículo mixto ou un camiión, todos eles de lonxitude non inferior a 3,50 metros e masa máxima autorizada non superior a 3500 kg, e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 1000 kg, que poida alcanzar unha velocidade de polo menos 100 km/h e que non entre na categoría B. A caixa do remolque pode ser tamén lixeiramente menos larga que o vehículo tractor, a condición de que a visión traseira só sexa posible utilizando os espellos retrovisores exteriores do vehículo. A súa lonxitude, excluída a lanza ou o sistema de enganche, non será inferior a 2,50 metros. O peso total real mínimo do remolque será de 800 kg. Como excepción ao disposto na letra A) 7 poderanse utilizar remolques dun só eixe central.

8. Para o permiso da clase C1, camións dunha masa máxima autorizada non inferior a 5500 kg nin superior a 7500 kg e unha lonxitude superior a 5 metros e inferior a 7. O peso total real mínimo será de 4500 kg.

9. Para o permiso da clase C1 + E, un conxunto composto por un camión das características establecidas no número 8 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2500 kg e lonxitude, excluída a lanza ou o sistema de enganche, non inferior a 4 metros. A masa máxima autorizada do conxunto así formado non deberá superar os 12.000 kg. A caixa pode ser tamén lixeiramente menos larga que o vehículo tractor, a condición de que a visión traseira só sexa posible utilizando os retrovisores exteriores da cabina do vehículo tractor. O remolque deberá ter un peso total real mínimo de 800 kg.

10. Para o permiso da clase C, camións de masa máxima autorizada non inferior a 12.000 kg cunha lonxitude de polo menos 8 metros e unha largura de polo menos 2,40 metros, equipado cunha caixa de cambios de polo menos oito marchas cara adiante. O peso total real mínimo será de 10.000 kg.

11. Para o permiso da clase C + E:

a) Un vehículo articulado composto por un tractocamión equipado cunha caixa de cambios de polo menos oito marchas cara adiante e un semirremolque. O conxunto deberá ter unha masa máxima autorizada non inferior a 21.000 kg, unha lonxitude de polo menos 14 metros e unha largura de polo menos 2,40 metros. O peso total real mínimo do conxunto será de 15.000 kg.

b) Ou ben un tren de estrada composto por un camión das características establecidas no número 10 anterior e un remolque de lonxitude, excluída a lanza ou o sistema de enganche, non inferior a 7,5 metros. O conxunto deberá ter unha masa máxima autorizada non inferior a 21.000 kg e unha largura de polo menos 2,40 metros. O peso total real mínimo do conxunto será de 15.000 kg.

c) Tanto o remolque como o semirremolque estarán equipados con freos antibloqueo.

12. Para o permiso da clase D1, autobuses da categoría D1 de masa máxima autorizada non inferior a 4000 kg e lonxitude non inferior a 5,50 metros, cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non pase de 17.

13. Para o permiso da clase D1 + E, un conxunto composto por un autobús das características indicadas no número 12 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2500 kg, con polo menos 2 metros de largo e 2 metros de alto, e lonxitude, excluída a lanza ou sistema de enganche, non inferior a 4 metros.

O compartimento de carga do remolque terá polo menos 2 metros de largo e 2 metros de alto. A masa máxima autorizada do conxunto non deberá pasar de 12000 kg e o peso total real mínimo do remolque será de 800 kg.

14. Para o permiso da clase D, autobuses da categoría D de lonxitude non inferior a 10 metros e largura non inferior a 2,40 metros.

15. Para o permiso da clase D + E, un conxunto composto por un autobús das características establecidas no número 14 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2500 kg, largura non inferior a 2,40 metros e lonxitude, excluída a lanza ou sistema de enganche, non inferior a 4 metros. O compartimento de carga do remolque terá polo menos 2 metros de largo e 2 metros de alto e o peso total real mínimo do remolque será de 800 kg.

16. Para a licenza de condución a que se refire o artigo 6.1 alínea a) utilizarase o correspondente vehículo para persoas de mobilidade reducida.

17. Para a licenza de condución que autorice para conducir os vehículos especiais agrícolas autopropulsados a que se refire o artigo 6.1.b) utilizarase un conxunto composto por un tractor agrícola de rodas, que teña unha masa en baleiro superior a 1000 kg e unha lonxitude mínima de 3 metros, e un remolque agrícola de largura non inferior a 2 metros, lonxitude, excluída a lanza, non inferior a 4 metros e unha masa máxima autorizada superior a 750 kg.

18. Como excepción ao disposto na epígrafe A). 4, para o permiso das clases AM e A1 poderanse utilizar vehículos con cambio automático.

19. Como excepción ao disposto na epígrafe A). 7, para o permiso das clases C1 + E, D1 + E e D + E, poderanse utilizar remolques de eixes centrais fixos.

ANEXO VIII

Persoal examinador encargado de cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos

A) Condicións que debe reunir o persoal examinador

O persoal examinador encargado de cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos para a obtención de permisos e licenzas de condución, tanto en circuíto pechado como de circulación en vías abertas ao tráfico xeral, deberá reunir as seguintes condicións:

1. Preparación:

Debe posuír a preparación adecuada para avaliar a capacidade do aspirante que pretende obter a clase de permiso de condución para a cal se leva a cabo a proba.

2. Coñecementos e capacidade de comprensión sobre a condución e a súa avaliación:

Debe posuír os coñecementos, a capacidade de comprensión da condución, así como da súa avaliación, referidos ás seguintes materias:

- teoría do comportamento do condutor
- percepción do risco e formas de evitar os accidentes
- manual de base para a cualificación das probas de control de aptitudes e comportamentos
- requisitos do exame de condución
- lexislación en materia de tráfico, circulación e seguranza viaria, así como criterios para a súa interpretación
- teoría e técnicas de avaliación
- técnica e física dos vehículos
- condución defensiva
- condución económica

3. Capacidade de avaliación:

Debe posuír a capacidade para observar con precisión e avaliar o conxunto das actuacións do aspirante e, en particular, se este:

- recoñece de maneira correcta e completa as situacións perigosas
- establece unha relación adecuada entre a causa e os efectos das situacións perigosas
- demostra as súas aptitudes e recoñece os erros cometidos
- é capaz de realizar unha avaliación coherente e obxectiva das situacións anteriores

Debe, ademais, ser capaz de asimilar con rapidez a información, de seleccionar os aspectos esenciais, de prever e determinar os problemas potenciais e de desenvolver estratexias para solucionarlos, así como de reaccionar a tempo e de forma construtiva.

4. Capacidade de condución persoal:

Debe estar habilitado para a condución do tipo de automóviles a que autoriza a clase de permiso de condución á cal o aspirante desexa acceder.

5. Calidade do servizo:

Durante o desenvolvemento das probas, o examinador debe:

- tratar o aspirante de maneira respectuosa e non discriminatoria
- dar explicacións claras sobre o resultado da proba
- dar as instrucións precisas, con claridade, utilizando unha linguaxe que sexa facilmente comprensible para o aspirante

B) *Requisitos que debe reunir o persoal examinador*

Ademais das condicións sinaladas anteriormente, o persoal examinador debe reunir os requisitos seguintes:

1. Para o permiso de condución da clase B:
 - ser titular do permiso da clase B con, polo menos, tres anos de antigüidade
 - ter, como mínimo, vinte e tres anos de idade
 - ter terminado con éxito a cualificación inicial establecida na letra C) e seguir posteriormente os programas de garantía de calidade e de formación periódica establecidos na letra D)
 - posuír o título de bacharel ou equivalente ou de formación profesional de segundo grao
 - non traballar simultaneamente como profesor nunha escola particular de condutores ou prestar algún servizo a título lucrativo nesta
2. Para o permiso de condución das clases restantes:
 - ser titular dun permiso de condución de igual clase ou posuír coñecementos equivalentes mediante a adecuada cualificación profesional
 - ter exercido como examinador para a obtención do permiso da clase B durante un mínimo de tres anos. Esta condición non será obrigatoria se acredita ter conducido un mínimo de cinco anos vehículos da categoría correspondente, ou se posúe un permiso de superior clase
 - ter terminado con éxito a cualificación inicial establecida na letra C) e seguir posteriormente os programas de garantía de calidade e de formación periódica establecidos na letra D)
 - posuír o título de bacharel ou equivalente ou de formación profesional de segundo grao
 - non traballar simultaneamente como profesor nunha escola particular de condutores ou prestar algún servizo a título lucrativo nesta

3. Equivalencias:

O persoal examinador estará autorizado a realizar exames de condución para a obtención do permiso de condución das clases indicadas a seguir, consonte as seguintes equivalencias:

- para as clases AM, A1 e A2, sempre que superase a cualificación inicial a que se refire a letra C) para unha destas clases
- para as clases C1, C, D1 e D, sempre que superase a cualificación inicial a que se refire a letra C) para unha destas clases
- para as clases B+E, C1+E, C+E, D+E e D1+E, sempre que superase a cualificación inicial a que se refire a letra C) para unha destas clases

C) *Cualificación inicial*

Para ser autorizado a cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos débese seguir o programa de formación establecido pola Dirección Xeral de Tráfico, e superar as avaliacións e probas que incluírán un elemento teórico e outro práctico que en cada caso corresponda.

A formación, avaliación e cualificación das probas serán realizadas pola Dirección Xeral de Tráfico de acordo coa programación establecida.

O programa de formación versará, entre outras, sobre as materias que a seguir se especifican:

1.–Para os permisos das clases A e B:

- Seguranza viaria
- Regulamentos xerais de circulación e de condutores
- Teoría de comportamento de condutores
- Técnica e física de vehículos
- Criterios de cualificación
- Técnicas de conducción
- Técnicas de exame
- Prácticas de exame en situacións reais

2.–Para os permisos das clases BTP, C, D e E:

- Regulamentación de vehículos pesados
- Criterios de cualificación e técnicas de conducción e exame

D) *Garantía de calidade e formación periódica dos examinadores*

Co fin de garantir que os examinadores manteñan o nivel exixido, estableceranse os mecanismos de garantía de calidade e de formación periódica que a seguir se indican:

1. Garantía de calidade:

- a) A supervisión da súa actividade pola Dirección Xeral de Tráfico, co fin de que a avaliación se realice de maneira uniforme
- b) A necesidade de se someteren periodicamente á actualización dos seus coñecementos
- c) Un desenvolvemento profesional permanente
- d) A revisión periódica dos resultados das probas que realizen

A actividade do persoal examinador será obxecto de supervisión anual aplicando os mecanismos de calidade especificados no parágrafo anterior. Ademais, unha vez cada cinco anos, realizarase unha nova supervisión durante a realización das probas por un período mínimo acumulativo de, polo menos, media xornada. Cando se observen incidencias débese levar a cabo unha clarificación destas e unha posible acción correctiva.

Cando o examinador estea autorizado a cualificar probas para a obtención de varias clases de permisos de conducción, o cumprimento do requisito de supervisión para as probas dunha das clases farase extensivo a todas as clases para que estea autorizado.

2. Formación periódica:

a) Os examinadores, para conservaren a súa condición, deberán realizar unha formación periódica mínima, a intervalos regulares de catro días en total en cada período de dous anos, coa finalidade de:

- manter e actualizar os coñecementos e capacidades necesarios para a realización das probas
- desenvolver novas capacidades que se convertesen en esenciais para o exercicio da súa actividade
- garantir unha cualificación das probas conforme criterios xustos e uniformes
- manter as capacidades prácticas de conducción necesarias

b) Esta formación poderase impartir mediante sesións informativas, aulas de formación, ensino convencional ou mediante soporte informático. Así mesmo, poderase dirixir tanto a individuos como a grupos e ser substituída pola que periodicamente se debe realizar con carácter previo a unha nova acreditación de nivel.

c) Cando os examinadores non cualificasen probas para unha determinada clase de permiso nun período de vinte e catro meses, someteranse a unha reavaliación adecuada para realizar novamente tal actividade. Esta reavaliación producirase, así mesmo, con ocasión da realización da formación periódica especificada na alínea a) anterior.

d) Cando o examinador estea autorizado a cualificar as probas para a obtención de máis dunha clase de permiso de condución, o cumprimento do requisito da formación periódica relativo ás probas para unha clase de permiso farase extensivo ás demais clases, sempre que se cumpra a condición a que se refire a alínea c) anterior.

e) Cando, con ocasión da supervisión a que se refire o número 1 desta epígrafe, se aprecien na actividade dos examinadores graves deficiencias, estes deberán recibir unha formación específica previa á correspondente reavaliación.

E) Formación complementaria para examinadores que carezan dos permisos de condución das clases correspondentes ao grupo 2

O persoal examinador que pretenda ser habilitado para cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos para a obtención dos permisos a que se refire a epígrafe B).2, e careza do permiso de condución das clases correspondentes, poderá obtelo sempre que reciba a formación e supere as avaliacións teóricas e prácticas que garantan que posúe os coñecementos, así como a destreza e a habilidade no manexo do vehículo exixidos no título II, segundo a clase de permiso de condución de que se trate.

A formación, avaliación e cualificación das probas serán realizadas pola Dirección Xeral de Tráfico.